

FÓRA DE XOGO

TECENDO LECTURAS


Todos os que traballamos no ámbito do ensino e das bibliotecas escolares somos conscientes da necesidade de contarmos con ferramentas que nos axuden a ir afianzando hábitos lectores nos nosos alumnos e alumnas, a facer que non se sintan perdidos e inseguros diante dos andeis das nosas bibliotecas porque non saben cara a onde dirixir os ollos e as mans para atopar libros candidatos a encher as súas horas de lectura. Resulta fundamental contar con coleccións de referencia que vaian tecendo co tempo unha arañeira de lecturas que os acompañen, que sexan para eles un guiño de identidade co que reencontrarse e ao que regresar na busca de novos fíos dos que tirar para ir tecendo o seu propio universo de lecturas.

Nese sentido, a colección *Fóra de Xogo*, de Edicións Xerais, conseguiu nos seus máis de doce anos de vida e os seus cen volumes converterse nunha compañeira facilmente recoñecible para os mozos e mozas, nunha arca da que ir tirando historias que lles falan de conflitos persoais cos que se identifican, de problemas sociais que lles preocupan, de mundos fantásticos por descubrir, de aventuras para compartir, de momentos históricos que coñecer. E estes libros póñense ao seu dispor nunha etapa especialmente importante no seu camiñar lector xa que, segundo din os estudos, é nesa idade cando máis risco hai de perdilos como lectores. Resulta gratificante ver como se achegan aos andeis e buscan os lombos facilmente identificables da colección para comentar entre eles “Colle este; eu lino e gustoume”, ou para preguntarche “Este de que vai?”, ou para ler con calma a contracuberta na procura do fío que os enganche...

Para os que tentamos guiar os seus pasos cara aos libros, *Fóra de xogo* ten moitas vantaxes. Entre os seus títulos hai moita diversidade de autores -galegos e non galegos- e de temas, propostas novidosas e clásicos, autores para descubrir a carón doutros consagrados, narrativa e poesía. Neles poden atopar historias realistas e fantásticas, de aventuras e de sentimentos, sociais e míticas, históricas e contemporáneas. Poden achegarse a propostas puntuais ou a series que permiten ir familiarizándose cun universo literario recorrente como o que poden atopar nas exitosas pescudas de Flanagan. E toda esta variedade de fíos garante que o tecido de lecturas sexa plural e que a formación lectora no ámbito necesario da literatura xuvenil sexa sólida e sente unha base coa que poder achegarse sen complexos e sen inseguridades a outras lecturas que vaian formando o seu hábito lector.

Chegar aos cen títulos e facelo sen perder actualidade, sen esgotarse, sen diminuír a capacidade de seguir enredando os rapaces na arañeira dos fíos da lectura é un éxito que debemos recoñecer e celebrar, como todos aqueles que desde calquera recanto do mundo dos libros nos demostren que o noso sistema literario está vivo e ten autores e historias para seguir tecendo, coas artes máis antigas e tamén coas máis actuais, as prendas máis valiosas do noso fondo de armario lector.

Concha Costas



1. A SOMBRA CAZADORA

SUSO DE TORO

Código COMERCIAL: 1365001

232 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Dous irmáns viven co seu pai nunha casa totalmente arredados do mundo exterior. Fóra hai unha ameaza para todos eles que só o seu pai coñece. Un día o seu encerro vese alterado, e o seu pai advírteos: «Maxinade que a vosa sombra se separa de vós e toma vida de seu. Maxinade que a imaxe do espello toma vida propia e actúa pola súa conta. Ha chegar un momento no que teñades dificultades».

Narrada en primeira persoa, altéranse os puntos de vista de un e outro irmán en cada un dos capítulos. Con esta obra Suso de Toro inicia unha nova vía que el define como «unha aventura, unha narración mítica, que comeza lenta pero intrigante e se vai acelerando coma un *thriller*». *A sombra cazadora* será levada ao cine. Traducida ao castelán e ao portugués, así como a outras linguas europeas.

O AUTOR

Suso de Toro (Santiago, 1956), licenciado en Arte. Foi profesor de Ensino Secundario. Escritor, guionista para televisión e colaborador habitual de prensa e radio. A súa obra foi traducida a varias linguas, sendo obxecto de estudo en diversas universidades europeas e de diversas adaptacións ao cine.

Como narrador o seu primeiro relato “De 10 a 11” foi premiado en 1981 no certame do Pedrón de Ouro. A partir de entón publicou: *Caixón desastre* (1983, Xerais 1991), relatos, Premio Galicia da Universidade de Santiago; *Polaroid* (Xerais 1986), relatos, Premio da Crítica Galicia; *Land Rover* (1988), novela; “A Pasión

segundo San Mateo”, relato incluído no volume *Sede Central Relatos* (1988); “Aquí somos así, positivamente”, relato incluído no volume *Caderno de viaxe* (Xerais 1989); *Ambulancia* (Xerais 1990), novela, “Así foi doctor” (1992), relato; *Tic-Tac* (1993, Xerais 2003), novela, Premio da Crítica Española 1994; *A sombra cazadora* (Xerais 1994), novela; “Ruídos de gato”, relato incluído en *Berra liberdade* (1996), volume do que foi promotor de apoio a Amnistía Internacional; *Conta saldada* (1996), novela; *Calzados Lola* (Xerais 1997), novela, Premio Blanco Amor 1997; *Círculo* (Xerais 1998), relatos; *Non volvas* (Xerais 2000), novela, Premio da Crítica Española; *Trece badaladas* (Xerais 2002), novela, Premio Nacional de Literatura 2003, foi adaptada libremente ao cine por Xavier Villaverde co título homónimo (2003); *Morguín* (Xerais 2003); *Home sen nome* (Xerais 2006), novela.

Escrebiu os libros de xornalismo e ensaio: *F.M.* (1991), *Camilo Nogueira e outras voces. Unha memoria da esquerda nacionalista* (Xerais 1991), *Eterno retorno* (1996), *Parado na tormenta* (1996), *O país da brétema* (2000), *A carreira do salmón* (Xerais 2001), *Nunca máis Galiza á intemperie* (Xerais 2003), *Españois todos* (Xerais 2004), *Outra idea de España* (Xerais, 2005), *Ten que doer* (Xerais 2004), *Madeira de Zapatero* (Xerais 2007). Publicou ademais a obra de teatro *Unha rosa é unha rosa* (Xerais 1997) e *Servicio de urxencias* (Xerais 2002), guións de televisión. En 2005 foi publicado, na colección Crónica de Xerais, *Conversas con Suso de Toro* do que é autor e profesor Antonio Pedrós-Gascón.


O QUE DIN OS LECTORES

«A sombra cazadora representa o triunfo do amor nun universo baleiro de sentimentos.» (M. Quintáns, *O Correo Galego*).

«A sombra cazadora cóntanos como se fose a primeira vez, a versión orixinal dun relato clásico que xira en espiral ata as fronteiras anticipatorias da ciencia-ficción.» (Manuel Rivas, *El País*).

«En A sombra cazadora hai vontade de xénero, que enriquece a narrativa galega se, como é o caso, o misterio seduce con alento propio, e non queda nun relato de superficie.» (Luís Álvarez Pousa, *La Voz de Galicia*).

«Novela de imprescindible lectura que vai engaiolar non só aos lectores maduros senón (e pode que aínda máis) aos nosos adolescentes.» (Xosé M^a de Castro. *A Nosa Terra*).



2. TRISTES ARMAS

MARINA MAYORAL

Código COMERCIAL: 1365002

152 páxinas

17ª EDICIÓN

1º ciclo ESO

A OBRA

Esta é a historia dunha carta que nunca chegou ao seu destino. Tamén é a historia de dúas nenas, Harmonía e Rosa, exiliadas en Rusia, de dous amigos que se atopan en bandos opostos, dunha muller loitadora, dun carteiro namorado, dun rapaz empeñado en borrar a tristeza dos ollos dunha rapaza. É unha historia de fillos separados dos seus pais, de parellas desfeitas, de homes e mulleres zarandeados e maltratados polos ventos do odio. Pero *Tristes armas* é sobre todo unha historia de amor.

Tristes armas presenta dende un punto de vista sinxelo e profundamente humano algúns episodios da Guerra Civil, desde o punto de vista dos que non combateron, pero que sufriron as súas terribles consecuencias.

A AUTORA

Marina Mayoral nacida en Mondoñedo, é profesora de literatura española na Universidade Complutense de Madrid. Entre os seus traballos de investigación e crítica literaria destacan os estudos sobre Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, así como as análises de poesía e prosa contemporánea. Publicou en galego os libros de narrativa: *Contra morte e amor* (Xerais 1987), novela; *Unha árbore, un adeus* (1988), novela; *O reloxo da torre* (1988), novela; *Chamábase Luís* (Xerais 1989, 1999), novela, Premio Losada Diéguez, 1989; *Tristes armas* (Xerais 1994), novela e *Querida amiga* (1995), relatos, Premio Losada Diéguez, 1996 e *Ao pé do magnolio* (2004), novela e *Case perfecto* (Xerais 2007),

novela. En castelán *Cándida, otra vez* (1979), *Al otro lado* (1980), *La única libertad* (1982, 2002), *Contra muerte y amor* (1985), *Morir en sus brazos* (1989), *Recóndita Armonía* (1994), *Dar la vida y el alma* (1996), *Recuerda cuerpo* (1998) e *La sombra del ángel* (2000).

Máis información en www.marinamayoral.com/

O QUE DIN OS LECTORES

«Tristes armas vai dedicada a tódolos sentimentais e namorados. É unha historia que non poderás esquecer, na que se mestura a dor da guerra e o amor de dúas irmás exiliadas a Rusia que non teñen máis pasado que o recordo de homes e mulleres maltratados polos ventos do odio, e por futuro, o desexo de permaneceren xuntas, por riba de todo. ¡Corre á biblioteca antes de que cho quiten das mans!» (Revista *Xeito*, Colexio Santa María do Mar).

«Tristes armas é, en grande maneira, o eterno retorno a Galicia como protagonista, a saudade que todo galego leva consigo cando se topa fóra da terra para retornar a ela.» (El Progreso).

«No fondo é unha historia de amor, como tódalas miñas. Cando se rachan os vínculos da terra só queda o amor.» (Declaracións da autora recollidas en *La Voz de Galicia*).

«Foi un dos mellores libros que lin na miña vida.» (P. G. Dunha carta enviada á autora).



3. ¡ASÚSTATE, MERCHE!

FINA CASALDERREY

Código COMERCIAL: 1365003

216 páxinas

12ª EDICIÓN

1º ciclo ESO

A OBRA

Esta historia iníciase cando, a través dunha nota necrolóxica nun xornal, Auria descobre unha terrible e misteriosa razón que a empuxa ao suicidio. Por medio de Merche, o diario de Auria, e dun narrador revivimos unha viaxe por Europa. O presente e o pasado avanza paralelos. Os capítulos do pasado van dando claves para descifrar a situación actual. O descubrimento do amor, o sexo, o aborto, a amizade, os estudos, as relacións familiares... xorden dese fío argumental que resulta ser a viaxe.

A AUTORA

Fina Casalderrey (Josefina Casalderrey Fraga) (Xeve, Pontevedra 1951) é mestra e escritora. Actualmente é profesora de lingua e literatura galegas nun instituto de ensino de secundario de Marín. Colaboradora literaria dos xornais *Diario de Pontevedra* e *El Progreso*. Autora e directora de varias pezas teatrais representadas polo seu alumnado, algunhas foron recollidas en *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola. 7 pezas para representar* (Xerais, 1996). O labor na investigación etnográfica levouna a participar, dirixindo aos seus alumnos e alumnas, en concursos promovidos pola Xunta de Galicia, o Museo de Pontevedra... (traballos galardoados con diferentes premios), así como a publicar, xunto con Mariano García, *O libro da empanada* (Xerais Gastronomía, 1993), *Festas gastronómicas de Galicia* (Xerais Gastronomía, 1994) e *Repostería en Galicia* (Xerais Gastronomía, 1997) Premio Álvaro Cunqueiro de periodismo gastronómico, 1999. Publicou as seguintes obras para o público xuvenil e adolescente: *Mutacións xenéticas* (1991, Xerais 1998), novela; *¡Asústate, Merche!* (Xerais 1994), novela; *¿Sobrevives?* (Xerais 1996), novela; *A máscara de*

palma (2000), novela; *Lúas de nácara* (Xerais 2003), relatos. Para o público infantil publicou: *Dúas bágoas por Máquina* (Xerais 1992), novela, premio Merlín de Literatura infantil 1991; *A noite dos coroides* (1993), novela; “A rosquilleira” (1993), relato, premio de narración breve Casa de Galicia de León; *Cando a Terra perdeu a memoria* (1993), relato; *Chamizo* (Xerais 1994), novela; *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), novela, Premio Barco de Vapor 1995 e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996; *O estanque dos parrulos pobres* (1996), novela, premio Edebé de Literatura Infantil 1996; *Prohibido casar papá* (1996), novela, Lista de The White Ravens 1998; *¡Puag, que noxo!* (1997), conto; *Podesvir* (1997), conto; *Unha raíña negra* (1998), conto; *Cuca e o abrigo marrón* (1998), conto; *Nolo e os ladróns de leña* (1998), conto; *Ás de mosca para Anxo* (1998, Xerais 2002), novela; *Pimpín e dona gata* (1999), conto; *O misterio do cemeterio vello* (1999), novela; *Unha pantasma branca* (2001), conto; “Un saco de estrelas”, conto incluído en *Un saquiño de contos* (Xerais 2001); *O avó é sabio* (2002), conto; *O avó sae de paseo* (2002), conto; *A avoa non quere comer* (2002), conto; *A avoa ten unha menciña* (2002), conto; *Derradeira carta ós Reis Magos* (Xerais 2002), conto; *Eu son eu* (Xerais 2004), conto; *¿Quen me quere adoptar?* (Xerais, 2005), conto; *A lagoa das nenas mudas* (Xerais, 2007); *A pomba e o degolado* (Xerais 2007), novela.

Máis información en <http://fina.casalderrey.com/>

O QUE DIN OS LECTORES

«¡Asústate Merche! *é un libro que te embruxa, que te envolve, que te arrastra onda el. Cargado de sensacións, de emocións, de ilusións... Como un confidente máis vivirás os pensamentos e os sentimentos da protagonista.*» (E. Q., Gondomar).

«Chámome Esther e teño 15 anos. *Aínda non hai nin dous minutos que rematei de ler o seu fantástico libro. Síntome moi identificada con Auria, non só porque fai as mesmas cousas que facemos todos senón pola súa forma de ser, eu compréndoa... Quero que saiba que lin o seu libro en tan só catro horas, e todo de un tirón. ¡Meu Deus!*» (Dunha carta enviada á autora).

«¿Onde poderías atopar a razón que te empuxase a abandonar a persoa que máis queres do mundo? *Tal vez se agache no diario de Auria, pero ten coidado, as bágoas poden murchar a tinta?*» (Revista *Xeito*, Colexio Santa María do Mar).



4. FLANAGAN DE LUXE

ANDREU MARTÍN / JAUME RIBERA

Código COMERCIAL: 1365004

208 páxinas

7ª edición

Tradución de XAVIER R. BAIXERAS

1º ciclo ESO

A OBRA

Juan Anguera *Flanagan* é un adolescente afeccionado á investigación privada, con moita sona entre os seus colegas do instituto. Nesta ocasión, Nines, unha rapaza guapa e rica, telefona a Flanagan pedíndolle axuda para o seu amigo Ricardoalfonso. Segundo este, uns camelos perségueno para matalo, porque o acusan da desaparición dunha bolsa de droga. Flanagan decide agachar ao perseguido na casa da súa amiga, María Gual. A aparición do coche dos traficantes fainos fuxir a unha casa que os pais de Ricardoalfonso teñen na praia. Alí, Flanagan é obxecto dunha terrible broma, pero decátase disto despois de ter sufrido unha angustiosa peripecia.

Flanagan atrapado nesta perigosa aventura –onde non faltan as chantaxes, as persecucións e os secuestros– demostrará ser quen de emular aos mellores detectives profesionais. O humor e a intriga percorren as páxinas desta novela do xénero policial, sen deixar de proporcionar unha visión crítica sobre a mocidade actual.

OS AUTORES

Andreu Martín (1949) –psicólogo, guionista de cómics, coñecido autor de novela negra– e Jaume Ribera (1953) –licenciado en Ciencias da Información e tradutor, tamén guionista de cómics e autor de novela negra– iniciaron a súa fecunda relación na creación e andanzas do personaxe Flanagan coa publicación de *No pidas sardina fuera de temporada* (Premio Nacional de Literatura Juvenil, 1989). En galego e dentro da saga de

Flanagan, publicaron *Flanagan de luxe* (Xerais 1994), *Alfagan é Flanagan* (Xerais 1996), *Flanagan Blues Band* (Xerais 1996), *Flanagan 007* (Xerais 1998) e *Flanagan, só Flanagan* (Xerais 2000). A última entrega da serie é, ata o momento, *Los vampiros no creen en Flanagan* (2002). Ninguén sabe como o fan. Preguntados pola súa forma de traballar, aseguran que un escribe as vocais e o outro as consoantes.

O QUE DIN OS LECTORES

«*Unha das virtudes que ten Flanagan de luxe é a capacidade para enganchar incluso aos lectores máis perezosos que sucumben ao interese que unha trama ben montada suscita.*» (X. M. González Barreiro, *Revista Galega de Educación*).

«*Pode que Flanagan de luxe non sexa precisamente Crime e Castigo, pero se non buscas enzoufarte en lecturas mestas e pesadas, e só queres pasalo ben, recoméndochos de todo corazón.*» (I. V. R. Revista *GRUP*. Biblioteca de Narón).

«*En Flanagan de luxe atoparaste unha novela na que se mestura o humor e a intriga. Percorren as súas páxinas unha chea de aventuras nas que Flanagan terá que demostrar que está á altura de calquera detective privado.*» (Revista *Xeito*).



5. ¿QUE TE ANGUSTIA NÚRIA?

Glòria Llobet

Código COMERCIAL: 1365005

132 páxinas

ESGOTADO

3ª edición

Tradución de XAVIER R. BAIXERAS

1º ciclo ESO

A OBRA

Cando os seus pais se separaron Núria tiña doce anos, e pensaba que ningún outro desastre podería haber na súa vida que a afectaría tanto. Pero aos catorce anos todo o seu mundo se vai ver trastocado por unha nova decisión da súa nai, que vai cambiar a vida de toda a familia. David, un rapaz de dezasete anos, está a cear co seu pai cando este lle comunica algo que seguro vai producir un cataclismo na súa vida. Ninguén pode afirmar que o camiño de ambos xoves será fácil.

Novela ambientada na sociedade de hoxe, aborda os conflitos de identidade dos adolescentes en contextos familiares sometidos a situacións cambiantes. Escrita cunha linguaxe directa e desenfadada, salienta a moi coidada tradución para o galego de Xavier R. Baixeras, que conseguiu un texto de doada lectura e de interese para os xoves adultos.

A AUTORA

Glòria Llobet (Barcelona, 1956) estudou maxisterio en Valencia, onde residiu durante catro anos. Actualmente vive en Manlleu onde compaxina o seu labor de mestra e escritora. Está galardonada con diversos premios, tanto de narrativa xuvenil como de adultos. Recibiu por *¿Que te angustia Núria?* (Xerais 1995), a súa primeira novela, o Premio Vila de L' Elia de narrativa xuvenil de 1992. Outras novelas que ten publicadas orixinalmente en catalán son: *Groc de ginesta* (1995), *El diari de la Neus* (1996), *A l'ombra d' un germá bessó* (1994), *Lara, quin*

nom (1997), *Pensaré en tu* (1998), *T'escriure* (1998), *Els ulls del mirall* (1994), *Malgrat la boira* (1994), *El cor de les pedres* (2000), *I ara qué, Nuria?* (2001), *Conecta't, Silvia* (2002), *El pou* (2002).

O QUE DIN OS LECTORES

«Esta historia está contada dende dúas perspectivas distintas, a de Núría e a de David. Ámbolos dous cóntannos a historia das súas vidas a partir da separación dos pais. Os sucesos vanse superpoñendo ata chegar á unión entre o pai de David e a nai de Núría. Aínda que o conxunto, en xeral, parece adaptarse, Núría non acepta esta situación, polo que sofre diversos problemas psicolóxicos.» (V. R., do I. B. Gondomar).

«Hai libros como ¿Que te angustia Núría? que tratan os máis diversos e espiñosos temas do modo máis constructivo: a inseguridade dos rapaces trala separación dos pais.» (Silvia Gaspar, *La Voz de Galicia*).



6. CARTAS DE INVERNO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365806

128 páxinas

22ª EDICIÓN REVISADA E AUMENTADA

PREMIO RAÑOLAS 1995

1º ciclo ESO

A OBRA

Despois dunha longa estadía en Québec, o escritor Xabier Louzao volve a Galicia e atopa as cartas que o seu amigo Adrián lle escribira na súa ausencia. Unhas cartas que, nunha espiral de enigmas, descubren os estraños sucesos que está a vivir Adrián na súa nova casa e que levan a Xabier a acudir na súa axuda. Pero alí, na vella casa colonial, os dous amigos terán que enfrontarse a misterios que tal vez as persoas nin tan sequera somos quen de imaxinar.

A narración está estruturada ao xeito das monecas rusas: unha voz (en terceira persoa) que dá paso a outra voz (en primeira), que a súa vez dá paso tamén a outra voz (tamén en primeira persoa). E cando esta acaba, unha recuperación escalonada e simétrica das voces anteriores. *Cartas de inverno* recibiu o Premio Rañolas, ao mellor libro infantil e xuvenil galego do ano 1995.

O AUTOR

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), perito industrial mecánico, licenciado en Ciencias da Educación. Actualmente é profesor de Lingua e Literatura galegas nun instituto de Vigo. Codirector da colección dos textos de Lingua e Literatura galegas de E.S.O. Xerais, é autor dunha longa obra narrativa, didáctica e investigadora en lingua galega. Fundador do Colectivo Avantar e de Nova Escola Galega. Membro da Comisión de Lingua do Consello da Cultura Galega. En 2004 obtivo o Premio Irmandade do libro ao mellor autor do ano.

Ten publicado diferentes traballos de carácter teórico: *Para lermos cómics* (1989), *Os libros infantís galegos* (1989), *Ler en galego* (1990), *Os cómics nas aulas* (Xerais 1992), *A literatura infantil e xuvenil en galego* (Xerais 1999), ademais de numerosos materiais de carácter escolar.

Publicou as seguintes obras dirixidas a público xuvenil: *Rapazas* (Xerais 1993, 2003), contos; *Trece anos de Branca* (1994), novela, Premio EDEBÉ de literatura Xuvenil 1994; *Cartas de inverno* (Xerais 1995), novela, Premio Rañolas ao mellor libro xuvenil de 1995; *Amor dos quince anos, Marilyn* (Xerais 1995, 2001), contos; *O centro do labirinto* (Xerais 1997), novela; *Aire negro* (Xerais 2000), novela, Lista de Honra do IBBY 2002 e Premio Protagonista Jove 2001; “As sombras do faro”, relato publicado no libro colectivo *Historias para calquera lugar* (Xerais 2001); *Noite de voraces sombras* (Xerais 2002), novela; *Tres pasos polo misterio* (Xerais 2004), contos; *Corredores de sombra* (Xerais 2006), novela; *O único que queda é o amor* (Xerais 2007), relatos.

O QUE DIN OS LECTORES

«Intrigante e orixinal novela de terror ben estruturada e narrada con bo pulso. Moi lograda a progresión dun relato que gana en intensidade e misterio a medida que avanza a historia, atrapa o interese do lector desde as súas primeiras páxinas.» (Revista CLIJ).

«Estas son unhas cartas cheas de misterio e intriga, de medos e sucesos inesperados. Desde o principio, un sente a necesidade de saber por que as cartas que recibe a irmá do protagonista conteñen a recomendación de que se entreguen á policía e que non sexan abertas por ela.» (X. M. González Barreiro, Revista Solaina, Biblioteca Cangas).

«O libro deixoume abraçada. Creo que é un dos libros máis misteriosos que teño lido.» (S. I. R. Carta dirixida ao autor).

«O final de *Cartas de inverno* é quizais o máis impactante, é deses finais que se che quedan na cabeza. Se vos gusta o misterio recoméndovos que o leades.» (A. R. D. Revista GRUP, Biblioteca Narón).



7. EU E OS MEUS COLEGAS

AIDAN MACFARLANE / ANN MCPHERSON

Código COMERCIAL: 1365007

128 páxinas

ESGOTADO

2ª edición

TRADUCCIÓN DE MONTSERRAT PAZ

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Steve, Rachel, Tony, David, Jerry e Miranda son colegas dende a escola primaria. Agora están a pasar por momentos difíciles. A festa do Instituto remata cun paseo pola comisaría de policía onde terán que afrontar acusacións de posesión de drogas e roubo de bicicletas. A morte do seu profe de Química fará que reflexionen e sintan moi preto as consecuencias da SIDA.

Saúde, sexo, drogas e SIDA (sempre como tema informativo central), conflitos xeracionais e relixiosos, á fin e ao cabo as relacións interpersoais, son o eixo desta obra, onde tódolos personaxes sofren e aman aos seus colegas.

Narrado polos seus protagonistas en primeira persoa, a novela ofrece unha visión plural dun mesmo acontecemento e das súas implicacións para cada un dos seus participantes.

OS AUTORES

Aidan Macfarlane dirixiu o servizo de Saúde Infantil e Xuvenil para as Autoridades Sanitarias do condado de Oxford. Na actualidade é asesor por conta propia en saúde infantil e xuvenil. Ann McPherson é doutora de medicina xeral con moita experiencia nos xoves e os seus problemas, é tamén lectora do Departamento de Saúde e atención Primaria na Universidade de Oxford. As súas obras contan con millóns de lectores en todo o mundo, sendo traducidas a máis de vinte linguas. En galego teñen publicado: *Diario dun xove maniático* (Xerais 1991) *Eu tamén son maniática* (Xerais 1993), *Eu e os meus colegas* (Xerais 1995), *Novo diario dun*

xove maniático (Xerais 2000), *O diario da outra maniática* (Xerais 2000) e *Guía para xoves maniáticos* (Xerais 2004). Outros libros seus en inglés son: *Mun I feel funny*, premio do suplemento de Educación do xornal *Times*; *The virgin now boarding* e *Fresher Pressure*. Publicaron tamén un libro para pais sobre a adolescencia titulado *Teenagers: The agony, the ecstasy, the answers* (2000). Aidan Macfarlane e Ann Mcpherson teñen unha páxina web con moito éxito na que está baseada a *Guía para xoves maniáticos*, (www.teenagehealthfreak.org) que recibe máis de 150.000 visitas á semana e que gañou o premio BUPA de comunicación.

O QUE DIN OS LECTORES

«O libro fíxome pensar arredor da xente que non sabe disfrutar da vida pola droga.» (*Papel de color*, IESP. Meixueiro).

«Eu e os meus colegas é un libro funcional, pragmático e que pode amortiguar as carencias informativas sobre a SIDA na adolescencia, pero é ademais un libro de lectura entretido, aquí o seu éxito.» (X. M. Freire, *Faro de Vigo*).

«As cuestións que se presentan e mailo estilo áxil poden interesar aos lectores adolescentes.» (*La Voz de Galicia*).

«As dúbidas que podes ter pola SIDA resólveas o libro explicando os medios de transmisión e a forma de prevelos.» (A. V. F. 17 anos. Revista *GRUP*. Biblioteca de Narón).



8. CARA Á FIN DA LUZ

CARLOS VILA SEXTO

Código COMERCIAL: 1365008

192 páxinas

ESGOTADO

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

A familia Banks –os adolescentes Joseph e Shannon e os seus pais– saen de vacacións. Pola radio anuncian unha eclipse para dentro de tres días e Joseph nota algo estraño no aire, como agoiros indefinidos. Na estrada atopan un atasco e deciden tomar unha rota alternativa, pola que van parar a Nova Israel, un pobo misterioso e solitario no que quedan atrapados. Alí serán testemuñas da estraña atmosfera que semella rodear a aldea e os seus habitantes. Un diario e un curioso personaxe que aparece nos soños de Joseph daranlle a clave dun terrible segredo que se remonta cen anos atrás. Entrementres, un estraño ser obsérvaos desde as sombras. O tempo vaise acabando e a eclipse achégase.

O AUTOR

Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) é un dos autores novos da literatura galega actual. Con trece anos escribiu *Alén da aventura* (1993), Premio Rúa Nova de Narracións Xuvenís, e ao ano seguinte a súa segunda obra *Gárgola* (1993, 1998), de novo primeiro premio no mesmo concurso. Posteriormente publicou a súa terceira novela *Cara á fin da luz* (Xerais 1995).

O QUE DIN OS LECTORES


«*Ciencia ficción, misterios inquietantes e fantasía nunha entretida novela de xénero, moi ao estilo anglosaxón, escrita con habilidade e de lectura interesante.*» (Victoria Fernández, *Comunidad Escolar*).

«Carlos Vila Sexto crea en Cara á fin da luz unha desas atmosferas estarrecedoras que, entre a realidade e o soño, nos conducen a un mundo maldito. Terror. Só recomendable a partir dos 15 e para pouco impresionables.» (La Voz de Galicia).

«O autor explota con acerto un caudal de expresividade e fantasía.» (Revista CLIJ)

«Seguindo o ronsel de Stephen King, este xovencísimo narrador presenta aquí unha ficción electrizante e non apta para imaxinacións sensíbles.» (La Voz de Galicia).

«Cara á fin da luz é o sometemento da imaxinación ao servizo do lector.» (X. M. Freire, Faro de Vigo).



9. O VIOLÍN DE AUSCHWITZ

M^a ANGELS ANGLADA

Código COMERCIAL: 1365009

144 páxinas

ESGOTADO

2^a edición

TRADUCCIÓN DE XAVIER R. BAIXERAS

2º ciclo ESO

A OBRA

O violín de Auschwitz narra a historia de Daniel, un xove violonchista xudeu internado no campo de extermínio de Auschwitz, onde as condicións de vida son infrahumanas e os castigos e a morte son compañeiros habituais dos presos que sobreviven nesta porta do inferno. O comandante do campo, Saukel afeccionado á música clásica, descobre o auténtico oficio de Daniel e decide poñelo a proba: faralle construír un violín, coas medidas dos Stradivarius, que ten que ser perfecto. Daniel, sen saberlo primeiro, é obxecto dunha aposta entre o comandante e o sádico médico da SS Rascher.

Esta historia inesquecible e conmovedora, está coidadosamente reconstruída pola autora, que intercala documentos reais que amosan a crueldade do xenocidio nazi. A música –presente en toda a novela como contrapunto que proporciona harmonía a un ambiente deshumanizado e miserable–, a minuciosidade do proceso de construción do violín nunhas penosas condicións, e a solidariedade e amizade como únicos recursos contra a arbitrariedade e inxustiza, son compoñentes básicas da novela, que axiña será levada ao cine por Jaime Camino.

A AUTORA

M^a Angels Anglada (Vic, 1930, Barcelona, 1999) é unha das escritoras máis recoñecidas da literatura catalana actual. Alabada pola crítica debido ao rigor e solidez da súa obra, María Angels Anglada diversifica a súa produción literaria alternando

a poesía, a narrativa, o ensaio e a literatura infantil e xuvenil. Posuidora de importantes galardóns como o Josep Pla (1979) pola súa novela *As Cercas*, ou o Premio da Crítica (1986) por *Sandalías de escuma*. En galego publicou a súa novela *O violín de Auschwitz* (Xerais 1995).

O QUE DIN OS LECTORES

«*Relato breve, pero moi intenso, onde se comproba o vivir diario dun xudeu no campo de concentración de Auschwitz.*» (Revista *Papel de color*, IESP Meixueiro).

«*Novela escrita con grande sensibilidade, delicadeza e elegancia. A autora mantén en todo momento un ton moderado, sen caer en excesos ou descripcións descarnadas dos feitos.*» (Viqui Franco, Revista *CLIJ*).

«*O violín constitúese na metáfora do holocausto sufrido polo pobo xudeu durante a Segunda Guerra Mundial: a súa construción nunhas circunstancias de opresión e a súa liberación final son unha chamada á esperanza.*» (M^a Teresa Araújo García, *El Correo Gallego*).

«*En O violín de Auschwitz a escritura é lenta e transmite en certos momentos o peso do tempo que transcorre pesaroso e triste, salpicada por momentos pola esperanza de que a primavera florezca abonada por milleiros de cadavres.*» (X. M. González Barreiro, *Revista Galega de Educación*).



10. BIG - BANG

XOÁN BERNÁRDEZ VILAR

Código COMERCIAL: 1365010

152 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

En *Big-Bang* un grupo de astronautas chega ao Terceiro Planeta á procura de varios compañeiros misteriosamente desaparecidos. Entrementres, ten lugar a magna convulsión que produce uns cambios ambientais e ecolóxicos que case conseguen a amputación traumática da vida no planeta. Os protagonistas convértese, así, en testemuñas duns feitos que contestan a boa parte dos interrogantes científicos que se viñeran formulando ao longo do relato. *Big-Bang* é unha novela clásica de ciencia-ficción, onde se mesturan moi acertadamente o desenvolvemento dunha aventura interplanetaria e as relacións interpersoais dun reducido grupo humano sometido a unha situación límite de supervivencia, coa reflexión sobre interrogantes científicos claves no momento actual, como a orixe do universo e de tódolos seres vivos. A novela foi merecedora do Premio de Narrativa convocado polo concello de Vilalba no ano 1993.

O AUTOR

Xoán Bernárdez Vilar (Marín, 1936). Mestre e Licenciado en Xeografía e Historia. Traballou nunha institución de crédito. Dirixiu diversas revistas, fixo programas de radio. Como investigador ten publicado diversos traballos históricos, entre eles: *Galicia no século VI a. C, segundo a Ora Marítima* (1984), Premio "Galicia" da Universidade de Santiago; *A etapa portuguesa de Colón na súa viaxe a Islandia*, Premio Taboada Chivite (1993); *Vidas paralelas. A arte ó servicio do poder: Alexandre*


Augusto (2001); *Antes da invención de América e as descubertas precolombinas S. XV* (2001). Como narrador, ten publicado: *Un home de Vilameán; anatomía da Revolución Irmandiña* (1975, Xerais 1988), novela Premio Alfredo Somoza de Montevideo; *¡Ouveade, naves de Tharsish!* (1983); *Homo sapiens* (1984); *Vento do norte, vento do sur* (1985), Premio Casa de Galicia de León; *No ano do Cometa* (Xerais 1987), Premio Xerais de novela 1986; *¡Xerusalén, Xerusalén...!* (1992); *Big-Bang* (Xerais 1996), novela Premio concello de Vilalba, (1993); e *A saga da illa sen noite* (2002).

O QUE DIN OS LECTORES

«Big-Bang é a parábola dunha orixe. Nesta novela a aposta polo razoamento científico vese reforzada logo da confrontación con posturas relativas a ese fenómeno, que é, en definitiva, a dialéctica entre evolucionismo e inmanencia divina.» (Xoán C. D. Alberte, *Faro de Vigo*).

«En Big-Bang, Bernárdez realiza un exercicio prosístico de alento pioneiro no que demostra ter asimilado —e procesado con fortuna— aos grandes do xénero: Isaac Asimov, Arthur C. Clarke, Stanislav Lem... Futurible retorno ás orixes.» (*Galicia Internacional*).

«En Big-Bang, os viaxantes do espazo son testemuñas duns feitos que contestarían a boa parte dos interrogantes científicos que se veñen formulando ao longo da historia, na que non falta a ironía.» (*La Voz de Galicia*).



11. LEONEL

ANTÓN CORTIZAS

Código COMERCIAL: 1365811
224 páxinas
8ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Leonel, a primeira novela xuvenil de Cortizas, narra a historia de Miguel, un xove estudante que se despraza á aldea dos avós que apenas coñecía para pasar o verán estudando o que suspendera. Miguel non imaxinaba que este verán sería o máis apaixonante da súa vida. E non só porque se ía atopar un mundo fascinante, aínda que alleo á súa vida da cidade; nin porque se vería mergullado na solución dun apaixonante misterio; nin porque había de coñecer a Leonel e a Metralla; nin porque se namoraría de Ana...

O AUTOR

Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954), mestre de profesión, é un dos autores máis premiados e traducidos da literatura infantil e xuvenil galega. Deuse a coñecer co relato *A media muller* co que obtivo o Premio Curuxa de Humor de Fene en 1986. Dende entón publicou as seguintes obras: *Memorias dun río* (1988), Premio Barco de Vapor 1988; *Xiganano ¿onde estás?* (1990); *O conto dos sete medos* (1991), premio Barco de Vapor 1991; *O lapis de Rosalía* (1992); *A bruxa sen curuxa* (1993); *O merlo de ferro* (1995); *Os gritos das illas Lobeiras* (1995), premio Barco de Vapor 1995; *Historias e algún percance todas ditas en romance* (1996); *Leonel* (Xerais 1996); *Contos de vento e de nunca acabar* (1999); *Dominicus o dragón* (2001); *A merla de trapo* (Xerais 2001), Premio Merlín 2001; *¡Cázame ese pensamento!* (2001); *O coleccionista de sombras* (2002). Publicou tamén o libro de investigación *Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares* (Xerais

2001). Coa obra *Incrible invento de Solfis, a pianista* (1994) obtivo o Premio da Mostra de Teatro Xeración Nós.

O QUE DIN OS LECTORES


«O autor fixo, mediante esta historia, que sentira, como se fose eu a protagonista, o marabilloso que pode ser descubrir unha historia, un tesouro.» (E. S. Carta dirixida ao autor).

«Encantadora e sentimental novela, por veces realista e por veces máxica.» (La Voz de la Escuela, *La Voz de Galicia*).

«O autor demostra saber cales son os intereses dos seus lectores e recorre ao misterio, á intriga do descoñecido, sen faltar o encanto dos primeiros amores.» (Xosé M. Eiré, *A Nosa Terra*).

«Unha interesante lectura chea de intrigas e que seguro vai enganchar aos lectores.» (X. M. González Barreiro, *Revista Galega de Educación*).

«O eixo central da historia desta novela é a misteriosa presenza/ausencia dun personaxe, Leonel, que habitou a casa por uns anos e que desapareceu sen que volvera saberse de el. Este personaxe deixou unhas pistas que permiten ao protagonista e a súa amiga Ana atopar historias escritas nos lugares máis insospeitados; estas historias, colaterais ao fío central do relato e nas que predomina a fantasía, son o máis interesante do libro.» (M. J. Fernández, *CLIJ*).



12. DÍAS DE DESTERRO

XAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ

Código COMERCIAL: 1365012

104 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Días de desterro é unha novela breve, que en apenas noventa intensas páxinas, redactadas en forma de quince cartas, narra unha historia turbulenta, un pasado de droga e delincuencia que a xustiza non lle deixa esquecer ao protagonista. Un xove de vinte e dous anos, ex-heroinómano e enfermo de SIDA, vese obrigado a fuxir da cidade para evitar entrar na cadea por un atraco que cometeu hai catro anos. O encontro inesperado co mundo rural permitirlle coñecer unha sociedade chea de vellos onde as cousas parecen máis sinxelas e os praceres e as relacións humanas, quizais, máis auténticas.

Días de desterro é unha novela que atrapa ao lector desde a primeira páxina e que formula múltiples interrogantes sobre a problemática actual da mocidade urbana: a droga, a SIDA, o desemprego... Vivimos entre a sociedade urbana que afoga aos xoves e a sociedade rural onde os maiores manteñen a identidade que nos une. Conflito e identidade de moitos dos mozos galegos de hoxe. Unha novela comprometida e polémica que promoverá un grande debate entre os lectores.

O AUTOR

Xavier López Rodríguez, xornalista de profesión, traballou en periódicos como *El Correo de Zamora*, *El Norte de Castilla*, *Diario de Galicia* e *Diario 16 de Galicia*. En castelán publicou *Retrato de viejo con chupete* (1988) e *El clan de los sonámbulos* (1991). É unha das novas plumas da narrativa galega para xoves da década-

da dos noventa. Autor de títulos como *O anano enredador* (1992), *Outros heroes* (1993), *A citación* (1995), *Coma unha pluma liviá* (1995), *Días de desterro* (Xerais 1996), *Linguas longas* (1998), *Brumoso* (Xerais 1998), *O neno que matou a Deus* (1998), *Noitebra* (Xerais 1999), *Un burro hippy* (2000), *Catro pitas* (2000), *Amigo medo* (2002), *Castiñeiro e compañía* (2003) e *Destrucción* (Xerais 2003).

O QUE DIN OS LECTORES

«Un relato sedante e inquedaante onde o autor describe de forma maxistral o tempo da aldea.» (Revista *Territorios*).

«É un libro para disfrutar vellos e mozos, pero sobre todo mozos. É un libro para recollerse, nunha tarde tranquila, e disfrutar caendo na conta do inmenso valor da vida.» (Aurelia Lombao, *Galicia Sindical*).

Días de desterro é un relato sedante e inquedaante que bucea no rural. (Revista de *Xóvenes Agricultores*).

Días de desterro está redactada en forma de quince cartas, escritas polo protagonista en primeira persoa. A novela, dura ás veces, aposta por unha literatura comprometida, cos pés no chan para falar da SIDA, a droga e o desemprego. Desde logo, é un libro aberto para que calquera adulto lle bote un ollo.» (*La Voz de Galicia*).



13. A FRACTURA DO MIOCARDIO

JACQUES FANSTEN

Código COMERCIAL: 1365013

168 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE VALENTÍN ARIAS

1º ciclo ESO

A OBRA

«¡É unha fractura de miocardio!, ¡é terriblemente grave a tal cousa», diagnosticou Antón ao descubrir á nai de Martiño, inmóbil no seu leito. Morta de dous días, Martiño que vivía só con ela, non dixera nada, convencido de que «se isto se sabe, hanme meter nun orfelinato». E isto non o quere a ningún prezo.... Axiña unha decena de rapaces van atoparse no segredo, xurando que non revelarán tal cousa. Asumiren sós a morte da nai de Martiño, aos doce anos, non é doado: agacharlle o segredo a unha vila enteira, inventar unha extraordinaria solidariedade ata o punto de burlar aos adultos... durante un tempo.

O propio autor de *A fractura de miocardio* dirixiu unha película co mesmo título, que foi unanimemente saudada pola crítica. Recibiu numerosos premios, entre eles o Premio do Público nos Encontros cinematográficos de Cannes de 1990.

O AUTOR

Jacques Fansten (Paris, 1946) traballou de sempre no mundo cinematográfico. Axudante de Claude Chabrol, perseverou no seu soño de realizador. Reuniu entre os «camaradas» os cartos necesarios para producir a súa primeira película, *L' Avant-veille du grand soir* (*A antevéspera do gran serán*), unha historia de adolescentes. Conta con dez filmes, escritos e realizados. Cada película súa é unha crónica na que ten o papel primeiro a infancia. En galego publicou a novela para xoves *A fractura do miocardio* (Xerais 1996), traducida por Valentín Arias.

O QUE DIN OS LECTORES

«Un adolescente decide ocultar a morte da súa nai para evitar o seu ingreso nun orfelinato. Este acontecemento desencadea unha serie de comportamentos que, analizados dende o punto de vista estritamente didáctico, ofrecen un campo de discusión e reflexión de enormes posibilidades.» (X. M. González Barreiro, *Revista Galega de Educación*).



14. ALFAGANN É FLANAGAN

ANDREU MARTÍN / JAUME RIBERA

Código COMERCIAL: 1365014

208 páxinas

2ª edición

ESGOTADO

Tradución de XAVIER R. BAIXERAS

1º ciclo ESO

A OBRA

Nesta ocasión, Flanagan terá que investigar a desaparición dunha compañeira de clase, Nieves Mercadal, que se fugou de casa sen motivo aparente.

Coa axuda dunhas amigas, Blanca e Vanessa, e a peculiar colaboración de Charche e dun grupo de rapaciños, Flanagan consegue que sexa detido o señor Lage, xefe do pai de Nieves e presunto violador da rapaza.

A actitude do pai de Nieves e a sentenza do xuízo provocan no xove lector unha repulsa á inxustiza e a proclamación do dereito ao traballo e á liberdade.

OS AUTORES

Ver páxina 11

O QUE DIN OS LECTORES

«Non imos reiterar o recoñecemento que fixemos con anterioridade da capacidade desta parella de autores para manter a atención dos lectores nin a habilidade para situar elementos sorprendentes que choquen e descoloquen. Interesante a distancia que se mantén cos personaxes en situacións que se prestan facilmente á moralina e que deixa que sexa o propio lector o que realiza a valoración dos comportamentos.» (X. M. González Barreiro. *Revista Galega de Educación*).
«Se unha fórmula funciona, non é preciso cambiala. Andreu Martín e Jaume Ribera levan tempo explotando o xa famoso detective Flanagan, con valores de grande interese para os adolescentes e ingredientes coma o sentido do humor e a utilización dunha linguaxe coloquial, actual e moi xuvenil.» (*El Progreso*).



15. RAQUEL

ISABEL-CLARA SIMÓ

Código COMERCIAL: 1365015

192 páxinas

ESGOTADO

1ª edición

TRADUCCIÓN DE Mª DOLORES TORRES PARÍS

1º ciclo ESO

A OBRA

Raquel, unha rapaza de 17 anos, intelixente e sensible, narra a súa vida en forma de diario íntimo. Nesas páxinas verque os seus pensamentos e sensacións máis persoais: a súa dor e soidade diante da trágica morte da súa mellor amiga, os seus plans e as súas esperanzas para o futuro e a forma práctica e materialista de ver a vida que ten o rapaz do que está namorada, tan diferente da súa. A xove narradora non gosta de si mesma e, ademais, non se sente cómoda coa súa familia. As trampas do seu irmán, a dobre vida do seu pai, a debilidade da súa nai suscítanlle unha serie de interrogantes aos que non é doado responder... Pouco a pouco, a rapaza adolescente das primeiras páxinas irá achegándose a súa madurez.

A AUTORA

Isabel-Clará Simó (Alcoy, 1943) é unha das escritoras actuais máis destacadas do momento en lingua catalana. Doutora en Filoloxía Románica, catedrática de ensino medio, actualmente é profesora da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona na Facultade de Tradución e Interpretación. Combinou a docencia co xornalismo, sendo directora do semanario *Canigó*, dende 1968 ata 1983. Ten unha extensa obra narrativa, traducida a numerosas linguas, iniciada en 1978 con *És quan miro que hi veig clar*, *T'estimo Marta* (1986), *Mossén* (1987), *Els ulls de Clídice* (1990), *La salvatge* (1994), *La innocent* (1995). No terreo da literatura xuvenil publicou: *El secret d'en Toni Trull* (1986),

Raquel (1992; Xerais 1996) e *Joel* (1996, Xerais 1997), ámbalas dúas traducidas para o galego e publicadas na colección Xerais Fóra de Xogo.

O QUE DIN OS LECTORES

«*Raquel é un libro moi realista. Creo que se pode aprender moito das súas vivencias, tendo en conta que os problemas que esa rapaza tiña son os que hoxe en día pode ter calquera xove. Síntome identificada cos sentimentos da protagonista.*» (Laura Fernández. *Papel de Color*. Instituto Ricardo Mella. Vigo).

«*Narrada en forma de diario, esta é unha excelente novela de iniciación.*» (*Revista Comunidad Escolar*).

«*Raquel narrada nun ton agradable, que inspira confianza, esta novela probablemente identifique máis dunha vez á protagonista cun mesmo e se non é así quizais nos poida facer pasar unha agradable sobremesa a carón da cheminea. É magnífico ter a sensación de estar lendo algo que non é teu, como o diario doutra persoa, e que isto poida inspirarche confianza.*» (*Revista Xeada*, 1997. I.E.S. Antón Fraguas).



16. ¿SOBREVIVES?

FINA CASALDERREY

Código COMERCIAL: 1365016

160 páxinas

9ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

¿*Sobrevives?* narra a estremecedora historia de Moni, Francisco Sánchez Loiro, un mozo de dezasete anos que cursa dificultosamente os seus estudos de formación profesional. A súa reiterada mala conduta, as súas amizades sorprendentes, a súa obsesión pola caza e polos seus cans podengos, o seu resentimento oculto e as súas absurdas reaccións, unidas á vivacidade inquietante dos seus enormes ollos, non deixan de abraiar continuamente ao profesorado e aos seus compañeiros. Moni é unha permanente mancha negra que se resiste a desaparecer.

Moni, o protagonista de ¿*Sobrevives?*, vive dacabalo entre un mundo urbano que o rexeita, e no que vive dolorosamente, e un mundo rural que o acolle case amorosamente.

A AUTORA

Ver páxina 9

O QUE DIN OS LECTORES

«*Novela de corte realista que contén todas as chaves necesarias para agradar ao público ao que vai dirixida.*» (Xosé M. de Castro, *A Nosa Terra*).

«*É un libro a cada momento máis interesante.*» (Revista *Vamos*. Colexio Peleteiro).



17. FLANAGAN BLUES BAND

ANDREU MARTÍN / JAUME RIBERA

Código COMERCIAL: 1365017

232 páxinas

ESGOTADO

1ª edición

TRADUCCIÓN DE M^A DOLORES TORRES PARÍS

1º ciclo ESO

A OBRA

En *Flanagan Blues Band* o xa famoso detective Flanagan, alcu-me do quinceaneiro Juan Anguera, presenciara un asasinato no seu propio barrio. Terá que intentar demostrar a inocencia do detective Oriol Lahoz como asasino do párroco do barrio, Mosén Roberto. As xoias da familia Garreta serán o móbil do asasinato e o motivo de que o noso detective se meta en leas coa policía, coa neta dos Garreta, co anticuario MartínGala e, noutra historia paralela, co Pingüín Fedorento.

Como xa é habitual na serie Flanagan, nesta nova entrega non faltan ingredientes literarios como o sentido do humor que impregna toda a narración, a alternancia de situacións serias e cómicas (combinando maxistralmente varias tramas paralelas), a abundancia de elementos anticipadores da trama e a utilización dunha linguaxe coloquial actual e vencellada ao mundo dos mozos e mozas de hoxe mesmo.

OS AUTORES

Ver páxina 11

O QUE DIN OS LECTORES

«Narradas axilmente, con humor, deixando translucir unha certa violencia, as aventuras de Juan Anguera son cribles, verosímiles.» (XGG, *A Nosa Terra*).

«Relato cheo de emoción e aventuras, que se estrutura nun prólogo, no que se adianta o desenlace da historia, oito capítulos e un

epílogo. Flanagan, nesta ocasión, terá que desvelar o misterioso caso do cura Mosén Roberto.» (Os libros infantís e xuventís, Galix, Consellería de Cultura).

«Entre os títulos a destacar no ano 1997 non podía faltar, Flanagan Blues Band, un representante da serie Flanagan, unha das máis seguidas polos lectores adolescentes galegos.» (La Voz de Galicia).



18. O CENTRO DO LABIRINTO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365018

216 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

A acción de *O centro do labirinto* transcorre a mediados do século XXI. Aínda que o proceso de globalización mundial, acompañado da extensión do pensamento único e da uniformización cultural, xa comezara a finais do século XX, só se consolidou definitivamente cando entraron as Leis de Unificación, no ano 2020. Unhas leis que provocaron a resistencia dun sector minoritario da poboación, recluso agora na ZNC (Zonas Non Controladas) que se crearon especialmente para acoller esas minorías.

Nos anos en que transcorre a historia, o mundo está dividido en 8 zonas, das que Europa é unha delas. Nesta Europa, que vive de costas ás abrumadoras desigualdades mundiais, parece que xa só é posible unha vida baseada no consumo e no conformismo. Aínda que formalmente segue a existir un poder político, o certo é que o poder real está en mans do G-12, o grupo de persoas que dirixe os seus destinos desde a sombra.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES

«Se o valor dun libro se medise pola ambición que o autor puxo nel, entón habería que dicir que este é o meu libro máis valioso.» (O autor).

«O centro do labirinto é unha novela intensa, con mensaxe, que nos sitúa nun futuro no que se reflexiona e se fala moito dun pasado que para nós é presente.» (Concha Costas, *Novidades Xerais* 29).

«Agustín fai unha novela de teses tan atractivas como a unidade-uniformidade, a perda da memoria histórica, a relación co pasado e a tradición ou a marxinación dentro do que se podería chamar a socio-ficción.» (X. M. González Barreiro. *Revista Galega de Educación*).
«O centro do labirinto, última entrega narrativa deste veterano Robin Hood das letras infantís e xuvenís galegas, que ofrece nesta novela unha cativante trama argumental na máis pura liña do relato de futuroficción.» (Armando Requeixo. *Revista Grial*).



19. XOEL

ISABEL-CLARA SIMÓ

Código COMERCIAL: 1365019

208 páxinas

1ª edición

Tradución de Mª Dolores Torres París

2º ciclo ESO

A OBRA

Xoel é a historia do doroso proceso de maduración dun adolescente. A nai e o can de Xoel morreron o mesmo día. A nai morreu do corazón. O can foi embestido por un camiión, cando saía da casa desesperado, a ladrarlle a todo o mundo o infarto da nai de Xoel, que daquela tiña só doce anos. A partir daquel momento na vida de Xoel todo vai ser diferente: estará a piques de morrer por mor dunha afección cardíaca que o obrigará a pasar tres anos na cama; redescubrirá ao seu pai que permanecerá abnegadamente ao seu lado; coñecerá a Lourdes, unha persoa que o fará estimar o debuxo e os libros; e, sobre todo, coñecerá a Marta, o seu amor.

A AUTORA

Ver páxina 32

O QUE DIN OS LECTORES

«Máis alá das abondosas peripecias argumentais, o valioso desde libro está na agudeza con que describe os complexos cambios emocionais e vitais que leva consigo a adolescencia. Xoel é un magnífico retrato dun adolescente.» (Revista Galega do Ensino).

«En Xoel hai unha profunda e orixinal reflexión sobre a adolescencia. Xoel é unha novela conmovedora, coidadosamente construída, chea de sorpresas e de moita, moita tenrura.» (El Correo Gallego).

«Xoel é a narración dun proceso de aprendizaxe que abre a luz sobre a problemática cotiá da adolescencia dende a propia adoles-

cencia.» (Os libros infantís e xuvenís, 1997, Galix, Consellería de Cultura).

“Xoel debido ás dificultades da súa enfermidade aprenderá o verdadeiro valor da amizade e a non deixarse levar polo aburrimento. Pareceume fácil de ler, moi interesante e tamén moi indicado como lectura xuvenil.» (Josefa Soto Rodríguez, Papel de Cor, Instituto Ricardo Mella de Vigo).



20. ARNOIA, ARNOIA

X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Código COMERCIAL: 1365820

104 páxinas

6ª edición

LISTA DE HONRA do IBBY 1988

2º ciclo ESO

A OBRA

En *Arnoia, Arnoia* Nmógadah, un dos príncipes Segredos das terras de Arnoia vese preso e forzado ao exilio polo pobo dos veciños, invasores da súa terra e asasinados de Mai Loretta, quen antes de morrer lle dá dous obxectos: unha bolsiña máxica e o Libredón. Coa axuda do Libredón, Nmógadah e o Mestre Lionel libéranse dos seus captores e comezan as súas aventuras: o encontro co xigante Hannak, as fragas de Brocelandia, onde recibe a espada Milmanda, as minas de Grou...

O AUTOR

X. L. Méndez Ferrín (Xosé Luís Méndez Ferrín) (Ourense, 1938), doutor en Filoloxía, constitúe a personalidade máis significativa das letras galegas actuais. Catedrático de Literatura no Instituto Santa Irene de Vigo. Colaborador literario de *Faro de Vigo*. Director da revista de pensamento crítico *A trabe de Ouro*. Membro do grupo literario nacionalista Brais Pinto. Membro numerario da Real Academia Galega. No ano 1999 foi seleccionado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, a petición da Academia Sueca, como candidato da literatura galega ao premio Nobel.

Como narrador publicou: *Percival e outras historias* (1958, Xerais 1993), contos; *O crepúsculo e as formigas* (1961, Xerais 1990), contos; *Arrabaldo do norte* (1964, Xerais 1999), novela; *Retorno a Tagen Ata* (1971, Xerais 1987, 1996), “novelleta”; *Elipsis e outras sombras* (1974, Xerais 1995), contos; *Antón e os*

inocentes (1976), novela; *Crónica de nós* (Xerais 1980), contos; *Amor de Artur* (Xerais 1982, 1987, 1991), novela; *Arnoia*, *Arnoia* (Xerais 1985, 1990), novela, Lista de Honra do IBBY 1988; *Bretaña esmeraldina* (Xerais 1987), novela, Premio Crítica Galicia 1988; *Arraianos* (Xerais 1991), contos, Premio Crítica Galicia 1992, Premio Losada Diéguez, Premio da Crítica Española; *No ventre do silencio* (Xerais 1999), Premio Eixo Atlántico 1999, Premio da Crítica Española 2000, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2000. Unha selección dos seus contos foi preparada por Sonsoles López baixo o título *Contos* (Xerais 1988).

O QUE DIN OS LECTORES

«Arnoia, Arnoia, *este diamante de mil facetas é o relato fantástico máis fermoso que lin na miña vida.*» (Darío Xohán Cabana).
 «O que teña lido a Méndez Ferrín de antes contará con claves abondo para saborear a obra. E para os novatos, non hai talvez mellor pasaporte de ingreso no corpus ferriniano.» (Manuel Darriba, *El Progreso*).

«Arnoia, Arnoia concibida como relato xuvenil, glosa o tema do imposible retorno a un pasado idealizado, aquí a adolescencia, encarnado na patria perdida que dá nome ao libro.» (*Diccionario da Literatura Galega*. Editorial Galaxia).

«Neste magnífico libro, escrito cunha prosa que mestura con mestría a épica e a poesía, atopamos múltiples referencias ao mundo das narracións de aventuras: Tolkien, a materia de Bretaña, as mil e unha noites... que se mesturan coas da nosa tradición literaria: Cunqueiro, Risco ou as lendas de tradición oral.» (*Revista Galega do Ensino*).

«Arnoia, Arnoia é unha reflexión fantástica sobre a adolescencia e a patria perdida.» (*La Voz de Galicia*).

«Arnoia, Arnoia convertiuse nun dos textos claves da historia da literatura xuvenil en lingua galega. É, tamén, unha das obras narrativas máis fermosas de X. L. Méndez Ferrín.» (*Faro de Vigo*).



21. OS NENOS NUMERADOS

JUAN FARIÁS

Código COMERCIAL: 1365021

216 páxinas

1ª edición

Tradución de XAVIER SENÍN

1º ciclo ESO

A OBRA

Os nenos numerados recolle a conmovedora historia dun fato de rapaces internados nos anos sesenta no reformatorio coruñés de Palavea. Pés Planos, logo chamado o Iluminado, –protagonista que é da novela– rouba unhas botas na zapatería de don Manuel e encérrano no reformatorio, un edificio rodeado por un muro de cristais cravados no cemento que brillan co sol da tarde. Pés Planos coñecerá na furgoneta que o levaba desde o xulgado á Casa Grande a Juan Acost, aquel rapaz de ollos quentes e fixos que choraba por calquera cousa, pero que terá pulo dabondo para intentar saltar o muro. A fame, o frío, os celadores, a loita diaria pola supervivencia nun ambiente hostil empuxan aos rapaces a tentar fuxir, pero moi poucos se atreven e case ningún o consegue. Xabier Senín realizou a versión galega de *Os nenos numerados*, chamada a converterse en novela de referencia da dura adolescencia dos máis desgraciados rapazotes galegos de hai trinta anos.


O AUTOR

Juan Fariás, natural de Serantes, en terras de Ferrol, coñeceu desde moi novo o mundo do traballo, primeiro como mariñeiro e nos últimos tempos como guionista de programas infantís para televisión. Hoxe reside en Alcorcón. Sen embargo, o que realmente lle gusta é escribir. A pesar de residir durante boa parte da súa vida fóra da súa terra, Galicia está presente nas máis das súas obras. As paisaxes, as vilas, as aldeas, as situacións e

mesmo as personaxes de Farias son galegas. Gañador de numerosos premios, entre eles o Premio Nacional de Literatura Infantil en 1980, Juan Farias decidiu desde hai poucos anos publicar en galego. As súas obras de literatura infantil en galego son *Os Corredoiras* (1990), *O fillo do xardineiro* (1990), *Carmela* (1992), *A infancia de Mariño Piñeiro* (1992), *Cando Arturo escapou de casa* (1993), *Á sombra do mestre* (1996), *Os nenos numerados* (Xerais 1997), *Crónicas de Media Tarde* (1997), *Bastián e mailos trasnos* (1997), *A pousada do sétimo día* (1998), *Os camiños da lúa* (2000), *Ismael que foi mariñeiro* (2000).

O QUE DIN OS LECTORES

«Os nenos numerados é unha novela xuvenil que trata a problemática dos rapaces que viven nas marxes da sociedade. A descrición da vida nun ambiente pechado, a perda do sentido do tempo, a desesperanza de non saber ata cando será o encerro, o retrato dos personaxes tratados uns con tenrura e outros con verdadeira saña, o descubrimento da escala de valores que impera entre eles, son fíos de trama argumental.» (*Os libros infantís e xuvenís*, 1997, Gáliz, Consellería de Cultura).



22. ANXOS EN TEMPOS DE CHUVIA

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

Código COMERCIAL: 1365822

224 páxinas

8ª edición

LISTA DE HONRA do IBBY 2000

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Anxos en tempos de chuvia é a historia dunha rapaza e tres rapaces que morren na madrugada viguesa dun sábado nun accidente de automóbil. Moncho, irmán de Anxos, a rapaza falecida non quere aceptar as explicacións oficiais sobre a causa do accidente. A partir deste momento Moncho actúa coma un investigador, si, coma un detective que anda na procura de pegadas. Pero, en certo modo, coma un detective ó revés, porque o que Moncho busca non son as pegadas dun crime, senón pegadas dunha inocencia. A novela, cunha trama artellada moi coñecidamente, aborda dende temas tan actuais como a problemática dos accidentes de tráfico, a droga, o consumo de alcohol, a SIDA, o rock bravú, a lingua e a identidade galegas..., ata os temas de sempre da mocidade como o amor, a iniciación á sexualidade adulta, a reflexión sobre a relixión e a existencia, e sobre todo, a consideración da morte como unha experiencia vivida.

O AUTOR

Miguel Vázquez Freire (A Coruña, 1951). Licenciado en Filosofía. Profesor de Bacharelato no Instituto Eduardo Pondal de Santiago. Director da revista infantil *Golfiño*. Co-autor dos materiais educativos de Filosofía de Xerais (1990-2003) como membro do grupo de Didáctica da Filosofía Enxergo. Promotor de Pé de Imaxe e de Nova Escola Galega.

Como narrador publicou o libro de relatos *Galería de esquecidos de Feliciano Lobelos* (Xerais 1993), ademais das novelas dirixidas

ao público xuvenil e adolescente, traducidas na súa maior parte ás linguas peninsulares: *Proxecto pomba dourada* (1987, Xerais 2000); *A malvada María Xosé* (Xerais 1989); e *Anxos en tempos de chuvia* (Xerais 1997), Lista de Honra do IBBY 1999. Para o público infantil publicou: *As aventuras do Gato Bógar* (Xerais 1989); "O rapaz que non quería ser heroe nin sabía dicir amor", conto incluído no volume *Contos da campaña 3* (1992); *A cor do elefante* (1994); a peza teatral, en colaboración con Gloria Sánchez, *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (Xerais 1995); *A primeira máquina de fotos* (1998), *Contos de Reis e de Nadal* (Xerais 2007).

Como especialista en didáctica da filosofía ten publicado: *Nietzsche* (Xerais 1990); *Iniciación á Estética* (Xerais 1993); *Política e Sociedade* (Xerais 1993); *Mandar, obedecer, rebelarse* (Xerais 1996), ademais de realizar a tradución para o galego da obra de R. Descartes *O discurso do método* (Xerais 2000).

O QUE DIN OS LECTORES

«Neste libro preséntanse con rigor e amenidade temas universais como o compromiso persoal, a política, os valores éticos, o sexo, a lealdade, o amor, a morte, a búsqueda da propia identidade... incluso nos seus aspectos máis duros e comprometidos. E con algo que é moi de agradecer: en ningún momento se deixan traslucir xuízos morais.» (M. Jesús Fernández. Revista *CLIJ*).

«Un libro que pon en boga temas tan polémicos coma Deus ou o galeguismo. Un libro que nos dará que pensar máis dunha vez.» (Revista *Xeada*).

«Novela innovadora pola combinación de técnicas narrativas e pola temática controvertida.» (*Os libros infantís e xuvenís*, 1997, Gáliz, Consellería de Cultura).

«Cun envexable dominio de variados rexistros narrativos, Miguel Vázquez Freire, propón en *Anxos en tempos de chuvia*, o afondamento na problemática e na sensibilidade xuvenil tendo como punto de partida a estraña morte dunha rapaza e mais do seu mozo nun accidente de tráfico tras unha noite de marcha.» (X.A. Neira Cruz, *Tempos Novos*).



23. ¡MALDITO D.N.I.!

PEPE CARBALLUDE

Código COMERCIAL: 1365823

160 páxinas

8ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

¡Maldito DNI! é a historia dunha decisión de morrer legalmente e así vivir á marxe da burocracia moderna. O seu desexo parece ben doado nun principio, mais axiña Olimpio Montes comprenderá que non é tan sinxelo vivir indocumentado nun mundo controlado pola información. *¡Maldito DNI!*, novela moi divertida, ás veces desternillante, mantén ao lector atrapado polas situacións disparatadas, pero sempre verosímiles, que vai tecendo un home do noso tempo que pretende acometer unha loita individual contra a sociedade burocratizada na que vive, onde é moi difícil substraerse ao control que o estado realiza sobre tódolos seus cidadáns.

O AUTOR

Pepe Carballude (Xosé Carballude Blanco) é catedrático de Latín no Instituto de Ensino Secundario “Xosé Neira Vilas” de Perillo-Oleiros, A Coruña. Compaxina o exercicio da investigación e tradución coa creación no ámbito da literatura infantil e xuvenil. Tradutor para o galego das *Fábulas* de Fedro e *Sobre a amizade e sobre a vellez* de Cicerón, ámbalas dúas publicadas na colección de Clásicos en Galego da Xunta de Galicia. Entre a súa obra infantil e xuvenil convén citar: *O xilgaro pintor* (1987); *Investigación 091* (1989); *O talismán dos drúidas* (1989); *Andainas de Pedro Chosco* (1989); *Os enredos de Olalla* (1990); *O deus desaparecido* (1991), premio Barco de Vapor, escrita en colaboración con Andrés García Vilariño; *A*

fraga misteriosa (1992); *S.O.S.* (1994); *Romaxe de desventuras*; *¡Maldito D.N.I.!* (Xerais, 1998); *Mimos e máis mimos* (1999); *Andrea quere ser maior* (1999); *Paisaxe con fondo gris* (2001); *Investigación 091* (2007).

O QUE DIN OS LECTORES

«*Un libro no que se mesturan a tolemia, os sentimentos, a realidade e mesmo a fantasía co único fin do protagonista: ser feliz.*» (Revista *Xeada*, Instituto A. Fraguas).

«*Unha vez máis Pepe Carballude pon de manifesto con esta historia a súa capacidade para facer humor a partir dun tema tan serio, en principio, como é a morte.*» (M. Jesús Fernández. Revista *CLIJ*).

«*¡Maldito D.N.I.!* é unha novela moi divertida, ás veces desternillante, que mantén atrapado ao lector en situacións disparatadas pero absolutamente verosímiles. Moi recomendable para xente nova.» (Revista *Territorios*).

«*Unha historia sinxela na que os problemas que oprimen ao protagonista medran ata o punto de mergullalo en situacións case dramáticas.*» (*Eidos do Libro*).

«*A difícil existencia deste mundo burocratizado faise extensible nesta novela aos mortos. Así, o protagonista pasará por increíbles situacións unha vez que decide desfacerse do seu carnet de identidade, aínda que deba pasar por morto.*» (Silvia Gaspar, *La Voz de Galicia*).



24. EN VOZ BAIXA

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO

Código COMERCIAL: 1365024

136 páxinas

2ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

En voz baixa recolle a historia de Roberto Núñez Veiga, mozo de dezaseis anos que cursa segundo de BUP, que vive co seu pai, un xornalista que quere ser escritor. Roberto viu como se derrubaba definitivamente un castelo xa en ruínas dende había ben tempo: o matrimonio dos seus pais. Daquela os seus choros silandeiros mesturábanse coa voz de Jim Morrison, necesitando desa voz coñecida e, sobre todo, do ruído. A voz de Jim Morrison era para Roberto un acougante ruído. *En voz baixa*, –novela intimista, escrita toda ela en primeira persoa– é unha confesión descarnada, sincera, «en voz baixa», das cousas que sente un adolescente que está descubrindo a súa identidade. O protagonista desta novela, deixándose levar pola música que lle presta (onde non faltan nin Jim Morrison, nin Bob Dylan), fala sen tapuxos dos seus problemas na escola, das relacións interpersoais no seo da súa familia, do divorcio dos seus pais, dos seus avós que loitaron nunha guerra inxusta, do amor que agroma no seu peito, das súas lecturas preferidas, do pracer que lle produce a contemplación dun cadro, da necesidade de entrar no mundo do seu pai, en definitiva, de como ir recoñecéndose no espello da súa vida adulta.

O AUTOR


Antonio García Teijeiro (Vigo 1952) é mestre e exerceu a crítica como especialista de literatura infantil nos xornais e revistas máis importantes de Galicia. Como poeta publicou: *Parolando*

coa vixencia (1987), *Retorno ós lamentos* (Xerais 1988) e *Na agonia dos outonos en silencio* (2002). Ten publicada unha extensa obra poética para nenos e mozos, entre a que podemos citar obras como: *Coplas, Nenos, Aloumiños, As catro estacións, Ventos* (Xerais 1992), *Cacarabín, Cacarabón, Poemas do Sol e da Lúa, Lueiro de papel* (Xerais 1995), *Na fogueira dos versos* (Xerais 1996), Premio Merlín 1996, Lista de Honra do IBBY 1997 e Premio Pier Paolo Vergerio 1998; *Caderno de fume* (1999); *Palabras envoltas en cancións* (2000); *O que ven os ollos dos nenos* (Xerais 2001), prosa poética; e a antoloxía poética *Os nosos versos* (1997, Xerais 2003). No eido da narrativa para mozos e mozas ten publicado, entre outras obras: *A chave dos soños, Noa, O cabalo de cartón, A teima de Xan, Fantasía en Re Maior, Sempre quente o sol, Ladrándolle a lúa, Cara un lugar sen nome, En voz baixa* (Xerais, 1998), “Verbas de sal”, conto incluído en *Un saquiño de contos* (Xerais 2001), *Os peixes de cores* (Xerais 2002), *Trala liña do horizonte* (2002). Tamén preparou a *Antoloxía de Celso Emilio Ferreiro* (Xerais 1989).

O QUE DIN OS LECTORES

«En voz baixa é como Roberto, o mozo protagonista da novela, quere dirixirse aos lectores para facelos partícipes das súas angustias persoais e dos seus problemas.» (M^a J. F., Revista *CLIJ*).

«En voz baixa é unha ficción con Bob Dylan cuspiendo letras e imaxes que testemuñan que os tempos sempre cambian e as respostas sopran perpetuamente no vento.» (F. Martínez Bouzas, *O Correo Galego*).



25. DIARIO SECRETO DE ADRIAN
MOLE
SUE TOWNSEND

Código COMERCIAL: 1365025
240 páxinas
3ª edición
Tradución de MANUEL CARBALLO
1º ciclo ESO

A OBRA

Adrian Mole, un enamorado adolescente británico, detalla no seu diario de forma exhaustiva cada instante da súa turbulenta existencia. Seus informes diarios sobre os grans que aparecen no seu rostro mestúranse con pasaxes estremecedoras sobre o caótico matrimonio dos seus pais. Adrian, marabillosamente ego-céntrico, podería gobernar un mundo moito mellor se os seus parentes chiflados e os seus compañeiros de clase se apartasen do seu camiño.

A AUTORA

Sue Townsend vive en Leicester, Inglaterra. A súa serie de diarios de Adrian Mole foi traducida a vinte e cinco linguas. Esta serie inclúe catro títulos: *The Secret Diary of Adrian Mole Aged 13 3/4* (1982), primeiro traducido para o galego na colección «Fóra de Xogo»; *The Growing Pains of Adrian Mole* (1985); *True Confessions of Adrian Mole* (1989); e *Adrian Mole and the Small Amphibians* (1990).

O QUE DIN OS LECTORES

«Un libro moi divertido que non se pode deixar de ler, un clásico do xénero dos diarios adolescentes».

«A precisión e o ritmo cómico da narración deixáronme estremecida de pracer».

«A angustia da adolescencia nunca foi un tema tan serio, ao tempo que tan divertido».

«Una novela marabillosa, parece xusto que se convirta nun libro de culto como é O vixía no centeo... O libro está cheo de tenrura e é extremadamente divertido».

«Cando lin O diario secreto de Adrian Mole non só chorei, senón que sufrín e rin a cachón; tiven que me erguer e dar un paseo polo cuarto, e limpar os ollos para poder seguir lendo» (Tom Sharpe).

«Cómprao, non te arrepentirás: é o libro máis sensible e divertido sobre un adolescente que nunca se escribiu».

«Lino por vez primeira cando tiña cincuenta e cinco anos e pasei-llo a miña veciña que tiña sesenta e dous. Sentei no porche e sentinna rir durante un par de horas. Ela pasoullo a outra veciña que tiña unha filla doente na cama, e escoiteinas rir dúas casas máis alá. É un libro marabilloso».

«Leo dous ou tres libros á semana e este sempre está na miña lista para relelo, unha e outra vez».

«É un libro moi vendido en Inglaterra. Os profesores de inglés, que foron a Londres a reciclarse, o alumnado das facultades de Filoloxía... saben, todos eles, que é unha obra recomendada, polo argot que emprega e polo riso que suscita. O feito de estar traducido a vinte e cinco linguas confirma a súa aceptación». (Estro Montaña GLN).



26. A RUTINA CORSARIA

JAUREGUIZAR

Código COMERCIAL: 1365026

160 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Expósito Vindeira leva quince anos de fareiro na illa Pancha, na bocana da ría de Ribadeo. Un día decide mudar a súa vida, porque está canso de subir e baixar por unha torreta e facer os mesmos cambios de sinais. Nace así o Capitán Thunderskin. A nova vida que pretende levar requirirá dunha vestimenta axeitada, dunha arracada na orella dereita, dun barco veleiro de iroso navegar, O Repoludo, e unha tripulación de corsarios, con quen viaxar ata atopar o seu soño: coñecer o máis importante e temido pirata de tódolos tempos: Sir Francis Drake. *A rutina corsaria* é unha emocionante novela de piratas, enchida de toda a fantasía e sabedoría dos mellores relatos do xénero, nela hai anacronismos deliberados, pois conviven nesta odisea sereas, dragóns e criaturas fantásticas con teléfonos móbiles, supermercados e parques temáticos.

O AUTOR

Jaureguizar (Santiago Jaureguizar) (Bilbo, 1965). Xornalista. Traballa en *El Progreso* de Lugo. Como narrador ten publicados os seguintes libros: *Freedom spik* (Xerais 1995, 2003), narracións breves; *Comendo espaguetis diante da televisión* (Xerais 1998), novela; *As horas sucias* (Xerais 2001), novela; *Breve crónica universal da clase obreira* (2001), novela, Premio Lueiro Rey 2001; *Casa Skylab* (Xerais 2003), novela, Premio Xerais 2003; *Cabaret Voltaire* (2005), novela, Premio García Barros. Tamén é autor das novelas xuvenís *Todo a cen* (1995), *A rutina corsaria* (Xerais 1998), *Sali-*

tre (Xerais 1999), *¡Balea morta ou lancha a pique!* (Xerais 2002) e *A Cova das Vacas Mortas* (Xerais 2006), Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil. Mantén o seu blog www.cabaretvoltaire.canalblog.com/

O QUE DIN OS LECTORES

«*Unha espléndida abordaxe. Un verdadeiro alarde de creatividade con secuencias de humor delirante.*» (Manuel Darriba. *El Progreso*).

«*Jaureguizar réndelle en A rutina corsaria un tributo á novela de aventuras do século XIX.*» (F. P. Lorenzo. *El Correo Gallego*).

«*Delirante relato, parodia dos libros de aventuras, contado en clave de humor, cunha linguaxe desenfadada e áxil que converte en verosímiles as situacións máis absurdas.*» (M.J. Fernández, *Revista CLIJ*, 1999).

«*A rutina corsaria é unha emocionante novela de piratas, enchida de toda a fantasía e sabedoría dos mellores relatos do xénero. Unha aportación do bravú a un xénero clásico da literatura xuvenil.*» (*Eidos do Libro*).

«*En A rutina corsaria busquei un estilo sinxelo, fuxindo da prosa de dicionario que tanto se leva.*» (Declaración do autor á *La Voz de Galicia*).



27. O REI LAGARTO

ÁLVARO MAGALHÃES

Código COMERCIAL: 1365027

168 páxinas

1ª edición

TRADUCIÓN DE ANXO ANQUEIRA

2º ciclo ESO

A OBRA

Na casa do Joel, todo anda revirado. O seu pai, o señor Calafate está deprimido; e un espírito mau anda na adega. Cando chegan o Jorge e a Joana, deciden investigar. O espírito é un home interesado nun vello amplificador que pertenceu ao conxunto Os Rebeldes do que o señor Calafate fora o vocalista. Ao conectar o amplificador, escóitase a voz de Jim Morrison cantando: «É a fin, meu querido amigo. Non vai saír de aquí ninguén vivo. Dígovos que só nos resta morrer. Eu son o Rei Lagarto. ¡Estou vivo! Son todopoderoso e fago o que quero.»

O AUTOR

Álvaro Magalhães (Porto, 1951), ten unha obra vasta e diversificada que integra poesía, conto, novela e textos dramáticos. Pero é na literatura infantil e xuvenil onde a súa obra gaña maior dimensión: máis de dúas dúas de títulos dos que varios xa son referenciais en Portugal, como por exemplo, *Isto é que foi ser*, *Historias pequenas de bichos pequenos*, *O home que non quería soñar* (publicada na Colección «Merlín» de Xerais 1995) ou *O Reino perdido*, un dos libros de poesía para nenos máis importante da década. Na narrativa para mozos publicou *O rei lagarto* (Xerais 1998). O carácter singular da maioría das súas obras confírelle un lugar relevante no panorama editorial portugués e valeulle cinco premios da Asociación Portuguesa de Escritores e Secretaría de Estado de Cultura.

O QUE DIN OS LECTORES

«Os libros de 'Triángulo Jota' representan unha notable diferenza nun panorama editorial repleto de sucedáneos de Enid Blyton. Álvaro Magalhaes é un dos máis importantes escritores de libros para mozos e a calidade dos libros de 'Triángulo Jota'; testemuñan que en literatura o bo e útil é útil e bo.» (Jornal de Noticias/Porto).


«Un clásico do xénero en lingua portuguesa». (Jornal de Noticias/Porto).

«De destacar o modo como se combina o suspense coa vertixinosa acción. Verdadeiramente alucicante.» (Expresso/Lisboa).

«A mellor serie portuguesa de —thrillers— xuvenís en libro.» (Expresso/Lisboa).

«O Rei Lagarto recolle o mellor das características de «Triángulo Jota»: acción, intriga, suspense e un pouquiño de humor retranqueiro con Jim Morrison incluído.» (Eidos do Libro).

«O cantante de The Doors, Jim Morrison, continúa sendo fonte de inspiración para a literatura, e en O Rei Lagarto, convértese nunha forza vivinte que pode con todo.» (A Nosa Terra).



28. MUTACIÓNS XENÉTICAS

FINA CASALDERREY

Código COMERCIAL: 1365028

144 páxinas

6ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

Hadrián vai realizar o seu bautismo de voó. Pensa que as primeiras vacacións que pasará fóra do seu país serán as máis aburridas da súa vida porque convirá cun estraño ser, ao que nin sequera coñece. Estes resultarán ser trinta días de abraiante descubrimentos, ata o extremo de que Hadrián será o protagonista na solución dun terrible problema, que está a piques de rematar coa liberdade humana que un louco pretendía controlar.

A AUTORA

Ver páxina 9

O QUE DIN OS LECTORES

«Cando a comunidade científica debate as vantaxes e os inconvenientes das clonacións, Fina Casalderrey presenta esta obra na que as mutacións xenéticas de animais ocupan unha parte importante. Polo medio, a primeira viaxe en avión dun rapaz, un secuestro, unha nova amizade...» (*La Voz de Galicia*).



29. FLANAGAN 007

ANDREU MARTÍN / JAUME RIBERA

Código COMERCIAL: 1365029

208 páxinas

ESGOTADO

1ª edición

TRADUCCIÓN DE Mª DOLORES TORRES PARÍS

1º ciclo ESO

A OBRA


A irmán de Flanagan e o seu mozo desapareceron. Parece que ámbolos dous traizoaron a unha ONG, roubando unha enorme cantidade de cartos destinada a un país do Terceiro Mundo. Flanagan non pode crer esta versión dos feitos, pero é evidente que dentro da ONG hai unha «toupa» e que alguén ten interese en que estes cartos non cheguen a ese país. De Barcelona a Madrid, axudado e aparvado ao mesmo tempo por Bruna, unha rapaza que escapou da casa, Flanagan emprenderá a súa carreira contra reloxo na procura da súa irmán e da posibilidade de recuperar os cartos para os seus destinatarios.

OS AUTORES

Ver páxina 11

O QUE DIN OS LECTORES

«Narradas axilmente, con humor, deixando translucir unha certa violencia, as aventuras de Juan Anguera son cribles, verosímiles.» (XGG, *A Nosa Terra*).



30. A RECORTADA

AN ALFAYA

Código COMERCIAL: 1365030

128 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

O destino xoga con Martín, poñéndolle nas mans unha recortada e enfrontándoo a un fuxido da xustiza nos seus anos mozos. A partires dese intre a arma converterase no seu sinal de identidade. Só a lembranza de Mariña, a que fora a súa mestra e fonte dos seus soños adolescentes, lle dará pulos para resistir. Pero outro atranco do destino deixará pegadas de morte ás súas costas, condenándoo definitivamente a ser unha vítima das circunstancias. Unha novela sobre o sentido trágico da existencia, tecida sobre unha inquebrantable e intensa historia de amor.

A AUTORA

An Alfaya (Vigo, 1964) estudou na Escola de Formación do Profesorado de Vigo e Criminoloxía e detective privado na Universidade Complutense de Madrid. Co-fundadora do Teatro Avento de Vigo, obtivo diferentes premios de teatro infantil. Ten publicadas as seguintes obras: *O maquinista Antón* (1995); *O caderno azul* (Xerais 1996); *¡Sireno, Sireno!* (Xerais 1997), Premio Merlín 1997; *A recortada* (Xerais 1999); *Bua Bua Requetebua* (1999); *O baúl de Wensel* (2000); *A estrela volarina da torre colarina* (2001); *Down* (2001); “A muller prohibida”, conto incluído en *Historias para calquera lugar* (Xerais 2001); *A encontradora* (Xerais 2003); *Buguina namorada* (Xerais 2003); *A sombra descalza* (Xerais 2006) Premio Lazarillo 2005 e Premio Xosé Neira Vilas ao mellor libro infantil e xuvenil do ano 2006 e *Illa Soidade* (Xerais 2007) Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007.

O QUE DIN OS LECTORES

«Interesante obra, moi ben narrada, que revela a súa autora como unha das voces a ter en conta no variado e rico panorama da literatura infantil e xuvenil en lingua galega.» (M. J. Fernández, Revista *CLIJ*).

«A recortada é a historia de Martín, un rapaz a quen a vida se lle cruza tristeiramente para esnaquizalo por completo e para sempre. É a historia, tamén, dun amor platónico e imposible entre un alumno e a súa mestra. Pero, sobre todo, é unha reflexión sobre o destino e a fatalidade.» (Francisco Castro, *Atlántico Diario*).

«An Alfaya preséntasenos nesta novela como unha atenta observadora dos seres humanos, interesada en mostrar as complexas motivacións que determinan o seu comportamento. O resultado é unha novela moi interesante que incide no mundo da marxinalidade, desde un novo punto de vista. O tema, duro e sen concesións, artéllase mediante unha estrutura narrativa complexa e ben construída.» (M.J.F., *Fadamorgana*).

«A recortada é unha novela breve dende a friaxe da vida que nos deixa sós e xeados na man do destino.» (F. M. Bouzas, *O Correo Galego*).



31. O SACO DE SIMÓN

ANNE FINE

Código COMERCIAL: 1365031
200 páxinas
1ª edición
TRADUCCIÓN DE MONTSERRAT PAZ
1º ciclo ESO

A OBRA

Faltan once días para o grande experimento dos nenos de faría. Os rapaces están listos para guindar á canle a patadas aos seus nenos de tres quilos de faría, pero Simón non. O moneco de Simón está axudándolle a entender a súa propia vida: porque o abandonou o seu pai e o forte que foi a súa nai por telo criado soa.

A AUTORA

Anne Fine (Leicester, Gran Bretaña, 1947) estudou Historia e Ciencias Políticas e residiu en Canadá e nos Estados Unidos. Empezou a súa carreira como profesora e despois traballou en Oxfam, unha organización de loita contra a fame. Deixou estas tarefas humanitarias para dedicarse ao coidado das súas dúas fillas e foi, entón, cando se decidiu a escribir. Actualmente vive no Condado de Durham. As súas obras para nenos e mozos espertaron enorme interese e recibiron os catro galardóns máis importantes que se conceden no Reino Unido para novela infantil e xuvenil, xénero no que leva publicadas máis de vinte obras. Entre elas destacan *The Granny Project* (1983, *El proyecto abuelita*); *Madame Doubtfire* (*Señora Doubtfire*); *Bill's New Frock* (1989, Premio Smarties e Premio Nottinghamshire); *Billy y el vestido rosa*), *Goggle Eyes* (1989, Carnegie Medal Winner e premio do diario *The Guardian*; *Ojos saltones*); *The Stone Menagerie* (1991, Carnegie Medal Winner); *The Book of the Banshee* (1991, *Guerra en casa*); *The diary of a Killer Cat* (1994). *Flour Babies*

(1992, *O saco de Simón*, Xerais 2000), merecedora do Carnegie Medal Winner, do Whitbread Children's Novel Award e Boston Globe/Horn Book Honor Book, é a súa primeira obra traducida a lingua galega. Por toda a súa obra, traducida a vinte linguas, foi nomeada candidata ao Premio Andersen.


O QUE DI A CRÍTICA

«*Divertidísima e conmovedora. O saco de Simón é unha historia que anima.*» (*The Guardian*).

«*Esta historia, que conmove axiña, é imposible de deixar.*» (*The Mail on Sunday*).

«*Unha novela divertida e orixinal.*» (*Sunday Telegraph*).

«*Novela apaixonante e diferente de Anne Fine, unha das mellores autoras da literatura xuvenil en lingua inglesa.*» (*Faro de Vigo*).



32. O VIXÍA NO CENTEO

J. D. SALINGER

Código COMERCIAL: 1365032

224 páxinas

5ª EDICIÓN

TRADUCIÓN DE XOSÉ R. Fdez. RODRÍGUEZ

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA


Holden Caulfield, coñecendo que vai ser expulsado da escola, decide deixala antes. Pasa tres días na cidade de Nova York e conta a historia do que fixo e sufriu. Narrada moi subxectivamente (o protagonista fai valoracións de todo canto relata), utilizando unha linguaxe propia da mocidade e facendo unhas análises da realidade mediatizadas pola peculiar personalidade do protagonista, a través do relato asistimos á fuxida cara adiante de Holden quen, expulsado do seu elitista colexio, decide marcharse de alí e deambula polas rúas de Nova York queimando un tras outro os seus recursos de subsistencia. Personalidade nerviosa e sensible, Holden, na transición da adolescencia á madurez, enfróntase no decurso dunhas poucas horas cos grandes temas que preocupan a tódolos mozos: o seu lugar na sociedade, os valores que se afianzan e se desbotan, a actitude fronte á morte, o amor e outros sentimentos que suscita, a amizade, a iniciación ao sexo..., contado todo con humor e unha extraordinaria intensidade narrativa, nun maxistral relato en primeira persoa. Holden Caulfield é, dende 1951, ano da publicación de *O vixía no centeo*, o sinónimo de adolescente inconformista, o símbolo da autoafirmación do individuo fronte a un medio hostil. Nesos tres días, nos que cronoloxicamente se desenvolve a novela, Holden enfróntase ás súas propias contradicións e ao imperioso desexo de fuxida. Fuxir do mundo que lle agarda ao medrar, como se nese fuxir a única saída fose inmovilizar o tempo.

O vixía no centeo (*The catcher in the rye*) está considerada como un dos clásicos da literatura norteamericana contemporánea. Centos de miles de estudantes de todo o mundo descubren cada ano o pracer da literatura da man do escritor norteamericano J. D. Salinger. A súa primeira edición en galego, traducida por Xosé Ramón Fernández Rodríguez, foi publicada por Xerais dentro da súa colección «Grandes do Noso Tempo» (1990), acadando ata oito reedicións, que converten esta novela nunha das traducións para o galego máis aceptadas polo público. Os críticos entusiasmáronse pola tradución para o galego da obra do misterioso Salinger, un escritor oculto, que foxe de aparecer sequera nas lapelas dos seus propios libros.

O QUE DIN OS LECTORES

«A tradución de Xosé Ramón Fernández é moi boa; está conseguida, a lingua é áxil así como as locucións de Caulfield que non perden ápice do orixinal.» (XGG, *A Nosa Terra*).

«O vixía no centeo lese, nesta tradución de Fernández Rodríguez, como unha novela pensada e escrita en galego.» (M.Q.S., *El Correo Gallego*).



33. IONQUI

MELVIN BURGESS

Código COMERCIAL: 1365033

328 páxinas

ESGOTADO

1ª edición

TRADUCCIÓN DE MARÍA REIMÓNDEZ MEILÁN

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Tar ama a Gemma. Pero Gemma non quere atarse a nada nin a ninguén. Están fartos das súas familias. O pai de Tar, alcólico, malla na súa muller e Gemma sente que a vida na súa casa está chea de prohibicións. Queren voar: foxen a Bristol na procura de okupas. Alí compartirán toda a súa vida, incluíndo a súa adicción pola heroína, con Rob e Lily. Inician así un camiño de destrución e desesperación. Tar comenta: «se non importa non chegar aos vinte anos, non hai ningún argumento contra a heroína».

Con *Ionqui*, novela gañadora do «Carnegie Medal» e do «The Guardian Prize for fiction», Melvin Burgess debuxa con brillantez o descenso gradual na adicción ás drogas. Non hai aquí sermóns moralizantes, só a enxeñosa revelación de feitos fríos e duros. En palabras do propio autor «O libro non é real; nin sequera é unha ficcionalización da realidade. Mais todo el é certo, cada palabra». Melvin Burgess utiliza a primeira persoa en cada un dos trinta e dous capítulos da obra, dez voces diferentes que amosan unha visión, moitas veces terrible, das motivacións e dos cambios de cada un dos protagonistas. Así a personalidade de Tar muda dramaticamente no curso do libro, dende ser un rapaz solitario e agradable a ser un adicto cos nervios a flor de pel que busca pelexa. Traducida, en apenas dous anos, a vinte e cinco linguas, *Ionqui* é unha novela que persiste na memoria dos seus lectores e lectoras moito tempo despois de acadar o seu final.

O QUE DIN OS LECTORES

Ionqui foi valorada unanimemente pola crítica máis esixente de todo o mundo. «Utilizando narradores múltiples, e só recorrendo, nalgunhas poucas ocasións, á descripción de detalles explícitos, Burgess fai unha crónica dos irresistibles e lentos momentos iniciais da adicción ás drogas, capturando con devastadora precisión a combinación de inocencia, autoengano e fanfarriñadas de cada mozo; a conseguinte perda de personalidade e autorrespecto; os constantes e fracasados intentos de manter unha aparencia de control. Aínda que a linguaxe é forte, Burgess nunca xulga o comportamento dos seus personaxes, nin tampouco pontifica. Esta novela, baseada en persoas e incidentes reais, esta angustiosa narración é tan convincentemente real, como trágica» (Kirkus Reviews).

«*Ionqui* é crible e cautivadoramente amena, non puiden deixala» (Evening Standard).

«Obsesionante e singular pola penetración psicolóxica e a comprensión coa que o autor desenvolve os personaxes» (The Guardian).

«*Ionqui* é un relato novo e poderoso que ofrece poucas solucións fáciles» (The Times).



34. LUME DE BIQUEIRA

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

Código COMERCIAL: 1365034
280 páxinas
2ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Vigo de Galicia, días de outono do ano 2001. O neto de Anxo Vilariño Enríquez agradece a memoria do avó, incondicional afeccionado, socio soñador dun Celta galego e campión. O rapaz escoita, en necesarias horas de garda e de terapia para o ancián, a grande novela histórica, utópica do fútbol galego.

«Bobi» Vilanova Castro era o máis novo. Acababa de se incorporar, con a penas dezanove anos, ao primeiro equipo do Celta de Vigo, que dirixía o severo adestrador alemán Lav Zilay, un vello triunfador do fútbol europeo que obtivera dous subcampións da UEFA, finalista na Recopa, o Escudeto italiano e tres clasificacións nos mundiais. Daquela o Celta formaba con Domínguez, na portería; Pretinha, —o lateral dereito que chegara do Botafogo, unha marabilla como carrileiro—, Gaula, Rodri e Garcés na defensa; Outes —o medio centro incansable, recuperador de balóns increíbles, oriúndo de Lleida con raíces galegas—, Kristopher —o internacional dinamarqués—, Kaisser e Manríquez na media; e Djuva —a estrela do equipo, o goleador esloveno, o señor da área, o dianteiro listo e cazador dos despistes— e Rodobam na dianteira. Un equipo que o presidente Santaló preparara a golpe de talonario para participar nas competicións europeas. Bobi dera un chimpo sorprendente dende a terceira á primeira división da liga de fútbol profesional; el, soamente el representaba á canteira dos campos da Madroa e de Coia. Bobi andaba fino, era listo coma un allo, roubaba, servía, tocaba con aquel xeito seu, ao pé acariñando a pelota, era un estilista. O responsable do seu ascenso,

Xaime Barreiro, o humilde adestrador dos equipos xuvenís de base, díxolle ao seu «neniño de diamante», camiño da entrevista co presidente: Bobi, acórdate, paseniño e con humildade, non deixes que che suban os goles á cabeza».


O AUTOR

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), mestre, licenciado en Ciencias da Educación, é profesor de Lingua e Literatura galegas no ensino secundario nun instituto de Pontevedra.

Fundador e director do grupo Ancoradouro (1989-1994) ten publicado as pezas teatrais *A fraga encantada* (1987) e *A sombra da memoria* (1999). Autor dunha extensa e variada obra literaria que abrangue a creación poética, con títulos como *Gándaras* (1971); *Terra e pan* (1975); *Na vertical da noite*, Premio Cidade de Ourense 1989; *No corazón mancado*, Premio Esquíu 1989; *Banzados*, Premio Uxío Novoneyra 2000; o ensaio: *Os vellos oficios* (Xerais, 1996), *A tribo sabe* (Xerais, 1999); e o xornalismo: *Palabras de papel*, escolma de artigos de opinión publicados entre os anos 1987 e 1996. Como narrador publicou: *De ida e volta* (1975), relatos; *A entrega* (1997), relatos; *Lume de biqueira* (Xerais 1999), novela; *Quen faga voar*, (2001), novela, Premio Carvalho Calero 2000; *A memoria do boi* (Xerais 2001), novela, Premio Torrente Ballester 2000 e Premio da Crítica española 2002 e *Mar de bronce* (Xerais 2003), novela.

O QUE DI O AUTOR

«Con *Lume de biqueira* pretendía introducir a lingua galega nos estadios deportivos». «Fixen a miña novela nun contexto determinado onde os grandes directivos chegan mercando con talonario en man, desprezando aos rapaces da canteira. Eu fago crítica dende a fala; *Lume de biqueira* é unha novela polifónica na que se reivindica o uso popular do idioma e a riqueza das distintas falas». (Declaracións do autor a *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*).



35. CHAMÁBASE LUIS

MARINA MAYORAL

Código COMERCIAL: 1365035

168 páxinas

7ª edición

PREMIO LOSADA DIÉQUEZ 1989

2º ciclo ESO

A OBRA

Luís, trinta anos, dous fillos de trece e oito anos. Drogadito dende os vinte, vivía sen traballar a costa da familia e do que sacaba en arrepañar no alleo. Luís é un ser humano que se consume, fráxil coma un vidro. A súa familia é arrastrada na mesma desesperación, sempre entre o amor e a impotencia, a rabia e a resignación.

Facer dunha vida «crónica dunha morte anunciada» tampouco depende por forza do suxeito marcado. *Chamábase Luís*, de Marina Mayoral, novela editada en 1989 dentro da colección «Crónica» e reeditado en sete ocasións e agora recuperada para «Fóra de Xogo», pode ser o caleidoscopio dos reflexos dunha vida pendente da adicción á heroína con tódolos seus ingredientes, incluíndo mesmo o último castigo, a presenza da SIDA. Nove testemuños a falar, desde a súa propia óptica, sobre Luís ou sobre si mesmos. Todos vítimas dun dos maiores dramas do noso tempo.


A AUTORA

Ver páxina 7

O QUE DIN OS LECTORES

«Un asunto delicado no seu tratamento que Mayoral atacou de fronte con moi bos resultados e que conforman unha prosa dura e sensible.» (X.C.R., *El Correo Gallego*).

«Chamábase Luis *está a cabalo entre a narración e a reportaxe*.
A novela é de tal frescura, que ningún, de cantos se teñen achega-
do ao mundo da drogadición, viviuno tan intensamente e con tan-
to sabor a verdade.» (Francisco Pablos, *Faro de Vigo*).
«*Un interesante relato sobre un dos grandes problemas da nosa*
sociedade actual.» (M.V. *Faro de Vigo*).
«Chamábase Luis *existiu de verdade. Marina Mayoral coñeceuno.*
E por iso escribiu esta arrepiante novela-reportaxe.» (Francisco
Alonso, *Diario 16*).



36. NOITEBRA

XAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ

Código COMERCIAL: 1365036

120 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Nun atardecer de tormenta, dous quilómetros antes de chegar a Santiago, a moto e máis eu marchamos fóra da estrada, esvarando coma se houbese xeo no chan ou coma se estivésemos facendo surf. Ao erguerme, fun dándome de conta dos danos: tiña unha dor forte na caluga, outra no ombreiro esquerdo e outra que me collía toda a coxa dereita, desde o xeonllo ata a cadeira. A noite estaba tan escura que non puideron ver a miña moto nin o casco por ningures. Polo sabor salgado entre os labios, decateime de que non eran pingas, senón as bágoas que escapaban dos meus ollos.

O AUTOR

Ver páxina 27

O QUE DIN OS LECTORES

«O acerto da obra é esa situación sen saída na que o narrador acurrala á súa protagonista. Cando esta regresa á súa luxosa urbanización, nada volve ser igual, non deixará que ese mundo frívolo e superficial se apodere dela» (Ánxela Gracián, *Fadamorgana*).

«Se a suxestión deste mundo ao revés como mundo ao dereito xa ten o seu encanto, lean a lección para carapuchiñas desnortadas que recibe a protagonista. Tes que procurar gozar a tope do momento, porque sabes que a historia pode acabar cando menos o esperes». (Roberto G. Méndez, *O Correo Galego*).



37. CADERNO DE AGOSTO

Alice VIEIRA

Código COMERCIAL: 1365037

208 páxinas

1ª edición

Tradución de ANXO ANQUEIRA

1º ciclo ESO

A OBRA

No diario que escribe Gloria durante unhas vacacións de agosto intercala algúns capítulos da novela rosa que está escribindo a súa nai. A través das súas páxinas, personaxes e persoas comparten emocións e experiencias como se a vida transcorrera de igual xeito que unha novela ou a novela fose o espello da vida.

A AUTORA


Alice Vieira (Lisboa, 1943) formouse en Filoloxía Xermánica, iniciando a súa carreira de xornalista no ano 1964. Ten publicada unha extensa obra orixinal (18 novelas para lectores novos), adaptacións de historias tradicionais portuguesas e unha antoloxía de poesía popular para nenos. Polo conxunto da súa obra, traducida xa a dez linguas, foi nomeada en 1996 candidata ao Premio Andersen. En lingua galega ten publicados os seguintes libros: *Rosa, miña irmá Rosa* (1990), *Bloque 12, 2º esquerda*, *A Lúa non está á venda*, *Úrsula, a maior*, *Paulina ó piano* e *Caderno de agosto* (Xerais 1999). Centrada no tema da preadolescencia e adolescencia, a narrativa de Alice Vieira destaca pola forma poética e simultaneamente crítica que utiliza na abordaxe de temas moi variados. A soedade, as relacións coas persoas adultas e entre os amigos son temas recorrentes na súa obra, sendo tratados sempre con autenticidade e tenrura.

O QUE DIN OS LECTORES

«Estamos perante unha obra de linguaxe sinxela que introduce algúns elementos críticos co mundo social moderno. De xeito iróni-

co revisa a visión arcaica do amor, as escravitudes e mentiras do mundo das aspirantes a grandes modelos, as teimas da xente excesivamente preocupada pola saúde e a pervivencia do apartheid». (Estro Montaña, GNL).

«Nesta obra, o diario estival dunha adolescente, Alice Vieira volve deleitar aos seus lectores a base de humor e tenrura». (El Progreso).



38. SALITRE

JAUREGUIZAR

Código COMERCIAL: 1365038

136 páxinas

5ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

Eduardo, antes de ir ao chiringuito que atendía o seu pai, gustaba percorrer na súa Rieju o quilómetro de area da praia de Llas. Asumira a obriga de botarlle unha man cando enviuvara hai seis anos. Os clientes da baiuca están preocupados pola aparición tódalas noites dos golfinhos, que veñen atraídos por un surfista descoñecido. Mentres os rapaces se divirten, a indignación dos pescadores vai en aumento e chega ao extremo da violencia.

O AUTOR

Ver páxina 53

O QUE DIN OS LECTORES

«Nesta obra, o autor buscou a axilidade rítmica tanto na sinxeleza e na brevidade das frases como fuxindo de complexidades lingüísticas». (*El Progreso*).

«Unha novela onde se mestura unha trama de misterio con costumeiro que ás veces roza o caricaturesco». (*El Correo Gallego*).

«Un conto para xoves lectores onde o surf é o protagonista na construción dunha interesante novela». (Paulo Sá Machado, *Jornal da Maia*).



39. UNHA ESTRELA NO VENTO

LETICIA COSTAS

Código COMERCIAL: 1365039

224 páxinas

7ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Unha estrela no vento é a historia de Miguel Foz, un estudante dun instituto vigués de bacharelato de dezasete anos. Comproba como o seu mundo derrúbase dun día para outro; farto do seu pai, da súa profesora de literatura, de toda a xente que o rodea, síntese que é diferente a todos. Recibe unha boa malleira, que o deixa eivado na casa durante días, mentres os seus colegas que frecuentan a sala de billar da cervexería Lagoa deciden vingarse por el. Ábrese un enfrontamento entre dúas pandas que será moi diferente ao que todos eles agardan. Miguel Foz atopará no seu curmán Abel, que padece unha minusvalía física, e en Reina, unha moza xitana que vende rosas, o que é a solidariedade e o amor. Reina e Abel ensinaranlle a ver a vida dun xeito distinto.

A AUTORA

Leticia Costas Álvarez (Vigo, 1979). Estudiante de Dereito Económico. Desde moi nova interésase por todo o vencellado á literatura, en especial á literatura galega, atopando na maxia dos libros un modo de vida. *Unha estrela no vento* (Xerais 1999) é a súa primeira novela.

O QUE DIN OS LECTORES

«Novela de iniciación que gustará sobre todo a quenes se sintan identificados co seu mundo». (*El Ideal Gallego*).

«Os lectores desta novela pasarán unha tarde de boa lectura». (Joaquín Ventura. *GLN*).

«Leticia Costas escribe coidadoso e cru, atrévese a meterse na pel dun rapaz de dezasete anos e evita, no posible, dar leccións de nada.» (Roberto G. Méndez. *El Correo Gallego*).



40. A BANDA SEN FUTURO

MARILAR ALEIXANDRE

Código COMERCIAL: 1365040
 168 páxinas
 10ª edición
 PREMIO LAZARILLO 1999
 PREMIO LECTURAS GALIX 2001
 2º ciclo ESO/BACHARELATO

A OBRA

A banda sen futuro reflicte a historia de Carlota, unha rapaza de dezaseis anos que debe facer amigos no seu instituto novo. Non é doado conseguilo e menos se unha ten o cabelo rapado ao cero e se sente como un ídem á esquerda. Carlota non entende por que os seus pais a obrigan a ir a clase. Só, Poch o cantante morto de Derribos Arias é quen de comprendela e manter longas conversas co ela desde a súa foto, aínda que non sempre lle dá a razón.

Nestes meses Carlota descubrirá o amor e o desamor, e intentará pillar o ceo cos pés.

A AUTORA

Marilar Aleixandre (María Pilar Jiménez Aleixandre). (Madrid, 1947). Vive en Galicia dende 1973, primeiro en Vigo, e agora en Santiago. Doutora en Bioloxía. Catedrática de Ciencias Naturais de Ensino Medio. Profesora de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela. Colaboradora das revistas *Nó*, *Luzes de Galiza* e *Festa da palabra silenciada*.

Como narradora ten publicado: *A formiga coxa* (Xerais 1989), novela xuvenil; *O rescate do peneireiro* (Xerais 1990), novela xuvenil; *Tránsito dos gramáticos* (Xerais 1993), novela; *Nogard* (1994), novela xuvenil; *A expedición do pacífico* (Xerais 1994), Premio Merlín e Premio da Crítica á creación literaria en galego en 1995, sendo a primeira vez que recae nun libro xuvenil e nunha muller; *Lobos nas illas* (Xerais 1996), relatos; "Agardan-

do polos morcegos”, conto incluído no volume *Antoloxía do conto galego de medo* (1996); *O trasno de Alqueidón* (Xerais 1996), contos infantís, Premio Rañolas 1996 ao mellor libro infantil do ano; *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* (1998), novela, Premio Álvaro Cunqueiro; “Desaforados muños”, relato incluído en *Airadas palabras* (1998), premio Manuel Murguía; *A banda sen futuro* (Xerais 1999), novela, premios Lazarillo e Lecturas Galix 2001; *Lapadoiras, Sacaiúntos e Cocón* (1999), conto infantil; *Unha presa de terra* (2001), Premio *La Voz de Galicia* de novelas por entregas; “O Rato de Biblioteca e a Gaiteira de Marín”, incluído en *Contos para levar no peto* (Xerais 2001); *Teoría do caos* (Xerais 2001), novela, Premio Xerais; *Paxaros de papel* (Xerais 2001), álbum en colaboración con Lázaro Enríquez, *O chápiro verde* (2001, Xerais 2003), conto infantil; *Basilisa, a princesa sapiño* (2002), conto infantil; “O coitelo en novembro”, relato incluído en *Materia prima* (Xerais 2002); “Palabras descarreiradas”, relato incluído en *Longa lingua* (Xerais 2002) e *Rúa Carbón* (Xerais, 2005). Boa parte da súa obra narrativa foi traducida a tódalas linguas peninsulares. En poesía, *Catálogo de velenos* (1999) Premio Esquíu e *Desmentindo a primavera* (Xerais, 2003). Colaborou como guionista con Fran Bueno na banda deseñada *Os Escachapedras*, e publicou a biografía *Castelao segundo Rañolas* (2000). Traduciu do inglés para o galego *A caza do carbairán* (Xerais 1995) de Lewis Carroll e o poemario *Muller ceiba* (Xerais 1997) de Sandra Cisneros. No ámbito profesional publicou o estudio *Dubidar para aprender* (Xerais 1996).


Máis información en www.marilar.org

O QUE DIN OS LECTORES

«*Un libro sedutor de rapaces e rapazas, aínda que tamén pode ser lido prazenteiramente por xente adulta*». (Francisco Martínez Bouzas, *GLN*).

«*A banda sen futuro apaixonará a toda esa lexión de adolescentes que demandan asuntos como a vida mesma*». (Xosé M. Eiré, *A Nosa Terra*).

«*Unha estupenda novela, gañadora do Lazarillo 99, na que son notables a calidade da linguaxe, a construción de personaxes e a verosimilitude das situacións*». (M^a Jesús Fernández, Revista *CLIJ*).



41. O HOBBIT

J. R. R. TOLKIEN

Código COMERCIAL: 1365841

344 páxinas

4ª edición

Tradución de Moisés R. Barcía

1º e 2º ciclo ESO/Bacharelato

A OBRA

Ao hobbit Bilbo Bulseiro gústalle a vida cómoda e tranquila do seu burato-hobbit, onde almorza, merenda e cea varias veces ao día. Pero a inesperada visita do mago Gandalf fai espertar no seu interior o espírito aventureiro dos seus devanceiros. Deste xeito ve trasecadeada a súa vida cotiá e, sen saber moi ben como, emprende unha longa viaxe con trece ananos barbudos en dirección ás Montañas para recuperar un tesouro roubado polo dragón Smaug, esquecido hai moito tempo.

O AUTOR

John Ronald Reuel Tolkien (Bloemfontein 1892-Oxford 1973), profesor de anglosaxón da Universidade de Oxford, foi unha das personalidades literarias máis relevantes do século XX. A súa primeira obra *O Hobbit* (1937, Xerais 1999), xa presentaba por vez primeira o denso mundo mitolóxico que recreará na súa obra máis trascendental *O Señor dos Aneis* a súa famosa triloxía formada por *A irmandade do anel* (1954, Xerais 2001), *As dúas torres* (1955, 2002) e *O regreso do rei* (1955, Xerais 2002). Outras obras que tamén acadaron grande popularidade son *Giles farmer of Ham* (1945), *The adventures of Tom Bombadil* (1962), *Tree and Leaf* (1964), *The road goes ever on* (1967) e *The Silmarillion* (Obra póstuma, recompilada e editada polo seu fillo). A tradución das súas obras en galego foi realizada por Moisés Rodríguez Barcía.

O QUE DIN OS LECTORES

«Hai que felicitarse porque Xerais decidise publicar O Hobbit en lingua galega. Estamos diante dun dos «best sellers» indiscutibles da literatura universal, así que a súa presenza en Fóra de Xogo parece, máis que necesaria, obrigatoria». (O Correo Galego).



42. AIRE NEGRO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365042

192 páxinas

12ª edición

LISTA DE HONRA do IBBY 2002

PREMIO THE WHITE RAVENS 2001

PREMI PROTAGONISTA JOVE 2002

2º ciclo ESO/BACHARELATO

A OBRA

Aire Negro ten como eixe principal unha desacougante historia de terror, que se mestura cunha dobre historia de amor que ten a protagonista como centro. Toda a novela é unha analepse ou *flash-back*, xa que o narrador é un médico psiquiatra, Víctor Moldes que, tres anos despois de que ocorresen, nárranos os feitos que o fixeron abandonar a profesión e que obrigan a vivir nun permanente desacougo. Os feitos que narra comezan cando o doutor Moldes entra a traballar nunha clínica psiquiátrica situada no Baixo Miño e ten como primeira paciente a Laura Novo, unha muller autista e coa memoria borrada que pasa o día enteiro escribindo de xeito compulsivo o seu nome, aferrada a el coma se fose o único resto dalgún ignorado naufraxio persoal. O doutor inicia unha terapia anovadora coa paciente, de maneira que consegue que saia do seu cárcere interior e comece a falar sobre si mesma.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES


«Unha novela magnífica e magnificamente narrada conectada á mellor tradición do xénero de terror». (Revista *Tempos*).

«Aire negro conxuga arte e habilidade. Esta novela goza dunha desusada e especial virtude: cando se empeza xa non se deixa ata o seu remate» (Francisco Martínez Bouzas, *O Correo Galego*).

«Novela intensa e desacougante, unha aposta atinada por parte daqueles lectores que se achegan ao libro na procura de acción, paixón e tensión narrativas». (Armando Requeixo, *Correo das culturas*).

«Aire negro supoxo para min unha noite de insomnio. Noite iniciada coa lectura compulsiva dunhas páxinas que non me deixan escapar». (Xosé A. Neira Cruz, Presentación da novela en Santiago).

«Aire negro é unha de esas novelas difíciles de esquecer, do melloríño que deste xénero hai na nosa literatura». (Xosé M. Eiré, *A Nosa Terra*).



43. PROXECTO POMBA DOURADA

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

Código COMERCIAL: 1365843

160 páxinas

3ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

Arno ao baixar do aerobús, de volta da escola, atopou aos vehículos da policía e a dúas ambulancias aparcadas diante da súa casa, unha inmensa torre de oitenta e cinco andares, habitada por duascenas familias. Arno soubo con total seguridade que a traxedia ocorría na súa casa e que nela os seus pais desempeñaban un papel sobranceiro e doloroso. Na mesma porta, un equipo móbil de televisión tomaba imaxes, mentres o comentarista, co micrófono na man, discutía cun policía que se negaba a deixalo pasar ao interior. «Comprendo como te sentes, —díxolle o inspector Lesoto—, pero seguramente terás interese en que descubramos os culpables deste crime».

O AUTOR

Ver páxina 45

O QUE DIN OS LECTORES

«Xerais recupera, na colección Fóra de Xogo, unha das obras máis emblemáticas e pioneiras da literatura xuvenil galega.» (Ideal Gallego).

«Unha novela amena, na que se combinan os ingredientes básicos: temática futurista, moi do gusto das tendencias actuais, técnica cinematográfica, baseada en áxiles secuencias, intriga que lle confire ao texto certa tensión e unha linguaxe clara e directa que engaiola ao lector.» (María Navarro. Guía dos Libros Novos).



44. FLANAGAN, SÓ FLANAGAN

ANDREU MARTÍN / JAUME RIBERA

Código COMERCIAL: 1365044

248 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE CARMEN TORRES PARÍS

1º ciclo ESO

A OBRA

Flanagan pensa que se converteu nun fuxitivo desque rompeu con Branca. Aparentemente, despois dun ano saíndo xuntos, aquela ruptura fora suave, civilizada, incolora, inodora e insípida. Flanagan pensa que un detective coma Deus manda non ten porque ter parella. Un detective de verdade ten que namorarse volcánicamente dalgunha moza, e mellor se ao final resulta que é a culpable do caso que está investigando. Iso si que dá pé a despedidas interesantes.

OS AUTORES

Ver páxina 11

O QUE DIN OS LECTORES

«Narradas axilmente, con humor, deixando translucir unha certa violencia, as aventuras de Juan Anguera son cribles, verosímiles.» (XGG, *A Nosa Terra*).



45. TÓDOLOS PORTOS SE CHAMAN
HELENA

JOAN BARRIL

Código COMERCIAL: 1365045

208 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE CARMEN TORRES PARÍS

1º ciclo ESO

A OBRA

Guillem vive en Bruxas, na casa de Pier, o mozo da súa nai, que deberá transportar na súa gabarra uns pianos antigos. Guillem acompañaraos neste percorrido ao corazón de Europa, a través dos seus ríos, dende Róterdam ao Mar Negro. Unha viaxe na que se producirá o nacemento do amor, o espertar dos sentidos, o espellismo do heroísmo e a presenza da música como grande cohesionadora de tódalas paisaxes da alma. Unha novela sobre a Europa dos ríos que acollen nas súas beiras, coa mesma intensidade, cidades artísticas e campos de concentración.

O AUTOR

Joan Barril Cuixart (Barcelona, 1952), periodista dunha longa traxectoria, publicou múltiples crónicas e artigos de opinión na prensa. Foi director do semanario *El Mon*, colaborou nos xornais *El País*, *La Vanguardia* e *El Periódico*, onde actualmente firma a contraportada. Da súa obra literaria destacan *Un submarí a les estoalles*, *Condicíó de pare* e *Parada obligatòria*, novela coa que obtivo o premio Ramón Llull, 1988. *Tódolos portos se chaman Helena* (Xerais 2000) é a súa primeira publicada en galego.



46. CANDO PETAN NA PORTA
POLA NOITE
XABIER P. DOCAMPO

Código COMERCIAL: 1365046

96 PÁXINAS

8ª EDICIÓN

PREMIO RAÑOLAS 1994

PREMIO NACIONAL 1995

LISTA DE HONRA do IBBY 1996

PREMIO THE WHITE RAVENS 1997

1º ciclo ESO

A OBRA

Catro relatos de misterio que Docampo adica aos seu país, dos que di que foron grandes contadores de contos. Son historias que cando as lemos, parece que as estamos escoitando, o cal fai que o noso medo vaia en aumento e ademais poden facer lembrarnos os nosos medos que criamos especiais: aquela carballeira chea de sombras, o vento que abanea os salgueiros, a neve que nos chamaba a andar e ía borrando as nosas pisadas co risco de perdernos, a brétema que non nos deixa enxergar que seres se ocultan...

O AUTOR

Xabier P. Docampo (Xabier Puente Docampo) (Rábade, 1946). Mestre no Colexio Público de Cambre (A Coruña). Actor de teatro, autor e director de guións para cine e vídeo. Traballou como guionista en Radio Nacional de España. Foi o primeiro presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX). Obtivo o Premio da Feira do Libro da Coruña (1989). Co-autor das series *Canles* e *Labia* de libros de textos para o ensino da Lingua Galega publicadas por Xerais. Autor dunha extensa obra narrativa ten traducidas boa parte dos seus títulos nas linguas peninsulares.

Ten publicadas as seguintes obras narrativas dirixidas a público xuvenil e adolescente : *O misterio das badaladas* (1986), novela; *Cun ollo aberto e outro sen cerrar* (1987), relatos; *A chave das nozes*

(1988), novela; *O país durminte* (Xerais 1993), novela; *Cando petan na porta pola noite* (Xerais 1994), relatos, Premio Raño-las ao mellor libro do ano, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (1995), Lista de Honra do IBBY (1996), Premio The Withe Ravens (1997); *O pazo baleiro* (1997, Xerais 2002), novela; *O home que inventou unha maneira de andar* (1998), novela; *Catro cartas* (2000), relatos; *Un conto de tres noites* (Xerais 2001), relatos; *A casa da luz* (Xerais 2002), novela.


Para o público infantil publicou *O armario novo de Rubén* (Xerais 1989); *A nena de auga e o príncipe de lume* (Xerais 1990); *A casa do porco bravo e Roxelio e a couza* (Xerais 1991); *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996) Premio The White Ravens (1997); *Nube de neve* (2000), *¿Víchela, víchela?* (2001); *Os ollos de Ramón* (2001) e *A decisión de Valerio* (Xerais, 2005).

Mantén o seu blog: <http://xabier-docampo.net>

O QUE DIN OS LECTORES

«Dende que lin este libro, como facía antes cando escoitaba historias ao pé da lareira, miro debaixo da cama, non vaia ser o demo...» (Xulio Simón Rúa, Revista *Lúa Nova*).

«Polo ben tecidos que están os catro contos que o compoñen; polo ben que ensambla o xogo da imaxinación co da fantasía; polo ben que sabe cortar a respiración do lector e manter o misterio; polo ben que conxuga realidade e ficción, tradición e actualidade, realismo e urbaniso, etc... Noraboa ao autor». (Anxo Tarrío, *O Correo Galego*).



47. A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO

MARILAR ALEIXANDRE

Código COMERCIAL: 1365047

160 páxinas

8ª edición

PREMIO MERLÍN 1994

PREMIO DA CRÍTICA GALEGA 1995

1º ciclo ESO

A OBRA

A expedición do Pacífico é unha novela de aventuras que conta as peripecias dunha nena de doce anos, Emilia, que se agacha como polisón nunha expedición científica que parte para explorar o Pacífico.

A acción que se desenvolve no século XIX, non renuncia a estar escrita desde este fin de século. As ideas feministas, a polémica entre o darwinismo e o creacionismo a paixón polo coñecemento están nas páxinas desta excepcional novela.

A AUTORA

Ver páxina 77

O QUE DIN OS LECTORES

«Un estupendo relato de aventuras no máis clásico dos estilos». (Revista *CLIJ*).

«Tedes que lelo. É un compromiso que todo lector debe ter. De 13 a 99 anos (máis non porque daquela xa falla a vista). Felicito sinceramente a Marilar». (Alba López Sánchez, 14 anos. Revista *GRUP*).

«A expedición do Pacífico constitúe unha peza paradigmática por canto rescata o espírito das narracións marítimas e conxuga a aventura coa creación dun personaxe protagonista feminino, activo pero alleo a toda moralización». (Revista *Fadamorgana*).



48. O NOVO DIARIO DUN XOVE MANIÁTICO

AIDAN MACFARLANE / ANN MCPHERSON

Código COMERCIAL: 1365848

224 páxinas

4ª edición

TRADUCCIÓN DE MONTSERRAT PAZ

2º ciclo ESO

A OBRA

Pete Payne ten catorce anos. Un día descobre que padece de hipocondría, que é un completo maniático da saúde. Durante todo un ano confiará ao seu diario os fascinantes pormenores médicos que recolle de calquera fonte ao seu alcance. A súa amplísima investigación abarca aspectos tan diversos como o acné, o alcohol, as drogas, o sexo, as dietas, os accidentes e toda clase de enfermidades. Un libro que actualiza nesta fin de milenio ao *Diario dun xove maniático* (colección Xabarín, Edicións Xerais de Galicia), seguido por milleiros de lectores e lectoras. Esta é unha obra que interesa aos adolescentes que queren saber, pero que son moi vergonzosos para preguntar e aos pais e nais que saben un pouco, pero que son moi vergonzosos para responder.

OS AUTORES

Ver páxina 17

O QUE DIN OS LECTORES

«Aidan Macfarlane e Ann McPherson teñen descuberto que a adolescencia é un momento demasiado difícil para pasala sen axuda, como demostran no seu *Diario dun xove maniático*» (Silvia Gaspar, *La Voz de Galicia*).



49. O DIARIO DA OUTRA MANIÁTICA

AIDAN MACFARLANE / ANN MCPHERSON

Código COMERCIAL: 1365049
256 páxinas
2ª edición
TRADUCIÓN DE MONTSERRAT PAZ
2º ciclo ESO

A OBRA


Susie, unha rapaza de 16 anos, escribe o seu diario íntimo, seguindo ao seu irmán Peter Payne, autor do *Novo diario dun xove maniático*. Desde o seu punto de vista feminino, Susie escribe sobre o sexo, o amor, anorexia, febres glandulares, depresión, morte, SIDA, dietas, exames, anticoncepción, divorcio, vermes, estrés, piollos e moitas cousas máis. No diario inclúe recortes, folletos, cartas e fragmentos de xornais e revistas sobre problemas que lle preocupan, anotacións das aventuras de Peter e doutros acontecementos, bos e malos, da súa vida familiar.

OS AUTORES

Ver páxina 17

O QUE DIN OS LECTORES

«Saber o que pensa unha rapaza de dezaseis anos sobre as cousas máis normais da vida, saber que opina dos detalles que pasan desapercibidos para case tódolos maiores é o tema central deste interesante libro no que os feitos están narrados dende un punto de vista natural, sinxelo, sen erros de interpretación. Os autores, dous médicos, móstrannos as preocupacións dunha adolescente en temas como o sexo, a SIDA, o aborto, sempre dun xeito ameno, claro e sobre todo formativo e actualizado, sen tabús de ningún tipo» (C. González, *Papeles de literatura infantil*).



50. RAPAZAS

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365050

176 páxinas

4ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

¿Que estraña misión trae a unha extrarrestre deica o noso planeta? ¿Que sucede cando se mantén unha estremecedora relación cun fantasma? ¿Que segredo garda unha misteriosa pedra atopada na area dunha praia? Estas son algunhas das preguntas que fixeron nacer os relatos deste libro. Seis historias moi diversas, pero cun fío común: todas elas teñen unha rapaza como protagonista. Deste xeito, as páxinas de *Rapazas* achégannos un retrato plural desa etapa fronteiriza chamada adolescencia.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES

«Voces coma a de Agustín veñen dicir que a literatura pode axudar a recoñecermonos como homes e mulleres diferentes pero en igual liberdade e disposición para inventarmos novas maneiras de estarmos no mundo sen bloqueos nin agresións.» (Sabela Álvarez, *O Correo Galego*).

«Realmente, penso que esta é a mellor obra de Agustín Fernández Paz, que se supera a sí mesmo. Certamente non sei a que esperas para lelo.» (Marta Polo, *Revista Grup*. Biblioteca Pública de Narón).

«Agustín Fernández Paz logra, unha vez máis, un libro ben narrado e entretido, tocando temas de permanente interese e dando o protagonismo á muller, non sempre tida en conta na literatura.» (A. Real, *Papeles de Literatura*).

«Escrito cunha prosa limpa e directa, este é un libro de lectura moi gratificante e amena, que contén ademáis interesantes puntos de vista sobre temas como o racismo e o feminismo.» (Revista CLIJ).



51. AMOR DOS QUINCE ANOS, MARILYN

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1 36 505 1

160 páxinas

5ª EDICIÓN

1º ciclo ESO

A OBRA

Unha man bota no lume unha foto, que se resiste a arder, pero que acaba feita cinza, coma un soño que se esvae. Un vampiro solitario vaga polas rúas da noite coruñesa, na procura do seu alimento cotiá. Unha pantasma regresa, como cada vinte e cinco anos, ao vello pazo familiar. Velaí algunhas das imaxes que fixeron nacer os cinco relatos de *Amor dos quince anos, Marilyn*. Un libro que quere render unha homenaxe ao cine e aos seus mitos, cando se cumpren cen anos do seu nacemento.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES

«Agustín Fernández Paz rende homenaxe á sétima arte nun volume onde os recordos e a paixón se mesturan nunha escrita colorista e áxil. Fernández Paz propón unha deliciosa narración sobre un olimpo de estrelas onde a vida e o soño ulen a celuloide» (O Correo Galego).

«Actores que deixaron pegada na grande pantalla, personaxes que atoparon no celuloide o mellor dos medios para facerse reais, e todo un cúmulo de sensacións, vivencias e sentimentos xurdidos ao redor das tardes de cine, entretecen estas cinco historias magnificamente narradas nas que o autor, confírmase, de novo, como un dos máis interesantes do actual panorama literario» (Xían Xaneiro, *CLIJ*)

«A conclusión engaiolante que un tira lendo *Amor dos quince anos, Marilyn* é que o autor sabe que a "fábrica dos soños" do ser humano non vai morrer xamais» (Xoán Acuña, *Atlántico Diario*).



52. AS COUSAS CLARAS

XOSÉ A. NEIRA CRUZ

Código COMERCIAL: 1365052
 176 páxinas
 8ª edición
 PREMIO MERLÍN 2000
 PREMIO LECTURAS GALIX 2002
 2º ciclo ESO

A OBRA

En vinte e catro horas, a vida pode cambiar de rostro sen previo aviso. Pode pasar de parecer un lugar no que dá gusto estar, a converterse nunha paisaxe entoldada de ameazas e preocupacións. ¿Por que Mon, o profesor máis popular do instituto aparece inconsciente, case morto dun día para outro?

Ninguén o pode explicar, e ninguén acredita na hipótese dun suicidio. Coa axuda de Afonso, Marga será a encargada de empezar a tirar polo fío dunha historia na que a morte, a violencia, a falta de comunicación, a crueldade e a hipocresía só poden ser superadas con amor.

O AUTOR

Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968), licenciado en Filoloxía italiana e doutor en Ciencias da Información (sección de xornalismo). Profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago. Colaborador habitual da prensa, escribiu guións para diversas emisoras de radio e para a Televisión de Galicia. Foi redactor da revista *Tempos* e na actualidade dirixe a revista de literatura infantil e xuvenil *Fadamorgana*. Publicou as seguintes obras: *Ó outro lado do sumidoiro* (Xerais 1989), Premio Merlín 1988; *Melanio e os paxaros* (1990); *Os gatos de Venecia*, (1993); *O gato meu* (1993); *Vaiche boa* (1994); *As porcas porquiñas* (1997); *Valdemuller* (1998), Premio Barco de Vapor 1998; *As cousas claras* (Xerais 2000), Premio Merlín 2000; *A memoria das árbores* (2000); *A*

caixa do tesouro (2001); *O home máis rico do mundo* (2001); *María está a pintar no mar* (2001) e “Un agasallo inesperado”, conto incluído en *Contos para levar no peto* (Xerais 2001). É tamén autor dos volumes da serie “Así viviu”: *Así viviu Rosalía* (Xerais 1996); *Así viviu Castelao* (Xerais 1996); *Así viviu Paio Gómez Chariño* (Xerais 1997); *Así viviu Ánxel Fole* (Xerais 1996).

O QUE DIN OS LECTORES


«*Unha novela honesta, que retrata o cotián, sen simboloxía nin panos que agochan a verdade. Unha novela que cre na diferenza e non na desigualdade.*» (Xosé M. Freire GLN).

«*Novela cunha grande axilidade no tratamento dos temas de actualidade e con diálogos cheos de frescura e orixinalidade.*» (*Faro de Vigo*).

«*Un libro que será lido con gusto polos nosos adolescentes, xa que os intrduce de cheo na cerna das súas convulsións.*» (F. Martínez Bouzas. *El Correo Gallego*).

«*Esta novela de Neira Cruz sobrepasa o umbral do xuvenil e chega máis aló. Pero conecta de cheo cos xoves, porque todo discorre como nunha pantalla. De lectura fácil e envolvente, crea personaxes que permanecen e rabuñan ao lector, cos que se pode identificar.*» (Concha Pino. *La Voz de Galicia*).

«*Despois de lelo, teño que dicirlles que había ben tempo que non me atopaba diante dunha historia tan engaiolante e ben contada coma esta.*» (Francisco Castro. *Atlántico*).



53. IRMÁN, REI ARTUR

CARLOS G. REIGOSA

Código COMERCIAL: 1365053

160 PÁXINAS

4ª EDICIÓN

1º ciclo ESO

A OBRA

Tres historias que son unha nova invención galega dos temas do ciclo da Táboa Redonda. Enredos do rei Artur, da raíña Xenebra, de Lanzarote do Lago, do meigo Merlín... para reivindicar unha imaxinación celta, rica, valerosa, aberta, desinhibida, atlántica que non admita outras fronteiras cás que ela mesma ten de seu. Coma un vello bardo, canta vellas xestas de tempos idos que, ao longo dos anos, engaiolaron as mentes máis lúcidas e creativas de Europa.

O AUTOR

Carlos G. Reigosa (Carlos González Reigosa) (Pastoriza, 1948). Licenciado en Ciencias da Información e Ciencias Políticas. Xornalista. Foi director de Publicacións Análise e estilo da Axencia EFE. Autor de numerosos artigos sobre crítica teatral, literaria e política internacional, publicados en revistas e xornais españois e americanos. Como narrador ten publicadas as seguintes obras: *Oxford, amén* (1982, Xerais 2006), novela; *Homes de tras da Corda* (Xerais 1982, 2000), relatos; *Conversas de Carlos G. Reigosa con Gonzalo Torrente Ballester* (1983); *Crimen en Compostela* (Xerais 1984), Premio Xerais de novela; *As pucharcas da lembranza* (Xerais 1985), relatos; *Irmán Rei Artur* (Xerais 1986, 2000), relatos; *O misterio do barco perdido* (Xerais 1988), novela; "Matinacións zafanarias" en *Contos eróticos / eles* (Xerais 1990); *Os outros disparos de Billy* (Xerais 1991); "A súpetada despedida de Ramón Beiro" (1992), relato publicado nos *Contos do Castromil*; *A guerra do tabaco* (Xerais 1996), novela;

Narcos (Xerais 2000), novela, Premio Benito Soto 2001; *Intramundi* (Xerais 2002), novela e *Pepa A Loba* (Xerais 2006), novela. Ademais publicou varios libros de investigación e ensaio xornalístico, entre eles, *Fuxidos de sona* (Xerais 1989) e *O regreso dos maquis* (Xerais 2004), documento xornalístico; *La agonía del león* (Alianza Editorial 1995), Premio Internacional Rodolfo Walsh de Literatura testemuñal en 1996; e *Doutor Livingstone, supoño* (Xerais 1998), ensaios.

O QUE DIN OS LECTORES

«Será ben bonito ollar coma unha xeración de mociños e rapaces galegos aprenden neste libro, tan limpo e ben escrito, tan amoroso e tan auténtico de Carlos Reigosa, a amar o que hai que amar e a sentirse continuadores daqueles que ao longo de moitos séculos, viron na Táboa Redonda o emblema e a cifra da liberación dos días de horror que aínda son os nosos» (X. L. Méndez Ferrín).

«Irmán Rei Artur é diante de nada unha reflexión ética do autor. Un esforzo de xustificación das actitudes fronte aos feitos, dos ideais fronte da gloria dos éxitos.» (M. Quintáns Suárez, *El Correo Gallego*).



54. O QUE É A VIDA

MANUEL LOURENZO GONZÁLEZ

Código COMERCIAL: 1365054
192 páxinas
3ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Teo Runner traballa como repartidor do Interpizza, onde aguanta a un xefe irascible e moi esixente. Percorre a cidade coa súa Bultaco, deténdose só, como os seus heroes cinematográficos, para restaurar a orde e reparar a inxustiza. Runner non esquece, tampouco, botar a Primitiva, que xoga a medias con Fins ou chamar a Susi e a Lore, esas mozas que tanto o queren. Fernando Palmeira, cabo da Policía Nacional, e Moncho, o seu compañeiro, patrullan incansables a cidade ata que o seu coche se atopa, sorprendentemente, coa Bultaco de Runner.

O AUTOR

Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955). Licenciado en Pedagogía. Profesor de Lingua e Literatura Galegas no instituto Torrente Ballester de Pontevedra. Coautor xunto con Luís Bará de libros de texto de Lingua e Literatura destinados ao 2º ciclo de ESO (Xerais 1995-1998). Ten publicados os libros de relatos para adultos: *Algúns outros* (1991); *Da esfinxe* (1992); *As paisaxes compartidas* (1996), Premio Carvalho Calero; *Noites de papel* (Xerais 1997), Premio Café Dublín 1995, *Infidelidades* (2002), premio de Literatura Erótica “Narrativas Quentes”. Tamén publicou a novela *Arqueofaxia* (Xerais 1995), Premio García Barros 1995. No ámbito da literatura xuvenil, é autor das novelas *No outono das fragas* (1995), *Tanis I o Mocos* (Xerais 1998), *Estanislao, príncipe de Sofrovia* (Xerais 2002), *O que é a vida* (Xerais 2001), *Irmán do vento* (Xerais 2003) Premio Mer-

lín e Premio Frei Martín Sarmiento, *Ela atopa un nome* (2005) e *Unha pantasma no colexio* (2006).

Como autor de libros infantís publicou *Animais de compañía* (1998) catálogo White Ravens 2000, *A leiteira* (1999), versión do conto clásico, e *O patadón* (Xerais 2001). Asemade, participou nos libros colectivos *Muralla de Cresconio 2*, *Galicia Solidariedade*, *Premios Pedrón de Ouro 1990-1991*, *Unha liña no ceo*, *58 narradores galegos*, *Novo do trinque*, *Contos de chistes, portas e sorrisos* en diversos periódicos e revistas.

No campo do teatro é autor de *Auto do Entroido* (1995), Premio Nacional de Teatro O Facho e *A música da noite* (2001), Premio Estornela.

O QUE DIN OS LECTORES

«*Unha novela urbana de ritmo vertixinoso, unha homenaxe á cultura do cine e do cómic contemporáneo.*» (Cadena SER).

«*A obra é unha lograda construción de tramas que se mesturan debido a un hábil sistema de casualidades e conxecturas cunha dosificación sabia da información.*» (Ánxela Gracián, *Fadamorgana*).



55. DE FEL E MEL

PATXI ZUBIZARRETA

Código COMERCIAL: 1365855

152 páxinas

2ª edición

TRADUCCIÓN DE XOSÉ MANUEL MOO

LISTA DE HONRA do IBBY 2003

2º ciclo ESO

A OBRA

Selim naceu en Imlil, unha aldeíña do Atlas marroquí. Cada ano, polo verán, alí chegaba o flamante Renault de Mohamed, un veciño emigrado en París. Selim decide iniciar o mesmo camiño: unha longa viaxe cara a Francia na procura de fortuna. Dende as rúas de Marrakesh, onde malvivirá traballando en fedorentas tinturerías e como guía turístico, Selim viaxará ata a península na caixa dun camión. Percorrerá diversas comunidades ata chegar ao País Vasco. Na súa estadía en España atopará o amor e a amizade, pero tamén sufrirá o pesadelo da súa condición de emigrante ilegal.

Esta novela de Patxi Zubizarreta, orixinalmente publicada en euskera, é unha contundente denuncia, enchida de tenrura, do noxento contrabando de persoas no inicio do milenio. A cultura popular do Atlas marroquí (as tradicións, a gastronomía, as formas de vida...), a memoria da tradición oral das lendas do pobo beduíno, a denuncia da tortura, o transporte ilegal de emigrantes, a vida nas pateras, o mercado de traballo fraudulento, a problemática do racismo e da xenofobia... son algúns dos temas desta novela de grande actualidade.

O AUTOR

Patxi Zubizarreta (1964) escribe en euskera. Ten publicadas obras para cativos (*O pastel dos venres*, *Magali por fin o sabe...*), para mozos (*El Chico que fue Hombre*, *Verano de 1948*, *Atlas sentimental...*) e para adultos (*Tejanos en el frigo*). *De fel e mel* é a súa primeira novela xuvenil traducida a lingua galega.

O QUE DIN OS LECTORES

«Un alegato cheo de comprensión e tenrura á condición dos desherdados. O tráfico humano, a nova escravitude das pateras. Literatura que vai máis alá do literario.» (*El Ideal Gallego*).

«Unha novela amena e interesante que se le dunha sentada.» (T. R. *Diario de Pontevedra*).

«Patxi Zubizarreta é autor dun libro sobre a liberdade de conciencia e cunha posición favorable á mestizaxe e multiculturalidade.» (Xosé Freire. *Guía dos Libros Novos*).

«Esta novela é unha contundente denuncia, enchida de tenrura, do noxento contrabando de persoas que se está levando a cabo neste inicio de milenio.» (M. Blanco Rivas. *Faro de Vigo*).



56. O SEÑOR DOS ANEIS

I. A IRMANDADE DO ANEL

J. R. R. TOLKIEN

Código COMERCIAL: 1365056

520 PÁXINAS

2ª EDICIÓN

TRADUCCIÓN DE MOISES R. BARCIA

ILUSTRACIÓN DE SAÚL BLANCO

LISTA DE HONRA DO IBBY 2004

1º E 2º CICLO ESO/ BACHARELATO

A OBRA

O Señor dos Aneis trata principalmente dos hobbits, e nas súas páxinas o lector descubrirá moito sobre o seu carácter e algo sobre a súa historia. Os hobbits constitúen un pobo discreto pero moi antigo, noutro máis numeroso do que é hoxe en día. Aman a paz e a tranquilidade, e o cultivo da boa terra; o seu hábitat preferido constituía unha rexión ben organizada e cultivada. Non comprenden nin gustan de máquinas máis complicadas ca un muíño de auga ou un tear de man, anque son hábiles coas ferramentas. Xa nos tempos antigos desconfiaban polo xeral da “Xente Grande”. Teñen o oído agudo e a vista penetrante, e anque tenden a ser gordos e non corren innecesariamente, son de movementos áxiles e lixeiros.

En *A Irmandade do Anel*, o primeiro volume desta triloxía, o Hobbit Frodo Bulseiro recibe un Anel máxico como herdanza do seu tío Bilbo. Para protexer este Anel e evitar que caia nas mans dos servidores do Señor Escuro créase A Irmandade do Anel, composta por representantes dos pobos dos elfos, os homes, os hobbits e os ananos, que acompañarán a Frodo durante unha longa viaxe por terras estrañas e perigosas.

Publicada en 1955, *O Señor dos Aneis*, a máis complexa das obras de Tolkien, supuxo a definitiva renovación do xénero fantástico. J.R.R. Tolkien, como filólogo e estudioso dos mitos, elaborou complexas estruturas nas súas historias, cheas de detalles e estilisticamente afastadas das modas. A través do universo fantástico descrito en *O Señor dos Aneis*, debedor da mito-

loxía escandinava, Tolkien formula o tema da corrupción do poder e a impersonalización do mundo industrializado. O seu profundo coñecemento dos ritos e o seu estilo marcadamente inglés fixeron desta triloxía épica, novelas que hoxe teñen unha extraordinaria vixencia e aceptación entre os lectores mozos de todo o mundo.


O AUTOR

Ver páxina 79

O QUE DIN OS LECTORES

«Un auténtico monumento á fantasía. Hai que lelo para crelo e disfrútalo. Marabilloso.» (Revista *Xóvenes Agricultores*).

«A edición de Xerais é unha das mellores que neste intre podemos atopar no mercado, e deste asunto das aventuras élficas, hai unhas cantas.(...) Os tradutores saben “atrapar” a intensidade e a “música” presente no libro de Tolkien, facendo un todo unitario que “recende” a Tolkien.» (Francisco Castro. *Atlántico*).



57. O SEÑOR DOS ANEIS

II. AS DÚAS TORRES

J. R. R. TOLKIEN

Código COMERCIAL: 1365057

440 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

TRADUCCIÓN DE MOISES R. BARCIA

ILUSTRACIONES DE SAÚL BLANCO

LISTA DE HONRA do IBBY 2004

1º E 2º ciclo ESO/ BACHARELATO

A OBRA

Desfeita a Irmandade do Anel, a Frodo e ao seu fiel Sam, tócalles percorrer o camiño máis escuro na súa viaxe á Terra das Tebras. Paralelamente, os restantes membros da Compañía ven-se envoltos en batallas, descubrimentos e sucesos extraordinarios que constituirán o escenario principal da Guerra do Anel.

O AUTOR

Ver páxina 79

O QUE DIN OS LECTORES

«Un auténtico monumento á fantasía. Hai que lelo para crelo e disfrútalo. Marabilloso.» (Revista Xóvenes Agricultores).

«A edición de Xerais é unha das mellores que neste intre podemos atopar no mercado, e deste asunto das aventuras élficas, hai unhas cantas.(...) Os tradutores saben “atrapar” a intensidade e a “música” presente no libro de Tolkien, facendo un todo unitario que “recende” a Tolkien.» (Francisco Castro. Atlántico).



58. O SEÑOR DOS ANEIS
III. O REGRESO DO REI
J. R. R. TOLKIEN

Código COMERCIAL: 1365058

400 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

TRADUCIÓN DE MOISES R. BARCIA

ILUSTRACIÓNS DE SAÚL BLANCO

LISTA DE HONRA DO IBBY 2004

1º E 2º CICLO ESO/BACHARELATO

A OBRA

Nesta derradeira parte da historia asistimos a reencontros, sorpresas e á nova dimensión que cobran algúns dos personaxes xa coñecidos. Tamén se produce aquí a intervención decisiva do Portador do Anel, tras enfrontarse na súa aventura a probas dunha dificultade extrema, que desembocará nos acontecementos que han marcar a fin da Terceira Idade e definir un novo horizonte para a Terra Media co regreso do lexítimo rei.

O AUTOR

Ver páxina 79

O QUE DIN OS LECTORES

«Un auténtico monumento á fantasía. Hai que lelo para crelo e disfrútalo. Marabilloso.» (Revista Xóvenes Agricultores).

«A edición de Xerais é unha das mellores que neste intre podemos atopar no mercado, e deste asunto das aventuras élficas, hai unhas cantas.(...) Os tradutores saben “atrapar” a intensidade e a “música” presente no libro de Tolkien, facendo un todo unitario que “recende” a Tolkien.» (Francisco Castro. Atlántico).

FICHA DE LECTURA		59. O FARO DE AREALONGA
		UxÍA CASAL Código COMERCIAL: 1365059 264 páxinas 2ª edición 2º ciclo ESO

A OBRA

Cando un mide cento trece centímetros, é xornalista e ten un carácter impulsivo, as cousas non resultan fáciles. Arealonga, a vila natal pode ser un refuxio onde aclarar ideas, visitar vellos amigos e descansar coa familia. Pero o que agarda a Rosalía é unha trama chea de puntos escuros na que o pasado de Néstor, fareiro, antigo científico e, sobre todo, preciado amigo, volve ao presente cunha forza que sacode o que ata ese momento semellaba firme como as rochas. A desaparición duns cons, os extraños movementos do mar preto da praia onde está a Cova do Mouro e a presenza na vila mariñeira de catro traxeados xaponeses desencadearán as pesquisas da xornalista que a dirixirá a coñecer a existencia do proxecto APRETA, dirixido á creación dun aparello reductor do tamaño, e do proxecto TRAMA, un transportador de materia.

O AUTORA

Uxía Casal (Santiago de Compostela), ten publicadas as obras para o público infantil *Un ano de fábula e catro estacións* e *As ás de Xenoveva*, para adultos *Saturno tamén é deus*; *O faro de Arealonga* (Xerais 2001), novela e *Vidas exemplares* (Xerais 2006).

O QUE DIN OS LECTORES

«Engaiolante novela de intriga e suspense, na liña das mellores obras da actual ficción científica contemporánea.» (A Peneira).

«Esta novela, contada en primeira persoa, ten como principal atractivo a personalidade da súa protagonista feminina e no contraste entre o ambiente familiar e cotián dunha pequena vila da costa, cos extraordinarios sucesos que relata.» (Revista CLI).

«Escrita nunha prosa áxil e directa, O faro de Arealonga resulta unha novela entretida que presenta numerosas interrogantes, dirixidas, basicamente, en dúas direccións: o mundo da ciencia e a complexidade do ser humano.» (María Navarro. Guía dos Libros Novos).



60. BLUES DA RÍA

J. A. XESTEIRA

Código COMERCIAL: 1365060

144 páxinas

1ª edición

PREMIO NOVELA POR ENTREGAS

LA VOZ DE GALICIA 2001

2º ciclo ESO/BACHARELATO

A OBRA

O Detective vive entre dous mundos. Un, real, nunha chuviosa cidade galega, aberta a unha ría e ao Atlántico, na que se moven persoas con ambicións, sen escrúpulos, metidas en negocios pouco limpos, nos que o asasinato forma parte do xogo. Outro mundo, o imaxinario, é a vida en branco e negro das películas de Bogart, cheo de homes con sombreiro, mozas louras perigosas que beben martinis e onde se repiten as mesmas persoas ambiciosas e inmoraís. O Detective vive instalado na fronteira que separa aos dous mundos, pasa mentalmente da realidade á fantasía na busca dunha solución a crimes antigos, a mortes novas e a amizades perdidas, pero en ámbolos dous mundos está condenado a arrastrar a épica poética dos perdedores.

O AUTOR

J. Ángel Xesteira (Redondela, 1946) estudou a carreira de Periodismo na Escuela Oficial de periodismo de Madrid, onde obtivo o título en 1972. Incorporouse á redacción de *Faro de Vigo* en 1975, onde chegou a ser redactor xefe. Fai crítica de cine desde hai vinte anos e mantivo durante moito tempo columnas de opinión sobre temas políticos e sociais. Actualmente colabora semanalmente en *Diario de Pontevedra*.

Como narrador deuse a coñecer con dous relatos, “Chao, moneca (ou, ¿cómo che vai miña rosa?)” e “O manuscrito atopado en Ramallosa”, publicados no volume colectivo *Phiccións* (Xerais 2000). Logo publicou a novela de xénero negro *Blues da*


ría (Xerais 2001); o libro de relatos *Acompáño no sentimento* (Xerais 2001) *Caldo de mares para homes libres* (Xerais 2003), novela; *Contos de familia* (Xerais 2005), relatos. É co-autor, xunto con Luis Borines, do álbum de postais *A memoria de Redondela* (Xerais 2001).

O QUE DIN OS LECTORES

«*Divertidísima novela, parodia do xénero negro. Unha contribución á revitalización da novela negra en galego.*» (*A Peneira*).

«*Divertidísima novela, parodia do xénero negro, ambientada na fronteira que separa o mundo real e o imaxinario.*» (Xosé M. Couso. *O Correo Galego*).

«*Unha divertida caricatura que o autor sabe reflectir por medio de múltiples detalles e miudezas que aparecen, sobre todo, cando describe o comportamento do protagonista do relato.*» (Francisco Martínez Bouzas. *Guía dos Libros Novos*).



61. ARIADNA

XOSÉ MIRANDA

Código COMERCIAL: 1365061
 136 páxinas
 2ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Adriana e Ariadna son dúas irmás xemelgas que chegan ata o Vello Planeta nunha viaxe de pracer. Alí atópanse cunha banda de foraxidos, con criaturas nativas semihumanas e cun científico coroado por un nimbo de luz. Hai unha rapaza robot, Preciosa, que se cre humana e que pregunta constantemente pola súa familia, e un rapaz de ollada triste e andares estraños. No seu primeiro día de estancia no planeta saen á caza de unicornios. O fío que une a Adriana e Ariadna vaise adelgazando nese labirinto constituído por un planeta enteiro.

O AUTOR

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955). Licenciado en Bioloxía. Profesor de bacharelato no Instituto Xoán Montes de Lugo. Narrador e poeta. Especialista en literatura de tradición oral. Como narrador deuse a coñecer co relato *Na terra sombría* (1988), Premio Modesto Figueiredo; foron as súas obras posteriores: *Historia dun paraugas azul* (Xerais 1990), Premio de novela García Barros; *A biblioteca da iguana* (Xerais 1994), relatos; *A neve e a cadeira* (1994), relato longo; *A tres bandas* (Xerais 1995), novela policíaca; *Vestío* (1995), novela; *Partenoxénese* (1995), Premio de narrativa fantástica Xenciana, 1994; *O demo á orella* (Xerais 1996), relatos; "Seis medos" en *Antoloxía do conto galego de medo* (1996); *Morning star* (1998), Premio Xerais de novela; *Infancia e desventura de Lino Carrán* (2000), novela, *Ariadna* (Xerais 2002), novela; *Pel de lobo* (Xerais 2002), novela, Premio

Merlín 2002 e Lista de Honra do IBBY, 2004; o relato “Tarxeta vermella” publicado en *Materia prima* (Xerais 2002); *Tarxeta vermella* (Xerais 2003), relatos; *Amancio Amigo e o Meigo de Salamanca* (Xerais 2006), novela; *As mans do medo* (Xerais 2007), relatos; *Vestio* (Xerais 2008), novela. Como autor de literatura infantil publicou: *Lúa e os nubeiros* (2000); *O coello Federico* (Xerais 2000); *Feitizo* (Xerais 2001); *Álvaro e Álvaro* (Xerais 2004). Os seus contos de medo están recollidos no volume *Triloxía pánica* (Xerais 2000) e a obra poética no volume *As cidades mergulladas* (Xerais 2003).

Tamén é coautor xunto con Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba do *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais 1998) e dos vinte volumes dos contos da colección *Cabalo Buligán* (Xerais 1998-2004) recollidos da tradición oral. Así mesmo é co-autor dos volumes *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral galega* (Xerais 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (Xerais 2001), *Cando os animais falaban* (Xerais 2002), *Antoloxía do conto galego de tradición oral* (2002), *Arrepíos e outros medos* (Xerais 2004) e *Flor de auga* (Xerais 2006).

O QUE DIN OS LECTORES

«Novela de aventura e futurista que trata aos lectores mozos como seres pensantes capaces de descubrir e interpretar a rica simboloxía que agroma por aquí e por alá.» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*)

«Unha engaiolante novela mezcla de ciencia ficción, mito grego e exitosa película de Spielberg.» (Hoscar Cano. *Redacción Xove*).

«Unha novela de ciencia-ficción na súa expresión máis moderna que ao mesmo tempo é un exercicio literario con reminiscencias da tradición mitolóxica da Grecia antiga que consegue atrapar a un público xuvenil e adulto gracias á súa amena e envolvente lectura.» (Paula Fernández. *Faro de Vigo*).



62. CARMÍN

DOMINGO TABUYO

Código COMERCIAL: 1365062

216 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Nun mesmo día Rafa Meruelo coñecerá dúas noticias inesperadas que mudarán o trancurso da súa vida: atopará un traballo como responsable dunha estación de transferencia e reciclaxe de lixo e será abandonado por Andrea, a súa moza, que gañou unha praza de profesora de Historia da Arte na Universidade de Boston. O reencontro con Carme, unha compañeira da facultade e unha avaría fortuíta nunha das tobeiras da planta onde traballaba, que lle permitirá atopar un extraño mazo de cartas, darán pé ao desenvolvemento dunha inqueda investigación que levará a Rafa e ao inspector Melle á seguir as pegadas dunha muller descoñecida.

Así arrinca o argumento de Carmín, unha magnífica novela de intriga coa que Domingo Tabuyo debuta na narrativa galega. Ambientada na vila de Cambados e dotada dun poderoso alento narrativo, a investigación acometida por Rafa Meruelo e o inspector Melle na procura dunha muller descoñecida engaiola ao lector ata o seu sorprendente remate.

O AUTOR

Domingo Tabuyo (Pontevedra 1957), profesor de Historia no ensino secundario é autor dunha longa obra poética que iniciou en 1993 con *Manual de Urxencias e Retornos*, poemario que mereceu o accésit do Premio González Garcés convocado pola Deputación da Coruña. Posteriormente obtivo outros premios: o Cidade de Ourense de 1997 por *Balsán Blues* e o Avelina

Valladares de 1999, convocado polo concello da Estrada, por *Nos Tempos da Invernía. A Luz Secreta*, publicado no 2002 dentro da colección Tambo da Deputación de Pontevedra, é ata o momento, o seu último poemario. Como narrador publicou a novela *Carmín* (Xerais 2002).

O QUE DIN OS LECTORES

«*Unha novela de intriga que engaiola ao lector ata o seu sorprendente remate.*» (*Radio Vigo*).

«*Carmín está escrita de forma áxil e dinámica, a acción transcorre de xeito semellante ao dos fotogramas cinematográficos, dende sempre relacionados con estas historias de intrigas e suspense, como adoita gustar ao público adolescente.*» (Paula Fernández, *Faro de Vigo*).



63. SERVICIO DE URXENCIAS

SUSO DE TORO

Código COMERCIAL: 1365063

192 páxinas

2ª edición

PREMIO LECTURAS GALIX 2004

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

A doutora Chus Nespereira, a enfermeira Encarnación Silva, o doutor Paulino Pereiro, o celador Cipriano Vilariño e o doutor Dapena, Xefe do Servicio de Urxencias son os personaxes principais destas desternillantes quince minicomédias de situación que Suso de Toro preparou para televisión e que agora se publican, por vez primeira, recollidas nun libro. Quince guións da serie Servicio de Urxencias, emitida pola TVG en 1989, dirixida por Xaime Fandiño e protagonizada pola desaparecida Marisa Soto, e por Luma Gómez, Manuel Pombal e Antonio Durán "Morris".

O espacio reducido do servicio de urxencias dun hospital galego, (as cabinas, as salas de agardar dos pacientes e a sala do persoal) serviulle a Suso de Toro para propoñer unha divertida escenificación do teatro da vida. Expléndidas minicomédias para gozar da súa lectura e para ser representadas polos mozos e mozas.

O AUTOR

Ver páxina 5

O QUE DIN OS LECTORES

«Servicio de urxencias é un libro que se esforza por entroncar coa nosa tradición de literatura humorística, nomeadamente con Castelao, facendo do humor unha fórmula de resistencia activa fronte á derrota. Quince historias cheas de frescura e axilidade nos seus

diálogos (non en van De Toro manéxaos coma ninguén nas nosas letras).» (Dolores Vilavedra, Revista Tempos)

«En Servicio de urxencias a narración non existe, só o diálogo e pequenísimas acotacións que, aínda así, son suficientes para formarse unha idea do que ocorre. Todo é acción, e deste xeito tan cinematográfico o autor presenta todo o submundo dun hospital no que as situacións máis surrealistas e disparatadas non deixan de sucederse.(...) Uns guións para pasar uns minutos agradables cunha escrita rápida, ocurrente e cun humor moito máis intelixente do que aparenta.» (Paula Fernández, Faro de Vigo).

«Quince teleguións froito da talentosa e divertida versatilidade de Suso de Toro na escrita. Terapia hospitalaria para rir en acto de servicio. A maior gloria de Morris e in memoriam de Marisa Soto.» (Compostelán).



64. NOITE DE VORACES SOMBRAS

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365064

176 páxinas

7ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Sara, unha moza de dezaseis anos, narra de forma apaixonada os acontecementos que durante unhas vacacións de verán na casa da avoa foron un auténtico terremoto na súa vida e lle axudarán, dende entón, a enfrontala dunha forma distinta. No cuarto que ocupa sentirá o inqueda desacougo dunha presenza fantasmal. Alí atopará, tamén, un farto de cartas e fotos, unha libreta de caligrafía apretada e unha selecta biblioteca que a levarán a descubrir unha inesquecible historia de amor e desamor entre dous mestres republicanos, que se produciu durante a Guerra Civil e os amargos anos da posguerra.

Noite de voraces sombras, a nova novela de Agustín Fernández Paz, aborda un tema que hoxe está en primeiro plano, como é a recuperación das vidas e dos ideais que quedaron rotos trala guerra civil e a posguerra, así como a necesidade de que as novas xeracións descubran esa realidade, porque non se poderá construír nada auténtico sobre a desmemoria. Ademais disto, *Noite de voraces sombras* aborda outras cuestións de non menor importancia: como a presenza permanente do misterio nas nosas vidas, encarnado na trama nunha extraña presenza fantasmal no cuarto da protagonista; e da ambigüidade como xeito de enfrontarse aos acontecementos, que obriga ao lector a dubidar entre se todo é real ou se todo é froito da subxectividade da protagonista.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES

«Agustín Fernández Paz percorre en Noite de voraces sombras un universo inzado polo amor e a recuperación da memoria.(...) Esta obra sitúanos con acerto e alto poder evocador diante dun dos exercicios narrativos de maior ambición e lograda factura entre a xa abondosa nómina de achegas dun dos nosos escritores de maior éxito.» (Ramón Nicolás, *La Voz de Galicia*).

«Fernández Paz posúe o oficio de grande contador, ese saber fiar a historia sen unha palabra que se saia de ton. (...) Unha historia de iniciación, que combina doses de terror psíquico, de melancolía e de amor pero tamén é unha historia aberta, sen facer diso a súa misión fundamental, non renuncia a inducir a que, rematada a lectura, o lector se faga preguntas.» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).



65. ¡BALEA MORTA OU LANCH A PIQUE!

JAUREGUIZAR

Código COMERCIAL: 1365065

128 páxinas

1ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

Exposito Vindeira, o capitán Thunderskin, o fareiro ribadense protagonista de *A rutina corsaria*, a exitosa novela de piratas que Jaureguizar publicou dentro de “Xerais Fóra de Xogo”, viaxa, acompañado pola súa tripulación, ata a illa de Nantucket nos Estados Unidos co obxectivo de visitar o Pequod, o barco co que Ahab dera caza á Moby Dick nos mares do Sur, que viña de ser rehabilitado. Alí Thunderskin, o bravo pirata alcumado Pel de Trono, e os seus dous amigos corsarios, o mestre Henrique Ferreiro e Joao, o mariñeiro portugués, tomarán por asalto aquel casco envellecido por milleiros de singraduras para, seguindo as grandes vetas oceánicas, procurar a nova grande balea branca, a arrepiante Dolly Dick.

Jaureguizar ofrécenos en *¡Balea morta ou lancha a pique!*, a segunda entrega de “As aventuras do capitán Thunderskin”, a primeira serie de novelas de piratas da literatura galega. Aventuras trepidantes, fantasía desbordada, humor a mans cheas, xogo con anacronismos deliberados (videoxogos, baleas clónicas...) e o teón de fondo constante da xenial Moby Dick de H. Melville constitúen algúns dos ingredientes cos que está construída esta novela fascinante.

O AUTOR


Ver páxina 53

O QUE DIN OS LECTORES

«Unha novela chea de situacións divertidas, unha novela que persegue e logra entreter divertindo.» (Xosé M. Eyré, *A Nosa Terra*).

«A novela conxuga de xeito brillante os Sete Mares coa vida moderna, o clásico de Melville coa NBA e os casinos e ata a xerga pirata con famosas frases televisivas que, postas na boca dalgún desesperado personaxe, provocarán un sorriso no lector adolescente que, de seguro, rematará a súa lectura satisfeito e sorprendido.» (Paula Fernández, *Faro de Vigo*).

«Jaureguizar ofrécenos, nesta nova entrega, aventuras trepidantes, fantasía desbordada, humor a mans cheas e xogos con anacronismos deliberados.» (M. Blanco Rivas, *Faro de Vigo*).



66. PEL DE LOBO

XOSÉ MIRANDA

Código COMERCIAL: 1365066

101 páxinas

10ª edición

PREMIO MERLÍN 2002

LISTA DE HONRA do IBBY 2003

1º ciclo ESO

A OBRA

Fulxencio Nóvoa e o seu fillo Xosé tiñan sona de bos tiradores e solicitábanos dos pobos para que fosen matar lobos. Desta volta, Xosé, un mozote de dezasete anos, dará conta en primeira persoa do acaecido na chamada que lles fixeron as xentes do Incio, na procura dun lobo enorme, que algúns din completamente negro e outros branco, unha besta que xa comeu un par de nenos e unha rapaciña que pastoreaba o gando. Alí no Incio, Xosé coñecerá a beleza inquedante das irmáns Ana e Aurora e enfrontarase ás gadoupas dun animal que non ten medo do home nin do lume.

Este é o arranque argumental de *Pel de lobo*, a novela de Xosé Miranda, gañadora do Premio Merlín 2002. Unha novela de aventuras e terror que recrea o mito popular e literario do lobis-home. Escrita nunha prosa de alta calidade literaria, empregando unha lingua popular moi puída, Xosé Miranda crea nesta novela engaiolante a atmosfera desacougante das fazañas e das crenzas sobre o lobo nas aldeas da montaña luguesa.

O AUTOR

Ver páxina 110

O QUE DINOS LECTORES

«Eu disfruto hoxe con *Pel de lobo* de Xosé Miranda, e recoméndolles a lectura polo que ten de boa prosa, excelente ambientación e argumento interesante.» (X.L. Méndez Ferrín, *Faro de Vigo*).

«Pel de lobo recolle a tradición e, desde a súa mesma esencia (un grande coñecemento antropolóxico e da sicoloxía popular) revitalízaa sen ter que acudir a nada estraño a ela.» (Xosé M. Eyré, *A Nosa Terra*).


«Pel de lobo aporta unha aventura propia, de fonda raíz galega pero con valor universal.» (Xesús Fraga, *La Voz de Galicia*).

«Unha novela de aventuras no senso máis puro, a lectura polo pracer de disfrutar...» (Xosé Freire, *A Nosa Terra*).

«Pel de lobo vén ser unha mostra máis de que a obra de Miranda está dotada dun extraordinario modo de fabular que o sitúa nun dos postos relevantes no mundo da creación literaria galega.» (María Navarro, *Faro de Vigo*).

«Xosé Miranda emprega con grande habelencia todos eses elementos do imaxinario e da mitoloxía popular galega para ir creando pouco a pouco a atmosfera de medo e terror que demandaba a fabulación.» (Francisco Martínez Bouzas, *El Correo Gallego*).

«Unha novela moi ben artellada... tan intensa e apaixonante que parafusa ao asento a todo aquel que lle conceda o beneficio dunhas cantas páxinas de lectura.» (Armando Requeixo, *Revista Tempos*).



67. CRAZY

BENJAMIN LEBERT

Código COMERCIAL: 1365067

208 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE FRANK MEYER

1º ciclo ESO

A OBRA

Cando Benjamin cumpre dezaseis anos inicia a experiencia do seu quinto internado. Botárono dos catro centros anteriores. Benjamin, que padece unha parálise parcial no lado esquerdo do seu corpo, non é feliz con ter que deixar a súa familia e é moi escéptico sobre as posibilidades de mellorar as súas malas cualificacións. Todo mudará cando coñece a Janosch, ao seu carismático compañeiro de cuarto, e a toda a súa panda de amigos que o seguen por todas partes. Benjamin comezará, entón, a sentir que encaixa no seu novo grupo e compartirá con eles aventuras prohibidas: desde visitas ao cuarto das rapazas ou escapadas a clubs de strip-tease. Están aprendendo e tratando de interpretar a súa vida aos dezaseis anos. Nestas páxinas hai un mozo aprendendo o que son os amigos, as rapazas, e cómo atopar o mellor camiño nun mundo tolo sendo el mesmo un tolo.

Crazy é, pois, unha novela en clave autobiográfica que narra a historia dun adolescente cunha minusvalía física que vive marcado polo fracaso escolar.

O AUTOR

Benjamin Lebert (Friburgo, Alemaña, 1982) vive en Múnic desde que ten oito anos. Escribe artigos para o suplemento xuvenil do *Süddeutsche Zeitung*, o xornal máis lido de Múnic. *Crazy* (Xerais, 2003), escrita cando tiña só dezaseis anos, a súa primeira novela, converteuse en tan só dez días en récord de vendas no seu país.


O QUE DIN OS LECTORES

«O maior logro desta novela é que está escrita por un rapaz de dezaseis anos e é absolutamente crible.» (*New York Times Book Review*).

«A voz de Lebert é seductora dende a primeira páxina e as súas observacións tan enxeñosas como sinxelas fan deste libro unha impresionante primeira novela dun xove escritor con moito talento» (*Booklist*).

«Crazy é unha novela fresca, chea de enerxía, despiadadamente consciente.» (*Der Spiegel*).

«Crazy lese ben, suscita sorrisos pero tamén reflexións.» (Frank Meyer. *Faro de Vigo*).



68. LÚAS DE NÁCARA

FINA CASALDERREY

Código comercial: 1365068

136 páxinas

2ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

O xardiñeiro Cosme traballa so as lúas de nácara, cando as sombras cobran luz e os amantes soñan con ser camelias e florecer mesmo no inverno. Henrique Bouzas, un emigrante retornado, acude a unha cita nos xardíns do sur para pagar a débeda que o seu avó mantiña cun dos seus familiares. Os refachos de néboa no camiño devolven o amor perdido á peregrina. Víctor, un xove escultor múdase ao Residencial Cero, unha novidosa urbanización de apartamentos sen fiestras nin portas que reúne soidades e constrúe un novo pensamento. Os médicos do servizo de urxencias diagnosticáronlle que o seu corazón fuxira do seu corpo...

Lúas de nácara son cinco relatos unidos todos eles por estar feitos coa materia dos soños, do amor e da soidade, ambientados nesas horas de nácara nas que as sombras cobran luz. Un libro para os lectores e lectoras que se atreven a sorprenderse e emocionarse.

A AUTORA

Ver páxina 9

O QUE DIN OS LECTORES

«Casalderrey desenvolve ambientes de intriga e misterio, ambientes perforados por raiolas de selecto lirismo que aparecen e reaparecen para que non esquezamos que o camiño é saber (e poder) sentir.» (Xosé M. Eyre. *A Nosa Terra*).



69. O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA

M.ª XOSÉ QUEIZÁN

Código COMERCIAL: 1365069

112 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

1º ciclo ESO

A OBRA

Lazo, unha rapaza de doce anos, emprende viaxe coa súa tribo dos Amala desde a illa de Rocasul cara ao Sur. No barco, a avoa Sensatanai cóntalle a historia dos terroríficos Lurpios, que botaran a tribo da illa de Tule por atopar unha espada coa que mataron o Gran Dragón. Na perigosa travesía avistan a Caverna dos Tesouros, que arrastra o barco ata que se desprenden de todas as xoias e amuletos, podendo logo continuar camiño co mar embravecido e néboa. Entran pola Costa da Morte e aínda que non baten coa nave pirata dos terribles Pindos, as mulleres da Illa Lobeira atraen aos homes, devorando algúns ao chegar a noite, cando se converten en lobas. Chegan por fin a Findasol, cidade á que acoden peregrinos de todo o mundo para ver morrer o sol no mar. Pero os habitantes de Tule non se afacían á cidade e instaláronse en chouzas no campo.

Camiñando polo monte, Lazo atopou un día tres pedras, escolitou unha palabra tres veces e abríuselle unha cámara onde estaba unha vella vellísima: é a Custodiante do Segredo da Pedra Figueira, que contén a Sabedoría e todo o Ben. Proponlle que ela sexa a súa sucesora e viva alí illada custodiando a pedra e feliz coñecendo a Verdade. Pero ela prefire vivir a vida coas súas xentes. Aprendeu a labrar a terra e pescar e ás veces fica abstraída, porque sabe un segredo: o da Pedra Figueira.

O segredo da pedra figueira é, ao mesmo tempo, relato iniciático, parábola contra o poder e evocación de certos aspectos da nosa xeografía, historia e mitoloxía.

A AUTORA

María Xosé Queizán (Vigo, 1939). Licenciada en Filosofía e Letras. Profesora de Lingua e Literatura Galegas no Instituto Alexandre Bóveda de Vigo. Pioneira dentro do feminismo galego. Colaboradora literaria de *La Voz de Galicia*. Directora da revista *Festa da palabra silenciada* e, dende 1999, da colección "As Literatas" de Edicións Xerais de Galicia. Como ensaísta publicou: *A muller en Galicia* (1977), *Recuperemos as mans* (1980), *Evidencias* (Xerais 1990), *Escrita da certeza* (1995), *Misoxinia e racismo na poesía de E. Pondal* (1998) e *Racionalismo político e literario* (Xerais, 2004). Como poeta: *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993) e *Fóra de min* (1995) e *Non o abras como unha flor* (Xerais, 2004).

Como narradora ten publicadas as seguintes novelas: *A orella no buraco* (1965), *Amantia* (Xerais 1984), *A semellanza* (1988), *O segredo da pedra figueira* (Xerais, 1989, 2003), *Amor de tango* (Xerais 1992), *O solpor da cupletista* (Xerais 2003) e *Ten o seu punto a fresca rosa* (Xerais 2000), ademais do volume de relatos *¡Sentinela alerta!* (Xerais 2002) e de diferentes relatos en revistas e publicacións colectivas, como "As botas" en *Contos eróticos / elas* (Xerais 1990); "O vendedor de alfombras", relato incluído en *Berra liberdade* (1996). Froito da súa actividade teatral é *Antígona, a forza do sangue* (Xerais 1991). Traduciu para o galego, entre outras obras, *Fenda, loucura e morte* (Xerais 1998), *Ana soror...* de Marguerite Yourcenar (Xerais 2002) e *A pedra angular* de Emilia Pardo Bazán (Xerais 2003).

O QUE DIN OS LECTORES

«O segredo da pedra figueira *introduce no seo da literatura infantil e xuvenil galega unha perspectiva feminina claramente liberadora, unha consciente actitude creativa a favor das nenas. A historia dende o outro lado. Os esquemas tradicionais conscientemente alterados. Pero sen perder nada de pulo, interese, axilidade narrativa, intriga e sedución. Un título obrigado en calquera selección de literatura xuvenil.*» (Carmen Blanco. *Prólogo*).



70. MORGÚN

SUSO DE TORO

Código COMERCIAL: 1365070

172 páxinas

3ª edición

PREMIO LECTURAS GALIX 2005

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

A profecía do vello druída da fortaleza de Baroña, onde o rei Brath fora asasinado polo seu fillo Corrub, habíase cumprir: “o que morreu con traizón voltará polo mar, entrará no castro tres veces e entón recuperará o reino usurpado polo seu fillo. E o rei será raíña e a espada será o seu signo”. Morgún –aquel meniño aparecido na Lagoa onde moran as señoras da maxia e preto da Laxe do sol e da lúa, a pedra onde están escritos todos os destinos dos vivos– será o brillante guerreiro que libere da indignidade a aquela comunidade que asistirá ao nacemento do seu señor Breogán. Esta novela épica ten por narrador a Dous Corvos, un guerreiro que narra o acontecido a Morgún, a quen el chama Lobo Máxico, un heroe celta que foi atopado cando meniño cun ollo de cada cor e cunha manda de lobos protexéndoo. A súa é unha historia chea de sangue, de feitos grandes e portentosos, de loitas, de terribes desgracias e de maxia.

O AUTOR

Ver páxina 5

O QUE DIN OS LECTORES

«Morgún ofrece unha cativadora recreación dos mitos artúricos, homéricos, bíblicos, shakesperianos e aínda tolkienianos que converte a novela nun crisol de tradicións lendarias e, asemade, nunha atraínte historia celtizante de fondo simbólico.

Latexante fervedoiro de guerreiros, maxias e irremediabes e gloriosos

*destinos: Na mellor tradición.» (Armando Requeixo. Revista *Tempos*)*
«Suso de Toro recrea esta lenda céltica dun xeito apaixonante. Pódese definir o seu contido nunha soa frase: «lendas de amor e odio en terras de ninguén». Neste relato atópase a memoria dos devanceiros desta terra que tanto sangue veu verter. O carácter nobre, fantástico, heróico, traizoeiro que lle dá a cada personaxe fai del un verdadeiro conto de fadas escrito no século XX. Penso que esta historia máxica e enfeitizadora dá un sopro de aire fresco á conciencia de pobo, de nación da que foi unha vez a Galiza da cultura céltica e loitadora da que naceu o sentimento da reivindicación cultural, nacional, lingüística e en moitos casos política e territorial pola que loitou aquel heroe que chamaban Breogán.» (Fadi Mbarek, alumno do I.E.S. Antonio Fraguas de Santiago).



71. ONDE O SOL NON ADORMECE

ANTÓN CORTIZAS

Código COMERCIAL: 1365071

264 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Días antes da súa entrada na Universidade, Pedro escribe as lembranzas da súa vida con Xulia, a súa amiga dende o berce. A ausencia de Xulia, que daquela viaxa a Estocolmo para ser operada dunha lesión conxénita e así recobrar a vista, e a presenza dunha vella caixiña de cedro, un obxecto máxico e misterioso, desencadea no mozo unha esculca apaixonada do horizonte, das paisaxes e dos soños que ambos os dous compartiron. Dúas vidas condensadas en catorce días que permiten comprender que cando se vive amando, un minuto pode durar unha eternidade. Unha emocionante novela de amor que densifica as ansias de dúas persoas que se amaron nunha paisaxe onde o horizonte se chama esperanza. Unha novela de intriga que esculca os límites entre a fantasía e a realidade, entre a luz e a escuridade.

O AUTOR

Ver páxina 25

O QUE DIN OS LECTORES

«O lector ou lectora saberá apreciar unha boa escrita capaz de transmitir tantos sentimentos.» (Paula Fernández. *Faro de Vigo*)



72. IRMÁN DO VENTO

MANUEL LOURENZO GONZÁLEZ

Código comercial: 1365072

208 páxinas

6ª edición

PREMIO MERLÍN 2003

PREMIO FREI MARTÍN SARMIENTO 2005

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

“Son koblai, da tribo de Zalb. Son iraquí e musulmán. Son árabe. Son Khaled ben Sayiam, cidadán do mundo.” *Irmán do vento*, gañadora do Premio Merlín 2003, é a historia de Khaled, un rapaz dunha apartada aldea do Iraq que, coma outro rapaz calquera, ten unha familia, ten amigos, unha casa, unha vida, ten un amor, ten proxectos. Ata que, de repente, a guerra. *Irmán do vento* é a crónica da destrución inexorábel de todo canto Khaled é e de canto soña ser. *Irmán do vento* é tamén a narración emocionante da loita contra ese destino imposto e pola recuperación da dignidade e da esperanza.

Irmán do vento é, pois, unha novela de aventuras, na que empregando dous narradores, un que introduce a acción e outro que é o protagonista, conta o que lle acontece a Khaled, un rapaz iraquí no medio da recente guerra. A acción transcorre, pois, en dous tempos; no primeiro un dos narradores dá conta de como o protagonista da historia entra na súa vida, e tempo despois se reencontra con el, para darlle a súa voz e relatar as condicións de vida do seu pobo en tempos de guerra. A novela reflite cómo a infancia, o sector máis inocente da sociedade, vive un conflito bélico e sofre as súas consecuencias máis duras, sen ser consciente das causas nin das circunstancias nas que se desenvolve.

O AUTOR


Ver páxina 98

O QUE DIN OS LECTORES

«Aínda que escrita por un occidental, detrás de Irmán do vento hai unha importante labor de documentación e a vida que se le nas súas páxinas ten recendos de autenticidade, está escrita con axilidade e destreza narrativa, o que é mérito a engadir á emocionante procura do pai. (...).

Deste xeito, na novela contrastan a crueldade da guerra (con pasaxes arrepiantes) e a tenrura do amor.» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).

«Esta novela ten o encanto e o interés dos clásicos relatos de aventuras pero, ademais, é unha oportuna aproximación vivencial á trágica realidade dun pobo do que tanto temos oído falar pero que ao fin resúltanos descoñecido.» (M^a Jesús Fernández. *Revista CLIJ*).



73. THE CORUNNA BOATS

Xelís de Toro

Código COMERCIAL: 1365073

136 páxinas

1ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

Cando Robin Donegan espertou en terras leonesas e viu aquela cantimplora do seu pai arredor do seu pescozo comprendeu que fora abandonado polo exército inglés de Sir John Moore que, perseguido polas tropas francesas, iniciaba a súa retirada camiño do porto da Coruña. Dende entón este afouto inglésiño de trece anos emprenderá unha longa viaxe na procura de “The Corunna boats” na que contará coa axuda, a protección e a amizade da familia do xitano Marcial. Unha viaxe na que coñecerá as penurias e os horrores daquela guerra da francesa-da, librada en Galicia hai case douscentos anos, e na que ao seu remate deberá escoller a rota que oriente a súa vida. Xelís de Toro ofrece unha novela de trasfondo histórico, de indubidable carácter iniciático, dirixida ao público xuvenil, onde se abordan os grandes temas e cuestións que interrogan aos mozos de todos os tempos: o amor, a amizade, a familia, o mellor camiño para dirixir a súa vida.

O AUTOR


Xelís de Toro (Santiago, 1962) comezou no mundo literario galego escribindo e editando revistas como *Favorita* e *Terminal*. Foi cantante e letrista dos Quinindiola. No ano 1989 obtivo o premio Compostela Cultural coa novela *Seis cordas e un corazón* (Xerais Negra, 1989), que asinou cun dos seus pseudónimos *Roque Morteiro*. En 1990 gañou o premio Cidade de Lugo con *Non hai misericordia* (1990, Xerais 2003), o libro co que obti-

vo o maior éxito de lectores. A esta obra seguiríanlle *Terminal* (1994), co que realizaría performances poéticas en Galicia e Inglaterra; *Os saltimbanquis no paraíso* (1999), novela, premio Arcebispo Juan de San Clemente de 2000; e *The Corunna boats* (Xerais, Fóra de Xogo 2004), novela.

O QUE DIN OS LECTORES

«(...) *Unha subxugante trama na que se enlean con mestría a bohemia vagabunda do pobo xitano coas tropas da afrancesada e os exercitos de John Moore. Unha emocionante sucesión de episodios trepidantes cos que será imposible que fiquen indiferentes os que se acheguen ás súas páxinas.*» (Armando Requeixo. Revista *Tempos*).

«(...) *Trátase dunha novela de aventuras de moi doada lectura que prende e mantén con facilidade a atención do lector.*» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).



74. TRES PASOS POLO MISTERIO

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365074

216 páxinas

4ª edición

1º ciclo ESO

A OBRA

Este novo libro de Agustín Fernández Paz recolle tres relatos nos que a presenza do misterio ocupa un lugar central. En cada un deles unha persoa narra un suceso inqueda e inexplicable que acabou por mudar de xeito profundo a súa vida. O arqueólogo de “A serpe de pedra” conta os terribles acontecementos acaecidos nun museo de Lugo provocados pola maldición agochada durante miles de anos baixo un monumento megalítico. O xove peregrino de “A vella foto das estrelas” relata como debido a un encontro marabilloso acaecido no Camiño de Santiago tocou o misterio da presenza terrible e marabillosa que vén coa noite chea de estrelas. O historiador de “As sombras do faro” rememora, trinta anos despois, os estraños e desacougantes sucesos, tan claros na súa memoria, da enigmática torre de Pontebanca, un faro derruído, onde se viviron experiencias terribles. Un libro que guía os nosos pasos polos camiños do misterio, da intriga e do terror.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES

«Velaquí un bonito libro que reúne tres relatos, sen desmerecer un do outro. (...)»

Prosa meticulosa pero fluída, ben argumentada.» (Manuel Vidal Villaverde. *Atlántico Diario*).

«Nas tres narracións acontece algún feito que se arreda das leis que rexen a natureza e abre unha fiestra ao máis alá.

*Velaquí un dos grandes narradores, capaz de engaiolarnos cunha escrita chea de historias e de vida.» (Francisco Martínez Bouzas. *El Correo Gallego*).*

*«Tres historias onde o personaxe protagonista vai narrar en primeira persoa algún suceso inquedaante que ficou para sempre nas súas lembranzas polo inexplicable da situación e que dalgunha maneira influíu no resto da súa vida.» (Paula Fernández. *Faro de Vigo*).*



75. O INFERNO DE MARTA

PASQUAL ALAPONT

Código COMERCIAL: 1365075

200 páxinas

6ª edición

TRADUCCIÓN DE IGNACIO CHAO

INCLÚE *A MÁSCARA DO AMOR*

de VICENTE GARRIDO

2º ciclo ESO

A OBRA

Cando aceptou saír con aquel mozo, Marta non sabía que poñía un pé no inferno, e que a partir de entón sería tan doloroso penetrar como tratar de escapar de alí. Esta novela de Pasqual Alapont, escrita ao xeito dun thriller, con psicópata incluído, pon os pelos de pé. Esta é a historia de Marta, unha moza que se enamorou da persoa equivocada; pero tamén é a historia dunha amizade a proba de bombas que cativa pola súa tenrura. O libro complétase con *A máscara do amor*, un texto no que o psicólogo e criminalista Vicente Garrido analiza os comportamentos de risco que calquera persoa moza debería ter en conta para evitar caer no inferno do maltrato físico ou psicolóxico. Un libro útil que combina unha novela emocionante chea de suspense e un práctico libro de autoaxuda.

O AUTOR

Pasqual Alapont Ramon (Catarroja, 1963) é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Valencia. Escritor, editor, guionista, actor e director de escena, ten publicado numerosos libros en catalán: *Mitjacua i la sargantana del mar*, Premi Enric Valor de Literatura Infantil 1984, escrito colaboración con Antoni Torregrossa; *¡No sigues bajoca!* (1986), narrativa infantil; *¡Estàs com una moto!* (1988), narrativa infantil; *¡Me'n vaig de casa!* (1993), narrativa infantil; *Pipistrellus pipistrellus, set dies en la vida d'un quiròpter*, (1994), narrativa infantil; *Quin sidral de campament!*, (1996), novela xuvenil; *Els viatges de Marco Polo*

(1996), teatro infantil; *Alicia*, (1997), teatro infantil; *Això era i no era*, (1998) teatro infantil; *Beatrius*, (1997) teatro; *Curriculum*, (1998), teatro; *Ara sí que t'has refredat!*, (1998), narrativa infantil; *Menjaré bolluc@os per tu*, Premio Bancaixa de Narrativa Xuvenil 1999; *Tres tristos traumes*, (2000), teatro; *Un estiu sense franceses*, (2000) novela xuvenil; *El circ de la fosca*, en *Umbracles*, (2001), teatro; *L'ovella negra*, Premio EDEBÉ de literatura xuvenil 2001, Premi Serra d'Or de la Crítica, Seleccionada pola The White Ravens de la Internationale Jugend Bibliothek e traducida para o galego como *A ovella negra* (2002); *Tota d'un glop*, Premi Joanot Martorell 2002, novela xuvenil; *L'infern de Marta* (2003), novela xuvenil traducida para o galego como *O inferno de Marta* (Xerais 2004); *Barrotes dourados*, (Xerais 2007).

O QUE DIN OS LECTORES

«*Con vocabulario accesible, lonxe de calquera complexidade, procura a virtude dunha lectura sen estorbos en beneficio da historia, dunha historia exemplar.*» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).

«*Ás veces un agradece que as novelas agarren a realidade e lle dean un bo repaso. O inferno de Marta é un novo acerto de Xerais, porque trata un problema que, por desgraza, acaba cada ano coa vida de decenas de mulleres: os malos tratos.*» (M. O. *La Voz de Galicia*).



76. EU, QUE MATEI DE
MELANCOLÍA AO PIRATA
FRANCIS DRAKE

GONZALO MOURE

Código COMERCIAL: 1365076

192 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE IGNACIO CHAO

1º ciclo ESO

A OBRA:

A finais do século XVI, despois da derrota da Armada Invencible, Jovino vive diversas aventuras nas que coñece o amor, a amizade pero tamén a morte e o sentimento de vinganza. Nas augas de Porto Rico, suxire ao almirante Sancho Pardo de Donlebún unha trampa para atraer ao mítico corsario inglés.

Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake é unha novela histórica de piratas, ambientada no século XVI, onde Gonzalo Moure recrea a historia de don Sancho Pardo de Donlebún, un antepasado seu, ilustre mariño castropolense que pasou a historia por ser o primeiro en derrotar ao lendario pirata Francis Drake, encargado polo goberno inglés de abordar e saquear aos galeóns que facían a rota do Novo Mundo cargados de tesouros.

O AUTOR

Gonzalo Moure (Valencia, 1951) estudou Ciencias Políticas, exercendo o xornalismo, fundamentalmente en radio, a principios dos anos setenta. En 1989, pasou a dedicarse integrante á escritura. Actualmente vive en Asturias. En 1991 publicou a súa primeira novela, *Geranium*, que foi incluída na Lista de Honra do IBBY. Desde entón obtivo numerosos premios polas súas obras de literatura infantil e xuvenil. *¡A la mierda la bicicleta!* (premio Jaén 1993, *Lili Libertad* (Premio Barco de Vapor 1995), *Maíto Panduro* (premio Ala Delta 2001), *El síndrome de Mozart* (Premio Gran Angular 2003). En lingua galega publicou *O boce-*

xo do puma (2000), *Palabras de caramelo* (Xerais, Sopa de Libros 2003), *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake* (Xerais, Fóra de Xogo 2004).

O QUE DIN OS LECTORES

«(...) *Poderíamos falar deste libro coma un instrumento de lecer que se torna un documento importante para coñecer a historia lendo ao tempo que contenta aos vellos nostálgicos amantes dos libros de piratería.*» (Paula Fernández. *Faro de Vigo*).



77. CADERNO DE RIPARIA

XOSÉ A. PEROZO

Código COMERCIAL: 1365077

144 páxinas

2ª edición

PREMIO NOVELA POR ENTREGAS

La Voz de Galicia 2003

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

O famoso escritor Simón Carrera pasa as vacacións de agosto en Riparia, unha illa pequena, onde os seus poucos habitantes están acostumados a convivir coas pantasma. Dende a primeira noite na casa solitaria dos catro camiños, que alugou a Cacabi, o alcalde e cacique do pobo, descubrirá o rostro dun aforcado que se dissolve na penumbra da madrugada. Aquela casa, onde o Simón pretendía tecer o argumento da súa nova novela, gárdalle unha historia trágica e inqueda que se nega a ser borrada da memoria do tempo. *Caderno de Riparia* de Xosé A. Perozo, obra gañadora do Premio de Novela por entregas de la Voz de Galicia 2003, é unha engaiolante narración de intriga que esculca os labirintos da memoria e as feridas dos acontecementos daqueloutro verán de 1936. Unha novela fascinante onde se mesturan as pantasma, as sombras e os pesadelos dun lugar maldito co sol do verán sobre un mar largacío que ilumina a descuberta dun vello segredo.

O AUTOR

Xosé Antonio Perozo (Llerena, Extremadura, 1951), escritor e xornalista, reside en Galicia dende os anos setenta e distinguiuse pola súa militancia no uso do galego e o seu labor a prol da cultura galega na prensa. Traballou en diversos medios de comunicación e foi director da Área de Cultura da TVG, director literario de Ir Indo e director da *Enciclopedia Galega Universal* ata o tomo IX. Deseñou e dirixiu a promoción de Com-

postela 93, do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España, e de Compostela Cidade Europea da Cultura do 2000, entre outros eventos. Como escritor ten publicados unha trintena de títulos que abranguen desde obras de teatro: *Tal vez Francisco de Zurbarán*; pasando por novelas infantís: *O enigma de Embivicus*, *Contos máxicos*, *Aquellos días malditos*, *O vento de Antón* (Xerais 2004), conto; libros de divulgación: *Quen é quen no primeiro Parlamento Galego* (Xerais 1983), *Celso Emilio Ferreiro, compañeiro do vento e das estrelas*, *Compostela, Patrimonio de la Humanidad*; e narrativa: *Bailables*; *La furia del carnero*; *Martazul* (Premio Blanco Amor 2001), *Caderno de Riparia* (Premio de Novelas por Entregas de La Voz de Galicia 2003, Xerais 2004), *Rosas para Gabriela, Segunda convocatoria* (Xerais 2004), relatos e *Espérame* (Xerais 2006), novela.

O QUE DÍN OS LECTORES

«O autor responde con eficacia ás esixencias do xénero. É quen de manter o interese da trama a base dun ritmo áxil, dunha lingua alicerzada na claridade, na corrección, nunha prosa fluída e directa, adobiada unicamente de frescor e soltura.» (Francisco Martínez Bouzas. *El Correo Gallego*).

«Un interesante xogo de luces e sombras acerca dos individuos e da realidade que os rodeou no pasado, que os mantén en suspense no presente e que os inqueda de cara ao futuro.» (María Navarro. *Faro de Vigo*).



78. GUÍA PARA XOVES MANIÁTICOS

Todo o que queres saber sobre o teu corpo, o sexo e a vida

AIDAN MACFARLANE/ANN MCPHERSON

Código COMERCIAL: 1365078

216 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE MONTSERRAT PAZ

2º ciclo ESO

A OBRA

Quedarei embarazada a primeira vez? Cal é o tamaño medio dun pene? Teño exceso de peso, que podo facer? Se probas un cigarillo, xa te fas adicto? Como sabes se es gay? Canta cantidade de alcohol é razoable beber nunha festa? Este libro resposta a estas e moitas outras preguntas reais tiradas dos milleiros de correos electrónicos recibidos na páxina web (teenagehealthfreak.org) que manteñen Aidan Macfarlane e Ann McPherson, autores tamén dos best sellers mundiais, traducidos ao galego e publicados dende hai trece anos por Xerais, *O novo diario dun xove maniático* e *Diario da outra maniática*. Preguntas e respostas sobre dores de cabeza e de corazón, como medrar e non deprimirse, anorexia e bulimia, hormonas e queixas paternas, sexo e drogas, furados e intimidacións e..., todo o que os adolescentes precisan saber sobre o corpo, o sexo e a vida. Se queres pasar un rato divertido e aprender unha chea de cousas, non o dubides: este é o teu libro.

OS AUTORES

Ver páxina 17

O QUE DIN OS LECTORES

«Un libro para ler de corrido (...). O ton divulgativo fai del unha lectura agradable e necesaria.» (Paula Fernández. *Faro de Vigo*).



79. CRÓNICAS MARCIANAS

RAY BRADBURY

Código COMERCIAL: 1365079

312 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE MAGDALENA

FERNÁNDEZ PÉREZ

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Colección de relatos que constitúe a crónica dos primeiros intentos dos habitantes da Terra, desde 1999 a 2026, para colonizar o planeta Marte, un deserto de area azul, con ruínas de cidades xadrezadas e ocasos amarelos. Os colonos, que via-xan en foguetes prateados, soñan con reproducir no Planeta Vermello a súa forma de vida convencional, pero levarán na súa equipaxe as súas enfermidades, que dezmarán aos marcianos, e amosarán moi pouco respecto por unha cultura planetaria, misteriosa e fascinante, que estes intentarán protexer da voracidade dos terrícolas. Historias aparentemente sinxelas que serven de excusa para que Ray Bradbury, un dos mestres da ciencia ficción do século XX, se mergulle nos misterios da alma humana e desenvolva unha das proezas máis apaixonantes da humanidade.

O AUTOR

Ray Bradbury (Waukegan, Illinois, 1920) é novelista, poeta, escritor de contos curtos, ensaios, obras de teatro e guións para o cine e a televisión. Está considerado como un dos máis importantes escritores de ciencia ficción do século XX. En 1989 foi nomeado Gran mestre da SFWA (Asociación de autores de ciencia ficción norteamericanos) e en 1999 recibiu o premio SF Hall of Fame por toda a súa carreira. Entre a súa extensa obra narrativa, formada por máis dunha trintena de obras, podemos citar os libros de relatos *O home ilustrado*

(1950) e *Crónicas marcianas* (1950, Xerais 2004) e a novela *Fahrenheit 451* (1950, Xerais 2005), antiutopía na que os libros están prohibidos e un grupo secreto de libros vivintes esforzase en transmitir de boca en boca a antiga cultura.

O QUE DIN OS LECTORES

«Á literatura galega seguen chegando, continua, mais paseniñamente, obras fundamentais do fondo literario contemporáneo. Desta volta, o pequeno regalo en forma de relatos procede da mellor ficción científica norteamericana. (...) A tradución consegue que o orixinal non perda viveza nin forza, xa que mesmo emprega un fermoso e rico vocabulario que gorentará e agasallará a quen desexe pasear por estas páxinas.» (Montse Penas Presas. *O Espello das Letras*).

«Xerais edita Crónicas marcianas, obra mestra da ciencia ficción de calidade (...).

O achado de que fai Bradbury e que lle transmite ao lector na novela é facernos crer que Crónicas marcianas é un libro sobre Marte, mais o certo é que é unha obra que trata de nós, os terráqueos ou os terrestres, de aí a súa perdurabilidade no tempo e a súa actualidade.» (Xosé Freire. *A Nosa Terra*).



80. O BRINDO DE OURO
I. A CHAMADA DO BRINDO
XESÚS MANUEL MARCOS

Código COMERCIAL: 1365080

240 PÁXINAS

2ª EDICIÓN

PREMIO MERLÍN 2004

PREMIO THE WHITE RAVENS 2005

1º ciclo ESO

A OBRA

Selmo, o fillo do gardián da tribo dos arxinas, coñece a desfeita de Cido, a súa aldea, que foi incenditada polos seus inimigos, os valecos da tribo dos brucedos. Na súa fuxida, Selmo, acompañado de Lombán, o seu lobo albino, atopará a dous heroes, Toimil e Oulego, que o axudarán, xunto coa Valiña da Osa, unha xida, meiga protectora da aldea, a desvelar o misterio do Brindo de ouro, ese corno máxico que os protexe, porque lles proporciona a valentía que os fará invulnerables. *O Brindo de Ouro. I. A Chamada do Brindo* de Xesús Manuel Marcos, premio Merlín de literatura infantil e xuvenil 2004, é unha novela de aventuras, épica e fantástica, que remite a un pasado mítico, onde o heroísmo e a maxia ocupan un lugar sobranceiro. Un texto que crea un mundo autónomo, ao xeito de Tolkien, e conforma unha novela escrita coas pautas das obras de espada e bruxería sobre o trasfondo da paisaxe e da toponimia das terras do Caurel.

O AUTOR

Xesús Manuel Marcos (Seoane do Caurel, 1967), cursou estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente traballa como funcionario da Administración de Xustiza en Madrid. Deuse a coñecer como narrador en 1994 co relato "Aliados solitarios" Premio Modesto Rodríguez Figueiredo do Pedrón de Ouro (1994), ao que seguiron o Premio Manuel Murguía do Concello de Arteixo (1994) polos

seus relatos *A cela de arame* e *Fuxidos* (publicados no volume Relatos, Laiovento 1995) e o Premio de Novela Curta do Concello de Marín (1996). Ten publicado, ademais, a novela *En terra perigosa* (Espiral Maior, 1996), o libro de relatos *Terra queimada* (Laiovento, 1997), que mereceu o Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero convocado polo Concello de Ferrol no ano 1995, a novela *O Brindo de ouro. I. A chamada do Brindo* (Xerais 2004), premio Merlín 2004, o libro de relatos *Fonte de Esperante* (Xerais, 2005) e a novela *A lúa dos Everglades* (Xerais 2007) Premio Terra de Melide 2007. As súas colaboracións xornalísticas están publicadas en *O Correo Galego*, *La Voz de Galicia* e en *El Progreso*.

Mantén o seu blog <http://oulego.blogspot.com>

O QUE DIN OS LECTORES

«(...) Trátase ao mesmo tempo dunha historia de amizade, de axuda, de valor, de servizo aos demais, de respecto, de restablecemento da honra perdida... onde as aventuras dos personaxes e, por extensión, de todo o pobo son vividas de forma moi intensa.» (María Navarro. *Faro de Vigo*).

«Marcos agasállanos cunha novela de aventuras onde os valores da amizade, nobreza e lealdade forman unha aventura en constante movemento.» (Xosé Freire. *A Nosa Terra*).



81. TODO VAI IR BEN

SILVESTRE GÓMEZ XURXO

Código COMERCIAL: 1365081

160 páxinas

1ª edición

FINALISTA PREMIO MERLÍN 2004

2º ciclo ESO

A OBRA

Minia está preocupada porque non sabe o que lle pasa a súa nai. As idas e voltas constantes ao médico co seu pai, as súas apertas máis emocionadas ca de costume ou os seus ollos apagados convécena de que algo grave lle está sucedendo. As conversas que Minia, xa na altura dos quince anos, mantén con Churbi, o seu peluche, axúdana a reflexionar e a comprender que mesmo diante dos problemas máis difíciles e dolorosos cómpre encarar a vida con serenidade, confianza e esperanza. *Todo vai ir ben*, terceira novela xuvenil de Silvestre Gómez Xurxo, aborda con delicadeza e profundidade humana o tema do cancro, dende a experiencia dunha adolescente que está abrindo os seus ollos á vida e se ve obrigada a compartir o sufrimento e a loita contra a enfermidade grave da súa nai. Novela realista, artellada no xogo de dúas voces narrativas, proporciona unha visión informada e de lectura emocionante sobre algúns dos problemas aos que inevitablemente se enfrontan moitos seres humanos.

O AUTOR

Silvestre Gómez Xurxo (Beba, Mazaricos 1951) é mestre, licenciado en Xeografía e Historia e Psicopedagogía. Director da Escola de Formación Social de Vigo. Autor de numerosos materiais educativos destinados ao ensino da lingua galega, do coñecemento do medio e de matemáticas na Educación Primaria publicados por Edicións Xerais de Galicia. Co-autor,

xunto con Ana María Llanes do método de aprendizaxe da lectura en lingua galega *De Vagar* (Xerais 1999, 2003). O seu primeiro libro foi *Conversas do Pai Seixas* (1985). Ten publicadas as seguintes obras de literatura infantil e xuvenil: *Déixao medrar* (Xerais 2000), novela; *Ith* (Xerais 2001), novela e *Todo vai ir ben* (Xerais 2005).

O QUE DIN OS LECTORES

«Non é frecuente que a literatura xuvenil trate temas de fondo calado social, por iso o valor desta narración que nos ocupa.» («Nordesía». *Diario de Ferrol*).



82. A CIDADE EN CHAMAS

ARIEL E JOAQUÍN DORFMAN

Código COMERCIAL: 1365082

304 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE MOISÉS RODRÍGUEZ BARCIA

1º ciclo ESO

A OBRA

Heller Highland é un anxo da morte. Durante o verán anterior ao 11 de setembro de 2001, percorre velozmente na súa bicicleta as rúas de Nova York, unha cidade que semella se vai derreter. Heller, un adolescente maduro e consciente das inxustizas que existen no mundo, traballa ao servizo da empresa *Noticias Suaves* onde é o encargado de entregar as malas noticias. E fai-no de forma tan amable e considerada que os destinatarios das súas entregas, a maior parte emigrantes rusos, indios ou chilenos, o recoñecen como un mensaxeiro da esperanza. *A cidade en chamas*, escrita en colaboración por Ariel Dorfman e o seu fillo, o autor teatral, Joaquín Dorfman, constitúe unha das novelas máis orixinais e exitosas para xoves das publicadas recentemente nos Estados Unidos.


OS AUTORES

Ariel Dorfman (Bos Aires, 1942), de nacionalidade chilena e actualmente residente nos Estados Unidos, é autor dunha extensa obra literaria traducida a trinta idiomas. Cultiva o ensaio, a poesía, o teatro e a novela. A peza teatral *A morte e a doncela* (1995) constitúe a súa obra máis universalmente coñecida, sendo adaptada ao cine por Roman Polanski. *Konfidenz* (1996), *Rumbo al Sur, deseando el Norte* (1998), *La Nana y el iceberg* (2000), *Terapia* (2001), *Acércate más y más: cuentos casi completos* (2002) e *Patos, elefantes y héroes: la infancia como subdesarrollo* (2002) son as súas últimas obras publicadas en España. En galego ten

publicado: *A rebelión dos coellos máxicos* (Xerais 2001), novela infantil e *A cidade en chamas* (Xerais 2005).

O QUE DIN OS LECTORES

«É este un argumento diferente e novidoso para unha novela urbana, moi dinámica e con xeito de ordenar os capítulos á maneira de secuencias cinematográficas, mesmo as situacións que reflicten semellan escenas dun filme con persecución, momentos dramáticos e amorosos, e onde baixo a aparencia dunha obra de ficción, se critica ese negocio dos sentimentos tan de moda agora.»
(Paula Fernández. *Faro da Cultura. Faro de Vigo*).



83. FAHRENHEIT 451

RAY BRADBURY

CÓDIGO COMERCIAL: 1365083

208 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE MAGDALENA

FERNÁNDEZ PÉREZ

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Fahrenheit 451: a temperatura á cal un libro prende lume e arde. Guy Montag é bombeiro. O seu traballo consiste en queimar libros, que están prohibidos e son fonte de discordia e infelicidade. Aínda así, Montag séntese desgrazado: o seu matrimonio está en crise. ¿Acaso hai libros agochados na súa casa? O Sabuxo Mecánico do Departamento do Lume, armado cunha agulla hipodérmica letal e escoltado por helicópteros, persegue aos disidentes que se atreven a ler.

Fahrenheit 451 de Ray Bradbury é unha novela situada nun futuro onde a xente xa non se interesa pola literatura. Constitúe xunto a *1984* de George Orwell e *Un feliz mundo novo* (Xerais, 1999) de Aldous Huxley, unha descrición profética da submisión de Occidente aos medios, ás drogas e ao conformismo. A novela de Bradbury resulta asombrosamente visionaria: televisións de tamaño de paredes que mostran telenovelas interactivas; carteis publicitarios de sesenta metros de longo nas estradas; altosfalantes en miniatura que a xente leva nos oídos para escoitar música e as noticias; a indiferenza das persoas con respecto a todo. A prosa poética e poderosa de Bradbury fúsióname cunha percepción extraordinaria sobre o potencial da tecnoloxía para crear unha novela que, cincuenta anos despois da súa aparición, aínda ten capacidade de asombrar e impactar.

Un clásico da literatura do século XX en galego, unha antiutopía na que os libros están prohibidos e un grupo secreto de libros vivintes esfórzanse en transmitir de boca en boca a antiga cultura.

O AUTOR

Ray Bradbury (Waukegan, Illinois, 1920) é novelista, poeta, escritor de contos curtos, ensaios, obras de teatro e guións para o cine e a televisión. Está considerado como un dos máis importantes escritores de ciencia ficción do século XX. En 1989 foi nomeado *Gran mestre da SFWA* (Asociación de autores de ciencia ficción norteamericanos) e en 1999 recibiu o premio *SF Hall of Fame* por toda a súa carreira. Entre a súa extensa obra narrativa, formada por máis dunha trintena de obras, podemos citar os libros de relatos *O home ilustrado* (1950) e os dous libros traducidos ao galego por María Magdalena Fernández Pérez, *Crónicas marcianas* (1950, Xerais 2004) e *Fahrenheit 451* (1950, Xerais en 2005).

O QUE DIN OS LECTORES

«*O que no seu momento debeu ser unha interesante obra de ciencia-ficción é hoxe un retrato metafórico de nós. O que converte esta novela, á que agora pode acceder o público en galego, nunha lectura inenudíbel e estarrecedora.*» (María Liñeira. *Lg3. Cultura Galega.org*).

«*Magnífico libro para lecer e meditar.*» (Xosé Feixó. *Faro da Cultura. Faro de Vigo*).

«*Non hai adornos nin cores, séntese o horror do que narra, domina a expresión das ideas e por iso é un acerto incluír como prefacio A lume vivo, unha alfaia que aclara moitas dúbidas sobre a novela.*» (Xosé Freire. *A Nosa Terra*).



84. UN HOME NA PRAIA

PEDRO FERRIOL

Código COMERCIAL: 1365084

192 páxinas

1ª edición

1º e 2º ciclo ESO

A OBRA

Paulo quedou orfo moi novo. Aos trece anos vencellou o seu destino ao do capitán Thomas e ao seu barco, no que ambos os dous navegaron durante e vinte e sete anos ata a xubilación do seu vello e entrañable amigo mariño. Xa en terra, Paulo consola as súas saudades de salitre na praia, onde un día atopará casualmente a Alma, unha serea que lle propón un bico de amor.

Un home na praia recolle unha ducia de contos fantásticos e de intriga, tinguidos todos eles coas doses de amor e fantasía suficientes que permiten que as situacións fortuítas transformen os destinos das persoas.

O AUTOR

Pedro Ferriol Suárez (La Habana, Cuba, 1948). Gradúase como mariño na Academia Naval do Mariel, de Cuba, e navega case que trinta anos por todos os mares do mundo, primeiro como Oficial de cuberta e despois como Capitán da Mariña Mercante. Esta longa vida como mariño subminístralle temas e experiencias que ás veces evoca nas súas narracións para nenos, mozos e adultos. Nos primeiros meses deste século comeza a escribir seriamente sobre ese material acumulado, ao que incorpora, ademais, importantes doses dunha peculiar fantasía. Na súa curta vida como escritor obtivo premios no IIº Concurso Internacional de Poesía e Narrativa do Instituto Cultural Latinoamericano de Buenos Aires, 2002. No Iº Concurso

Internacional de Poesía e Narrativa da revista Spaciarte de Buenos Aires, 2003. No Iº Concurso de Narracións Eróticas da Sociedade Galega de Sexoloxía, Pontevedra, 2003. Foi seleccionado entre os Elixidos para formar parte da 1ª Antoloxía «Elixidos 2003» da editorial Aries de Buenos Aires. Foi seleccionado ademais no grupo de finalistas do concurso de relato breve de La Felguera. Ten publicado o relato “Delfines” na revista Spaciarte de Buenos Aires e “Muñeca de ébano” e “Noches de carnaval” coa Sociedade Galega de Sexoloxía. No ano 2003 fixa a súa residencia en Pontevedra e traballa por integrarse na cultura do país. Con *Un home na praia* cumpre o seu soño de ver o seu primeiro libro publicado en lingua galega.

O QUE DIN OS LECTORES

«Un home na praia resulta tan ameno porque o estilo do autor se adapta sempre a unha escrita cinematográfica, cun emprego eficaz da intriga e da fantasía, sen descoidar nunca as ambientacións dos doce relatos que o compoñen.» (Laura Caaveiro. *Faro da Cultura. Faro de Vigo*).

«O libro instala no lector unha atmosfera de inqueda permanente que se mantén de relato en relato.» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).



85. O PORTAL DOS ELFOS

HERBIE BRENNAN

Código comercial: 1365085

416 páxinas

1ª edición

Tradución de Moises Rodríguez Barcia

1º e 2º ciclo ESO

A OBRA

Pyrgus Malvae é o príncipe herdeiro do reino dos elfos, onde está a piques de declararse unha guerra terrible. Uns sinistros personaxes, os terribles elfos da noite e os demos do príncipe Beleth, están dispostos a matar para facerse co control do reino. Diante da ameaza, Pyrgus vese obrigado a fuxir ao mundo dos humanos para salvar a vida. Mais os seus malvados inimigos sabotean o portal máxico que debía trasladalo e non aparece onde estaba previsto senón no xardín do señor Fogarty, un vello excéntrico e tronado. Cando os dous mundos se atopan, o universo enteiro se transformará. Coa axuda da súa irmá, a princesa Holly Blue, e do seu xove amigo humano, Henry, Pyrgus deberá volver a casa para liberar o seu reino das forzas do mal. Será quen de conseguilo?

Esta trepidante novela de aventuras propón vivir unha aventura excitante, chea de acción, maxia, intriga, ciencia e fantasía que o lector non quere que remate nunca. Elixido nos Estados Unidos en 2004 como o “mellor libro para xoves” e xa traducido a vinte linguas, *O portal dos elfos* é a primeira parte dunha triloxía, á que segue *The purple emperor*, publicado por Edicións Xerais de Galicia dentro da colección Fóra de Xogo.

O AUTOR

O irlandés Herbie Brennan vendeu cincuenta millóns de exemplares dos seus libros en cincuenta países. Estudou periodismo e traballou como editor nun xornal, mais dende mozo

se interesou pola psicoloxía e polas liñas de investigación non ortodoxas. Vencellado, tamén, ao mundo da física e da tecnoloxía, é membro da Sociedade Investigadora de Física de Londres. Ademais da literatura, dedícase a deseñar xogos de mesa e programas informáticos.

O QUE DIN OS LECTORES

«Este libro é capaz de alegrar o día de inverno máis desolador.» (*The Independent*).

«Un dos mellores traballos de fantasía que chegaron aos andeis das librerías nos últimos anos». (*The Times Educational Supplement*)

«Brennan é un escritor xenial que controla totalmente a súa intrincada trama para asegurar que os seus lectores non teñan acougo. Os personaxes son verosímiles e totalmente convincentes. Realmente irresistible.» (*The Guardian*).

«Unha fantasía intelixente, con grandes doses e chea de ciencia. É a elección perfecta para aqueles seguidores de Harry Potter que non saben que ler despois.» (*The Bookseller*).

«Un libro marabilloso, apaixonante, que se le dunha sentada e que obrigará aos lectores mozos e non tan mozos a aguantar a respiración.» (*The Booklover*).

«O portal dos elfos contén maxia, guerra, conflitos, princesas, aventuras, asasinatos e intrigas para agradar a todo tipo de lectores. Unha encantadora historia fabntástica para lectores de todas as idades. Unha mestura sorprendente de fantasía, mitoloxía e ciencia. Brennan é un mestre nos tres eidos. (Eoin Colfer, creador de *Artemis Fowl*).



86. RÚA CARBÓN

MARILAR ALEIXANDRE

Código comercial: 1365086

224 páxinas

4ª edición

FINALISTA PREMIO NACIONAL DE LITERATURA

INFANTIL E XUVENIL 2005

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Paula ten tres avoas, dúas en Donostia e a outra en Vigo. A punto de cumprir os dezasete anos, Maite, a súa nai, contálle que Iñaki, o seu pai biolóxico, foi coma ela mesma, militante de ETA político-militar e morreu, antes que Paula nacera, cando colocaba un coche bomba. O desvelamento deste segredo e as vacacións que pasará en Euskadi na casa das avoas Edurne e Nekane provocarán na vida de Paula unha conmoción tremenda e un nó moi difícil de desenovelar.

A AUTORA

Ver páxina 77

O QUE DIN OS LECTORES

«A sensibilidade amosada de cara o tratamento dun tema especialmente espiñento, o oído atento a escoitar tanto a uns coma a outros para logo facer xermolar un texto que se coloca na gama sempre prudente do gris, son factores de agradecer e para ter moi en conta á hora de valorar positivamente esta Rúa Carbón.» (Montse Pena Presas, *Revista Grial*)

«Unha narración valente, onde o conflito político vasco funciona como teón de fondo, sobre a procura complexa das identidades individuais e colectivas.» (*Lingua viva*)

«Moi interesante novela, narrada cunha linguaxe que a aproxima aos seus destinatarios e na que tamén atopamos outras querencias da autora como son as constantes referencias á música, á literatura e á tradición oral.» (*Revista CLIJ*)

«Trátase dunha novela que sorprende no panorama actual da literatura xuvenil en tanto se achega a unha temática de estrita actualidade e contén aspectos que favorecen a identificación do lectorado xuvenil e a súa reflexión sobre feitos que ocorren na sociedade que lles tocou vivir. Tal vez eles poidan ter na súas mans a clave para que haxa esa segunda oportunidade coa que remata o texto.» (Isabel Soto. Lg3. *Cultura galega.org*).

«O misterio, ben trobado, é o argumento literario máis sobrio e eficaz.» (Xosé Carlos Canceiro. *La Voz de Galicia*).

«A autora sabe manter a tensión do relato a través duns personaxes en constante actividade.» (Laura Caaveiro. *Faro da Cultura*)

«Rúa Carbón é unha desas novelas valentes, Marilar si que colleu o medo polo pescozo.» (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).

«Rúa Carbón aborda un problema pouco tratado na literatura xuvenil, do cal achega información e evita o sensacionalismo.» (Xesús Fraga. *La Voz de Galicia*).



87. SAGARMATHA

JOSEP-FRANCESC DELGADO

Código COMERCIAL: 1365087

200 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

TRADUCCIÓN DE IGNACIO CHAO

1º ciclo ESO

A OBRA

Doce alpinistas cataláns enfróntanse co reto de escalar o Everest (Sagarmatha en nepalés) a raíz da misteriosa morte de Mireia, unha compañeira durante unha ascensión anterior, mais o Gran Lama do mosteiro de Thiangboché mudará todas as expectativas. Quen é a deusa das neves? Que ten que ver a casa da divindade? Só a montaña ten a resposta. Sagarmatha é unha novela froito das viaxes e da paixón do escritor catalán Josep Francesc Delgado sobre as xentes que habitan as montañas máis altas do mundo. Unha proposta de lectura moi aconsellable para lectores e lectores mozos que queiran descubrir outros mundos, outras culturas, o misterio da aventura, a espiritualidade do mundo da montaña ou os segredos do deporte do alpinismo.

O AUTOR

Josep Francesc Delgado (Barcelona, 1960) é profesor de ensino medio, novelista, poeta e escritor de literatura de viaxes en lingua catalana. A súa paixón polo mundo do Himalaia levouno a escribir tres novelas sobre a xente que vive nas montañas máis altas do mundo: *Sagarmatha* (1988, Xerais 2005), premio Joaquim Ruyra de literatura xuvenil 1998; *Bajo el signo de Durga* (1992) e *Nima, el sherpa de Namche* (1993), premio Internacional Europa de 1993. Ademais é autor dunha estensa obra de literatura infantil e xuvenil, na que destacan obras como *Les llops de la lluna roja* (2002) e *Ulldevellut* (2003), escrito en colaboración con Herminia Mas.

O QUE DIN OS LECTORES

«O enfoque con que son presentados os feitos non só asegura a eficacia do suspense que domina todos os elementos narrados. Poderíamos engadir que a fragmentación que ofrecen as nove cartas dos diferentes expedicionarios, cunha consciente selección do material e voces, non só responde a unha pretendida orixinalidade de estratexia discursiva (de novela reportaxe), senón tamén a un deliberado contraste de pensamentos e pareceres.» (Manuel Rosales. *Faro de Vigo*).



88. O LAGO DAS GARZAS AZUIS

ALFONSO PEXEGUEIRO

Código COMERCIAL: 1365088

112 páxinas

1ª edición

1º e 2º ciclo ESO

A OBRA

O lago das garzas azuis de Alfonso Pexegueiro é un conto-poe-
ma que ten como protagonista o mundo infantil. As garzas azuis
viven nun lago que hai debaixo das areas do deserto de Nabal-
pam... Os nenos e as nenas de todo o mundo seguen polo serán
as garzas ata ese deserto onde se converten en Reiseñores Bran-
cos e así poden chegar ao Lago das Garzas para xogar e vivir, sen
seren collidos polos Cazadores de Reiseñores Brancos... *O lago
das garzas azuis* é definido polo seu autor como “un conto moi
longo sobre unha mentira moi grande escrito dunha maneira
moi curta e moi rara, mais é un conto de nadal para os nenos
da fame que non existen”; en definitiva, unha historia sobre os
nenos africanos que morren de fame e medo e aparecen como
fríos números das estatísticas. Esta obra foi definida por Manuel
Vázquez Montalbán como “un relato poético absolutamente
maxistral”; a súa vez Federico Mayor Zaragoza, presidente da
UNESCO, como «un conto conmovedor escrito coa esperanza
de que os sonhos nos axuden a descubri a realidade».

O AUTOR

Alfonso Pexegueiro (Angoares, Pontearreas, 1948). Pertenceu o
Grupo de comunicación poética Rompiente. Como poeta ten
publicado: *Seraogna* (1976, Xerais 1997); *Mar e naufraxio*
(1978), Premio da Crítica Galicia; *Circos de auga* (1979); *O
pabellón das hortensias azuis* (1983); *A illa das mulleres loucas*
(1984, 2004); *¿Serán os cisnes que volven?* (Xerais 1994); *Hipa-*

tia (Xerais 1998); *Blasfemias do silencio* (Xerais 2000). Como narrador publicou: *Relatos pra salferir* (Xerais 1991); *Fantasia (extracto) do xefe dos lagartos* (1982), *Desatinos dun maldito* (Xerais 1991), *Dados blancos* (2004) e *O lago das garzas azuis* (1994, Xerais 2005).

O QUE DIN OS LECTORES

«*Un libro-obxecto especial: primeiro polas fermosas ilustracións de Xosé Freixanes que fan florecer no poema todas estas palabras que van cobrando corpo coa forza do canto (...). Especial polos paratextos que o envolven; e finalmente, ese apartado de Post Scriptum, que inicia a cita de H. Böll, onde se nos lembra que do único que hai que protexer aos nenos é dos maiores.*» (Coa beleza ferinte do canto. Marga Romero. *Faro de Vigo*).

«*Unha mestura entre fábula tradicional e bo facer poético.*» (Alberto Valverde Romero. *Cartafol dos libros. Vieiros*).

«*Un poemario para ler en voz alta que leva á reflexión, á meditación e á toma de conciencia, un poemario comprometido que as ilustracións de Xosé Freixanes converten nun libro fermoso.*» (Xosé Freire. *A Nosa Terra*).

«*Ao vigor ético do libro cómpre sumar a súa intensidade estética.*» (Isaac Lourido. *Cartafol de libros. Vieiros*).



89. POETÍZATE

FRAN ALONSO

Código COMERCIAL: 1365089

216 PÁXINAS

5ª EDICIÓN

1º E 2º ciclo ESO

A OBRA

A poesía non morde. E, aínda que haxa quen pense o contrario, non é aburrída, romanticona nin difícil. Esta divertida antoloxía poética demostra o contrario. De Rosalía de Castro ás poetas novas, propoñémosche unha viaxe polos poemas máis próximos, divertidos e desenfadados da poesía galega. *Poetízate* é un libro pensado para as persoas que non están afeitas a ler poesía. ¿Para que? Para cantar, berrar, recitar, rapear, musicar, rebelarse contra o mundo ou só para falar suave na orella. Este é un libro para sentir, gozar e intuír a poesía. Así que, xa o sabes: poetízate. Espírito e contidos do libro *Poetízate* —que consta do propio corpus poético, un limiar e unha «visita guiada» a xeito de epílogo— é obra do escritor Fran Alonso e nace coa vocación de levar a poesía ás aulas dun xeito desenfadado e buscando sempre a complicidade e a proximidade co lector ou lectora adolescente. O corpus de *Poetízate* percorre toda a poesía galega desde Rosalía de Castro até a actualidade e consta de arredor de 200 poemas seleccionados de perto de 80 autoras e autores.

O AUTOR

Fran Alonso (Vigo, 1963). Licenciado en Filoloxía galega. Xornalista e editor. Traballa en Edicións Xerais de Galicia, onde se responsabiliza da subdirección para a Edición Xeral. Colabora en diversas publicacións. Como poeta publicou: *Persianas*, *pedramol e outros nervios* (1992); *Tortillas para os obreiros* (1996); *Cidades* (Xerais 1997), Premio Rañolas; *Subversións*

(Xerais 2001); *Balada Solitaria* (2004). Como narrador: *Trailer* (Xerais 1991), Premio Blanco Amor; *Cementerio de elefantes* (Xerais 1994), relatos; *Silencio* (1996, Xerais 2001), novela curta; *Males de cabeza* (Xerais 2001), novela; *Cartas de amor* (Xerais 2006). Para o público infantil: *O brillo dos elefantes* (Xerais 1999) e *A casa da duna* (Xerais 2002), álbum en colaboración con Manuel G. Vicente. Ademais publicou *Territorio ocupado* (Xerais 1998), crónica, obra pola que mereceu o Premio Losada Diéguez de creación de 1999.

Fran Alonso mantén na rede o seu blog cabrafanada:
<http://cabrafanada.blogspot.com>

O QUE DIN OS LECTORES

«Acaba de ver a luz, editada por Xerais e da man de Fran Alonso, unha antoloxía da poesía que leva por título Poetízate. Todo un acerto. (...) E preciso «poetizar» a sociedade actual. E no caso da galega é urxente.» (Miguel Anxo Fernán Vello. *Galicia Hoxe*).

«Se medio cento de rapaces e rapazas (quizais sexan moitos máis) se achegan á nosa poesía co esforzo de Fran Alonso hai que aplaudir o seu éxito: ogallá!» (Marcos Valcarcel. *La Región*).

«Benvida sexa esta antoloxía de Fran Alonso non só polo que é en si mesma, senón pola pedagogía da lingua e da literatura que propón.» (Manuel Rodríguez Alonso. *Cartafol de Libros*).



90. O PAXARO DO MEL

Adolfo CAAMAÑO

Código COMERCIAL: 1365090

344 páxinas

2ª edición

1º e 2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Os irmáns Kassai e Yaíza, pastores da tribo dos danákil, e Mario, o seu inseparable amigo italiano que chegou ás afastadas Terras de Abisinia para reunirse co seu pai, o agrimensor Cornelio, deberán enfrontarse ao temible místico Angus Harris e a súa banda de zaireños que secuestraron a Saíhda, a súa nai, e a outros veciños da aldea danákil para vendelos como escravos. Os tres afoutos rapaces, coa intención de liberar aos seus, emprenderán unha difícil persecución da caravana de escravos véndose obrigados a atravesar a selva prohibida, onde entre as ruínas dun extraño gran edificio atoparán a árbore do saber, o mono do papiro e seguirán a estela da cor vermella do paxaro do mel. Unha extraordinaria e engaiolante novela de aventuras, ambientada na Abisinia ocupada polos italianos a finais do século XIX.

O AUTOR

Adolfo Caamaño (Barro, Pontevedra, 1959), é licenciado en Xeografía e Historia e profesor de Ensino Secundario en Marín. Colaborador en medios xornalísticos como *A Nosa Terra*, *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *Atlántico Diario*, *Diario do Barroso*, ademais de ser fundador da revista de creación literaria *Hidromel* (Pontevedra, 1980). Como poeta ten publicado: *Poemario Irlandés* (2000), premio Johán Carballeira 1999; *Alma de Beiramar* (2002); *O Trazo Aberto* (2003) e *Poemario Compostelán* (2006), premio de poesía Concello de Marín 1999. Como narrador publicou as novelas *Soberano* (2004), premio Benito Soto ao mellor libro do ano 2004, e *O paxaro do mel* (Xerais 2006).

O QUE DIN OS LECTORES

«(...) obra de correcta exposición formal e contido ameno e didáctico para os que queiran coñecer un pouquiño máis sobre a colonización do continente africano.» (Heitor Mera. *Faro da Cultura*).

«O autor consegue unha novela que, sen dúbida ningunha, entretará aos máis novos e, ademais, proporcionaralles información sobre temas tan diversos como o escravismo, os bestiarios medievais ou a época histórica dos imperialismos do remate do XIX e comezos do XX.» (Manuel Rodríguez Alonso. *Cartafol de libros*).



91. CORREDORES DE SOMBRA

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Código COMERCIAL: 1365091

232 páxinas

5ª edición

PREMIO FRAI MARTÍN SARMIENTO 2006

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Verán de 1995. No pazo dos Soutelo, ao facer unhas obras de restauración, descúbrese un esqueleto dentro dunha alfombra enrolada, oculto entre dous tabiques. Un cadáver emparedado hai máis de cincuenta anos, cun furado de bala na cabeza. Quen é o morto? Que man empuñou a pistola que o asasinou?

Clara Soutelo, testemuña involuntaria da descuberta, asume o reto de desvelar o misterio que se agocha tras as dúas preguntas. Unha investigación complexa, que a levará a indagar no pasado da súa familia. Moito tempo despois, cando xa é maior, decídese a contar os sucesos daquel verán dos seus dezaseis anos, cando descubriu a plenitude do primeiro amor e mudou para sempre a súa forma de entender a vida.

O AUTOR

Ver páxina 15

O QUE DIN OS LECTORES

«Fernández Paz volve poñer en marcha os seus excelentes dotes como narrador riguroso e ameno, ofrecéndonos un relato apaixonante a través dunha estrutura narrativa moi elaborada.» (Mª Jesús Fernández. *CLIJ*).

«(...) milimetrada e estudada estrutura; solidez e claridade conceptual; forza descritiva, dominio excepcional do diálogo, lograda configuración dos personaxes...» (Ramón Nicolás. *Faro das Letras*).

«Nesta historia de intriga, nenos e grandes que se acheguen ás súas páxinas vivirán como auténticos CSIs a investigación de Clara Soutelo (...) A coidada dosificación da información fai que cada capítulo pida outro e que sempre necesitamos saber un pouco mais.» (Rosa Aneiros. *Radio Galega*).



92. A SOMBRA DESCALZA

AN Alfaya

Código COMERCIAL: 1365092

144 páxinas

4ª edición

PREMIO LAZARILLO 2005

PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS AO LIBRO

INFANTIL E XUVENIL DO ANO 2006

PREMIO THE WHITE RAVENS 2007

LISTA DE HONRA do IBBY 2008

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

A Elsa, unha moza de dezaseis anos, nunca ninguén da súa familia lle falara claro sobre o pasado. Non entende cal é razón pola que Sagrario, a irmá da avoa Amadora, camiñaba pola casa como unha sombra descalza, sen apenas poder saír do seu cuarto que estaba sempre pechado a cal e canto. Tampouco comprende porqué o seu avó Xuliano, unha persoa de ideais republicanos, teme tanto a Bieito, o seu xenro, que lle fai a vida imposible a súa filla Florinda. Elsa abrirá o baúl dos moitos misterios que danzan pola casa grazas a que as mulleres maiores da súa familia, que calaron durante tanto tempo segredos, decidiron por fin falar para recuperar a súa dignidade.

A AUTORA

Ver páxina 59

O QUE DIN OS LECTORES

«(...) emocionante novela xuvenil que xira arredor do desvelamento dos segredos que pesan sobre unha saga familiar e que teñen a súa orixe nos anos da Guerra Civil.» (Isabel Soto. *Lg3*).

«Estamos ante unha novela xuvenil, pero que é realmente unha boa novela para calquera lector ou lectora, independentemente da súa idade.» (Manuel Rodríguez Alonso. *Cartafol de libros*).

«Esta novela ofrece unha penetrante e valiosa ensinanza.» (Libros escollidos 2005-2006 Fundación GSR).



93. O EMPERADOR PÚRPURA

HERBIE BRENNAN

Código COMERCIAL: 1365093

542 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

TRADUCCIÓN DE MOISES RODRÍQUEZ

BARCIA

1º E 2º ciclo ESO

A OBRA

Hai unha lei universal que todos os elfos respectan: cando morre o emperador, o príncipe herdeiro debe ocupar o seu lugar. Mais que sucede se o emperador retorna da tumba? O pai de Pyrgus, a quen acaban de asasinar, resucita e preséntase no Palacio Púrpura, onde se desencadea o caos. O Reino queda sumido na maior desorde e Pyrgus e a princesa Holly Blue están decididos a evitar que caia en mans dos malvados elfos da noite. Sorte que contan coa axuda de Henry, chegado do mundo dos humanos descoñecendo que se adentra nun mundo diabólico.

O emperador púrpura é unha historia épica, trepidante, con boas doses de humor e suspense, que entusiasmará aos lectores d' *O portal dos elfos*, primeira entrega do xenial universo creado por Herbie Brennan.

O AUTOR

Ver páxina 155

O QUE DIN OS LECTORES

«*Fantasia con todos os ornamentos, un gran espectáculo, cheo de suspense.*» (*The New York Times*).

«*O emperador púrpura é aínda mellor que O portal dos elfos.*» (*The Bookseller*).

«*Un libro impescindible para os amantes da literatura fantástica.*» (*Children's Literature*).

«Adentrarse nesta novela supón viaxar a outro universo fascinante, sentir a curiosidade e fascinación ante o descoñecido. É un libro moi entretido...» (María Serrano Fernández 4º ESO Revista Xeada)

«Sabe como enganchar, case abducir ao lector.» (Heitor Mera. Faro de Vigo)



94. EU TAMPOUCO ME CHAMO FLANAGAN

ANDREU MARTÍN/JAUME RIBERA

Código COMERCIAL: 1365094

256 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE CARMEN TORRES

PARÍS

1º ciclo ESO

A OBRA

Eu tampouco me chamo Flanagan é a nova entrega da serie protagonizada por Flanagan, o detective adolescente creado en 1989 por Andreu Martín e Jaume Ribera, e publicada en galego por Xerais dentro da súa colección Fóra de Xogo. Como nas entregas anteriores, o intelixente detective aceptará unha investigación para facer fronte aos seus caprichos, o que o levará a meterse, como adoita e sen el pretendelo, en todo tipo de líos, dende os amorosos, a outros bastante máis perigosos e comprometidos. Desta volta, a trama iníciase cando Oriol Lahoz, detective profesional, pide axuda a Flanagan para atopar a Alí Hiyara, un magrebí de doce anos desaparecido.


Por suposto, as cousas non son como parecen. Seguindo a pista do rapaz, Flanagan abráiase e indígnase diante da terrible situación dos emigrantes de orixe magrebí que viven no seu barrio, e descubre que Omar, o pai do neno, tamén desaparecido, está involucrado no roubo dunhas valiosísimas xoias Almirall. Namentres, debe axudar ao seu amigo Charcheneguer, que se ve implicado no roubo dunha xoiaría e logo é secuestrado por un suposto amigo que pretende quitarlle o anel de brillantes que lle mercou a súa moza.

OS AUTORES

Ver páx. 11

O QUE DIN OS LECTORES

«Andreu Martín e Jaume Ribera continúan pois a súa fructífera e premiada saga creada en colaboración. Esta nova entrega satisfará as expectativas dos que agardan novas intrigas e de seguro, creará novos lectores e lectoras.» (Dorinda Castro Soliño. *Faro de Vigo*)



95. A COVA DAS VACAS MORTAS

JAUREGUIZAR

Código COMERCIAL: 1365095

144 páxinas

2ª edición

PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
DE LITERATURA XUVENIL 2006

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Xoel é un mozo de Negueira de Muñiz que vive coa súa nai, de orixe alemá, nunha comuna na aldea de Foxo, preto do encoro de Salime. Farto da vida que leva soña con poder marchar de alí e embarcar nun petroleiro. A vida de Xoel muda o día en que o seu avó, viúvo e enfermo de alzheimer, chega dende Berlín para reatoparse coa filla. Entre a equipaxe, trae unha maleta chea de fitas de cine e mais unha cámara super 8. O vello cóntalle que foi colaborador da polémica e xenial directora de cine alemá Leni Riefenstahl, acusada de simpatizar co réxime nazi. Nesas días Xoel coñece tamén a Iria, filla dun dos antigos propietarios das casas de Foxo, os cales comezaron a reclamar as súas vivendas ocupadas cando se construíu unha pista que fixo accesible o lugar. Entre eles nacerá unha historia de amor enfrontado. Iria, defende o dereito dos antigos propietarios de Foxo a recuperaren as súas propiedades e ademais representa a crítica ao nazismo e a calquera tipo de colaboración con ese réxime, mesmo a que mantiña o avó de Xoel ao axudar na filmación de escenas nazis.

A novela conta coa súa propia web: www.jaureguizar.info/cova

O AUTOR

Ver páxina 53

O QUE DIN OS LECTORES

«Salientamos a riqueza temática e a capacidade de construción do protagonista adolescente, a lectura áxil da novela, grazas aos abundantes e ben construídos diálogos, e a unha lograda ambientación.» (Xurado do Premio).

«... o conxunto conforma unha suxestiva historia que ha espertar a curiosidade do lector pola súa lograda construción e a intelixente dosificación de elementos reais, ao servizo das necesidades ficcionarias (...). Engadamos a axeitada combinación de ritmo e intriga, o acerto no ton narrativo, a prosa áxil e a naturalidade dos diálogos, e teremos como resultado unha narración á que lle auguramos éxito entre os lectores.» (Isabel Soto. Lg3)

«... É esta unha obra cargada de polisemias, apta para un público que arriba ao mundo da novela, pero tamén para ao lector adulto, que non se sentirá defraudado —ben ao contrario— se decide internarse nun libro cheo de narratividade no que o escritor xamais perdeu de vista a necesidade de non afastarse diso que Torrente Ballester chamaba a “realidade suficiente”.» (Ramón Loureiro. *La Voz de Galicia*)



96. A MORRIÑA DAS
BALAS

Xosé Díaz Díaz

Código COMERCIAL: 1365096

112 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

John Ribera, logo de atravesar o deserto fuxindo dunha gavela de ladróns comandada por Samuel Flanagan, chega de Ridgecrest moribundo e cunha bala chantada nas costelas. John, que formara parte desta banda de delincuentes, decidira delatalos para cobrar a recompensa que ofrecían pola captura. Pero Ridgecrest non é un lugar seguro para el: o shériff infórmao de que Flanagan o ten localizado, polo que lisca da vila na primeira dilixencia cara a San Diego. Durante esta viaxe coñece a Susan, a rapaza da cal se namora e con quen vai compartir moitas das aventuras ás que se terán que enfrontar: o ataque de Flanagan e os seus homes, a queima do Forte Lancaster por parte dos indios paiutes, un duelo a morte... *A morriña das balas* de Xosé Díaz é a primeira novela de vaqueiros que se publica na colección Fóra de Xogo. Escrita nunha prosa coidadísima e con grande alento de estilo, respecta as convencións deste xénero de literatura popular, descubríndonos a un narrador de indubidable talento.

O AUTOR

Xosé Díaz Díaz (Lugo, 1980) é profesor de matemáticas. Como escritor obtivo varios premios nos certames “Ourense de contos”, “Os Viadutos” de Redondela e no “Modesto R. Figueiredo” convocado pola Pedrón de Ouro. Ten publicados as novelas *O domine indómito* (2006), premio “Historias na Universidade” e

A morriña das balas (Xerais 2006), finalista da Iª edición do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil.

O QUE DIN OS LECTORES

«A característica linguaxe do xénero inzada de tropos coloquiais, topa aquí un hábil e enxebre cultivador. Os vaqueiros non podían falar o galego doutro xeito. Un acabado. (Leonardo Fernández. Protexa)



97. CARTAS DE AMOR

FRAN ALONSO

Código COMERCIAL: 1365097

128 páxinas

4ª edición

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

As historias deste libro nacen a partir de cartas de amor. Pero non son cartas de amor convencionais. O amor ou o desamor son as desculpas que nos permiten coñecer as dramáticas circunstancias que rodean ás mulleres que as escriben. De feito, os verdadeiros protagonistas das cartas son a pobreza, a guerra, a inmigración, o franquismo, a violencia, a prostitución, a presión social, a integración... E quen escriben as cartas son mulleres que viven circunstancias vitais –persoais ou sociais– moi difíciles, ás que se enfrontan con valentía. Este é un libro contundente pero tenro, un canto á vida e á dignidade.

O AUTOR

Ver páxina 163

O QUE DIN OS LECTORES

«Todos seremos unha migaña máis solidarios despois da súa lectura.» (Manuel Rodríguez Alonso. *Cartafol de libros*).

«... nove voces que nos emocionan e sacuden a nosa indiferenza.» (Mª Jesús Fernández. *Revista CLIJ*)

«O espazo dunha carta abóndalle a Fran Alonso para dar conta de intensas historias de amor nas que a sensiblería barata, o sentimentalismo trasnoitado non teñen cabida (...) historias narradas con sinxeleza, que emocionan e conmocionan... Cartas de amor interesa desde a primeira liña. (Xosé M. Eyré. *A Nosa Terra*).



98. ACIO SANGUENTO

CARLOS FREIRE CORDEIRO

Código COMERCIAL: 1365098

136 páxinas

1ª edición

PREMIO NOVELA POR ENTREGAS

LA VOZ DE GALICIA 2005

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Daniel Sieiro, un policía capaz de ver ata debaixo do alcatrán, e o seu axudante Maquieira deben averiguar quen é o autor do truculento asasinato de Xulio Afonso, un profesor de instituto, no que axiña detectan a existencia de moitos ángulos mortos e detalles, aparentemente insignificantes, tras os que se ocultan segredos, mentiras e unha historia de amor. *Acio sanguento*, premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* 2005, é unha novela de xénero policial clásica e pura na que o autor rende unha homenaxe á *Colleita vermella* de Dashiell Hammett.

O AUTOR

Carlos Freire Cordeiro (Moaña, 1970) é licenciado en Filosofía e Máster en Medios de Comunicación de *La Voz de Galicia*. Colaborador de *Faro da Cultura* e *Cartafol de libros*, leva toda unha vida dedicada a escribir contos e relatos. A súa primeira novela é *Acio Sanguento* (Xerais 2007).

O QUE DIN OS LECTORES

«Unha obra breve, pero moi recomendable pola súa intensidade e calidade.» (Tucho Calvo. *La Voz de Galicia*).

«Un lóstregazo verdadeiro que acerta a combinar a boa intriga dun relato que bebe da serie negra norteamericana dos comezos do século pasado, cunha coidada e moi ben pensada contrución da trama, con diálogos áxiles e cun asasino con toda unha filosofía de actuación.» (Montse Pena Presas. *Faro de Vigo*).



99. DO OUTRO LADO
DO ESPELLO

Jordi SIERRA i FABRA

Código COMERCIAL: 1365099

260 páxinas

1ª edición

TRADUCCIÓN DE IGNACIO CHAO

PREMIO RAMÓN MUNTANER

2003

PREMIO PROTAGONISTA JOVE 2005

2º ciclo ESO / BACHARELATO

A OBRA

Aos seus dezaseis anos, Marisa aínda non sabe o que é o amor. Pide respostas a esa descoñecida que é a súa imaxe no espello. Mirándose sente unha dor invisible que arrinca dende o máis profundo do seu ser. Amalia, a súa mellor amiga; Luís Enrique, o rapaz que lle abre as portas ao mundo do teatro; Chari, a súa irmá e os seus pais son o espello onde as súas dúbidas van resolverse. Jordi Sierra i Fabra, un dos autores máis lidos da literatura xuvenil contemporánea, ofrece un relato apaixonante sobre o descubrimento da identidade sexual na adolescencia. Con naturalidade e sen tabúes, a experiencia de Marisa ilustra sobre como aceptar e asumir a propia sexualidade para levar unha existencia feliz.

O AUTOR

Jordi Sierra I Fabra (Barcelona, 1947) dirixiu as principais revistas de música rock nos anos setenta. Tén publicadas máis de trescentas novelas, recibiu numerosos premios literarios, sendo o autor infantil e xuvenil que máis libros ten vendido en España e en grande parte de Latinoamérica. En galego ten publicado as seguintes obras: *O gardián da lúa* (1994); *¡¡¡Lamberto!!!* (1995); *A nave fantástica* (1996); *Aydin* (1995), Premio Edebé de Literatura Infantil; *Nun lugar Chamado guerra* (2003); *Os meus irmáns e mais eu* (2003); *Son especial para os meus amigos* (2003); *¿Que serei de maior?* (2003); *Durmido sobre os espellos* (2003); *Chamando ás portas do ceo* (2006), Premio Edebé de Literatura Xuvenil e *Do outro lado do espello* (Xerais 2007).



100. A POMBA E O DEGOLADO

FINA CASALDERREY

Código COMERCIAL: 1365100

176 páxinas

2ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA


A André foron demasiadas cousas ás que non lle sentaron ben nos tres anos que leva no instituto, onde nin sequera podía refuxiarse no aseo para coller alento. Os recreos estaban tomados por Héctor Solla e Raúl Pernas, unha sorte de matóns clandestinos que lle facían a vida imposible a el e a súa compañeira Halima Atif. Por fortuna na casa, onde tamén se viven tempos moi difíciles, atopará acougo ás súas coitas facéndose cargo dos paxaros do seu avó e chateando, baixo o nick de «Degolado», con «Pomba», unha amiga cibernética que o axudará a descubrir que paga a pena confiar na xente. Novela realista sobre o problema do acoso escolar.

A AUTORA

Ver páxina 96

O QUE DIN OS LECTORES

«... É de agradecer a obxectividade da novelista ao referirse a temas como o fracaso matrimonial, a droga ou mesmo a situación dos nosos institutos. Non hai falsas e hipócritas ensinanzas morais nin éticas, senón unha presentación dos feitos e terá que ser o lector quen xulgue e valore» (Manuel Rodríguez Alonso. *Cartafol de libros*).



101. INVESTIGACIÓN 091

PEPE CARBALLUDE

Código COMERCIAL: 1365101

176 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

2º ciclo ESO

A OBRA

A aparición do cadáver de Sonia Cambeiro, unha nena de dez anos, vítima dun axuste de contas entre narcotraficantes, e o secuestro de Cachi, un camelo do instituto de Secundaria, mobilizan á policía en Areal do Conde. A intervención de Manolo Longueira, un novo profesor de inglés do centro, a afouteza de Rosa, a telefonista que recaba información para a revista *Pulso semanal*, e as pesquisas de Xavier Cabaleiro, un alumno enfermo de hepatite, e as denuncias xornalísticas do seu pai permitirán desenredar o complexo nobelo tecido polos capos dunha rede mafiosa sen escrúpulos asentada nesta vila mariñeira das Rías Baixas. Novela policial de intriga sobre o tráfico e consumo de drogas.

O AUTOR

Ver páxina 47

O QUE DIN OS LECTORES

«... *Un dos acertos deste libro é o manexo dos diferentes rexistros lingüísticos, que nos axudan tamén na caracterización das personaxes e dunha época; outro, conseguir mostrar o grao de implicación da sociedade en problemáticas aparentemente alleas e o papel que xoga o medo na vida cotiá.* (Marga Romero. *La Opinión / Faro de Vigo*).



102. AS MANS DO MEDO

XOSÉ MIRANDA

Código comercial: 1365102

168 páxinas

2ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Desde o primeiro día que puxo os pés na casa da praia comezaron a sucederlle dúas cousas que, aparentemente, parecían non estar relacionadas: empezou a proerlle, arderlle a man esquerda e comezou a pensar compulsivamente en cambiar de lugar o pozo negro. Máis tarde, notou que os dedos perderan sensibilidade e foi quedando abraiado pola súa torpeza cando cavaba un foso no Cemiterio das Pedras Brancas, onde atopará unha caixa dourada que atesoura unha man. Unha man humana, enteira, perfecta. Viva. Xosé Miranda recolle neste volume algúns dos seus mellores relatos de medo e terror. A dexeneración e rexeneración dos corpos, as vellas tradicións naturistas, os labirintos de ocultismo, o home peixe... son algúns dos temas destes contos cheos de intriga que meten ao lector dentro de cada un dos relatos e dificilmente o deixa fuxir.

O AUTOR

Ver páxina 110

O QUE DIN OS LECTORES


«... nove contos moi ben narrados, cunha estrutura perfectamente equilibrada e pechada. Un elemento importante para a creación do clima opresivo é a descrición de ambientes.» (M^a Jesús Fernández. *Revista CLI*).

«... Ás elevadas doses de terror psicolóxico, case que sempre nun ton que vai in crescendo até o final e onde latexa a violencia contida que por veces reborda a narración, únese a asunción por parte do lector da complicidade que se exise, de xeito que aos poucos un vai aceptando con naturalidade a presenza do imprevisible, o estraño, o inexplicable, o ambiguo ou o irracional como posible, cando menos como talvez probable.

Miranda, en definitiva, ofrece neste As mans do medo o mellor dos seus dotes narrativos, e así cómpore saudalo». (Ramón Nicolás. *La Voz de Galicia*)

«Este libro tan lexible, tan excitante, un instinto elemental como o de xogar a gañar medo, é anafórico». (Vicente Araguas. *Diario de Ferrol*).

«O vizoso mundo fantástico do lugués ofrécenos agora corpos mutilados e suxeitos a rexeneración dexenerativa, partes do corpo que cobran vida propia, homes peixe, os aparecidos da nosa tradición popular, etc...» (Marcos Valcarcel. *Galicia Hoxe*).



103. BARROTES DOURADOS

PASQUAL ALAPONT

Código COMERCIAL: 1365103

192 páxinas

1ª edición

Epílogo de PEPE RODRÍGUEZ

Tradución de IGNACIO CHAO

2º ciclo ESO

A OBRA

A vida de Alexandre atópase nunha canella de difícil saída. Carolina, a súa moza, morreu nun accidente de moto. Dende entón, para el xa nada ten sentido. Nestas circunstancias coñece a Nuria, unha rapaza que pertence a unha asociación de amigos de Exipto. O contacto con esta xente abre a Alexandre as portas a un mundo novo, mais tamén fai que se adentre nunha rede esotérica onde a súa propia vida pode estar en perigo. Do mesmo xeito que *O inferno de Marta*, esta novela de Pasqual Alapont complementase cun interesante texto divulgativo. O xornalista Pepe Rodríguez, especialista no mundo das seitas, amósanos no epílogo «Seitas: Un camiño fácil a ningunha parte» os mecanismos internos que se agachan detrás dunha seita destrutiva. Unha obra que combina con acerto unha novela conmovedora e un estudo útil sobre este problema que pode afectar a algúns mozos e mozas.

O AUTOR

Ver páxina 136

O QUE DIN OS LECTORES

«Unha interesante lectura para pais, nais e adolescentes que nos fai reflexionar sobre a importancia da educación emocional de nenos e xoves á hora de evitar que caian en condutas aditivas ou da importancia da aprendizaxe reflexiva e crítica.» (Dorinda Castro Soliña. *La Opinión / Faro de Vigo*).



104. O REINO EN PERIGO

HERBIE BRENNAN

Código COMERCIAL: 1365104

520 páxinas

1ª edición

Tradución de Moises Rodríguez

BARCIA

1º e 2º ciclo ESO

A OBRA

Henry visita o Reino dos Elfos por terceira vez, pero alí todo é diferente. Holly Blues está á fronte do Reino e parece que Lord Hairstreak quere propoñerlle unha tregua entre os elfos da noite e os elfos da luz; porén, corren rumores dunha invasión dos demos encabezada por Beleth, o Príncipe das Tebras. Mentres, o príncipe Pyrgus descubre unhas flores de cristal máxicas que inflúen no transcurso do tempo, unha arma secreta aparentemente formidable. A raíña Blue, que desconfía da rara xenerosidade do seu tío Lord Hairstreak, visita o labirinto do Mestre Especieiro para tratar de adiviñar o posible futuro do Reino. Blues, Pyrgus e Henry atoparanse inmersos nunha aventura apaixonante na que deberán loitar con todas as armas que teñen a man para protexer o Reino e garantir que o trono continúe en mans da súa lexítima raíña. O Reino en perigo é a terceira parte da serie iniciada con O portal dos elfos e seguida por O emperador púrpura, novelas fantásticas publicadas na colección Fóra de Xogo. Herbie Brennan combina maxistralmente fantasía, mitoloxía e ciencia para ofrecer un universo de aventuras trepidantes.

O AUTOR

Ver páxina 155

O QUE DIN OS LECTORES

«... Constitúe este libro unha boa opción para adentrar ao adolescente no mundo da literatura, pois o estilo é fácil, sinxelo e direc-

to, sen ser por iso descoidado (...) Estamos ante un libro sedutor polo seu contido e cun único propósito, o de entreter a un público adolescente, que cumpre sobradamente.» (Manuel Rosales. Faro de Vigo).



105. A CASA DOS LUCARIOS

TERESA MOURE

Código comercial: 1365105

104 páxinas

1ª edición

1º e 2º ciclo ESO

A OBRA

Rosa e Chicho, cando perderon a súa terceira filla, María Celeste, aparecida morta no seu berce na segunda semana de vida, decidiron instalarse en Ferreira. Alí levantaron unha casa de dúas plantas, coa cociña grande daqueles tempos, pegada á corte, e dous cuartos máis para acubillar á xente miúda, ademais dun faiado fermoso onde gardaren mazas e millo e soños dos que escorregan polas fendas de madeira. Despois, Chicho tiraría coa corte e construíría a taberna, onde cada noite apertaba o fol da súa gaita grileira, e onde tamén Rosa acrecentaba, contra vento e marea, as súas industrias de vendedora de pezas do enxoval. A vida ía manando paseniño, coa correspondente ración de dores e alegrías, como mudaba a casa dos Lucarios. Teresa Moure ofrece nesta novela curta, escrita nunha prosa engaiolante, enchida de humor e sensualidade, a historia dunha familia a través das mudanzas e transformacións realizadas na súa vivenda ao longo de varias décadas. Un texto memorable dunha das nosas grandes escritoras contemporáneas.

A AUTORA

Teresa Moure é autora das seguintes novelas: *A xeira das árbores* (2004), Premio Lueiro Rey 2004; *Herba moura* (Xerais 2005), Premio Xerais de Novela 2005, Premio Irmandade do Libro á Autora do ano 2005, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2005, Premio Benito Soto á mellor nove-


la do ano 2005 e Premio da Crítica Española 2005; *Benquerida catástrofe* (Xerais 2007) e *A Casa dos Lucarios* (Xerais 2007). Publicou, ademais, os ensaios *Outro idioma é posible* (2005), Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2004 e *A palabra das fillas de Eva* (2005). Obtivo o premio Rafael Dieste 2007 pola súa peza dramática *Unha primavera para Aldara*. A súa novela *Herba moura* foi xa traducida a cinco linguas europeas.

O QUE DIN OS LECTORES

«A casa dos lucarios é como un microcosmos que reflete a historia recente de Galicia e a súa profunda mutación (...) A novela está moi ben narrada, con limpeza e sencillez, e utilizando unha linguaxe próxima á fala popular o que resulta moi atractivo e preciso». (M^a Jesús Fernández. *Revista CLIJ*).

«Nesta novela breve Moure constrúe, nun meritorio esforzo de concisión e esencialismo, unha metáfora da Galicia máis recente, tomando a casa como símbolo identitario (...) coido que é abondo para afirmar que esta é unha pequena pero gorentosa obra narrativa». (Ramón Nicolás. *La Voz de Galicia*).

«... escrita envolvente, por veces suxerente...» Montse Pena Presas. *Fadamorgana*).



107. ILLA SOIDADE

AN ALFAYA

Código COMERCIAL: 1365107

144 páxinas

1ª edición

PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
DE LITERATURA XUVENIL 2007

2º ciclo ESO

A OBRA

Lucía, a piques de iniciar os estudos de xornalismo, vai rememorando nunha viaxe en tren a súa relación con Soa, unha esmoleira a quen coñeceu cando pretendía deter unha vaga de insolidariedade cos indixentes que se produce no seu barrio. Illa Soidade é unha novela iniciática que nos descobre unha vida marcada pola paixón e a soidade, con reflexións sobre a autonomía persoal e o respecto polo diferente. Afastándose de tópicos e concedéndolle voz a persoas que teñen o seu propio espazo nunha sociedade que habitualmente as silencia, a novela retrata o mundo da indixencia, da mendicidade, dos sen teito, dos esmoleiros, dos vagabundos. Cada unha destas persoas é unha illa deshabitada que vai conformando arquipélagos de soidade. Lucía procura nesta escuridade un pouco de luz para todas elas.

A AUTORA

Ver páxina 59

O QUE DIN OS LECTORES

«... *Moi ben escrita, como acostuma An Alfaya. Con ritmo, con vigor narrativo, con melancolía e emoción.*» (Xosé Carlos Caneiro. *La Voz de Galicia*).

«*Haberá que ter en conta esta novela como posible candidata a ser unha das mellores publicacións do ano en curso, pois calidade non lle falta.*» (Héitor Mera. *Cartafol de Libros*).

«Esclarecedor berro contra a inxustiza de An Alfaya que nos obriga a ollar para iso que ás veces queremos ignorar.» (Montse Pena Presas. Protexa).



108. O CEO DOS AFOGADOS

FRANCISCO CASTRO

Código COMERCIAL: 1365108

192 páxinas

1ª edición

FINALISTA DO PREMIO FUNDACIÓN

CAIXA GALICIA DE LITERATURA

XUENIL 2007

1º e 2º ciclo ESO

A OBRA

Todos os delfíns de todos os mares, todos os delfíns de todos os océanos, todos os delfíns de todo o planeta decidiron xuntarse á mesma hora no mesmo punto de todos os mares, de todos os océanos de todo o planeta para dende alí avanzar cara á costa. Ás seis horas xustas de ter iniciado aquela estraña peregrinación, como chamados por unha orde misteriosa, pararon, todos de súpeto e de vez. Os científicos amosáronse abraiados diante do silencio, absoluto, en que ficaron instalados os golfinños en cousa de poucos segundos. Todos calados. Coma mortos. Coma á espreita. Coma afogados. Desde aquel intre, as fotografías que foron ofrecendo os satélites e as imaxes emitidas polas canles de televisión sobre o fenómeno resultaron, primeiro sorprendentes e logo arrepiantes: centos de miles de golfinños configuraban círculos case perfectos repartidos por toda a xeografía marítima planetaria. Ninguén sabía explicar que estaba pasando. *O ceo dos afogados*, primeira novela de Francisco Castro na colección *Fóra de Xogo* e finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil, aborda –baixo a aparencia dunha novela de aventuras e intriga– a importante cuestión da comunicación dos seres humanos cos animais e o desenvolvemento sostible do planeta.

O AUTOR

Francisco Castro (Vigo, 1966) é licenciado en Filosofía. Ten impartido Obradoiros Literarios por toda Galicia, tanto para nenos como para adultos. Autor de varios libros de relatos e novelas, algúns deles traducidos ao castelán. *Un Bosque Cheo de Faias* recibiu o Premio Frei Martín Sarmiento outorgado por alumn@s de toda Galicia. Gañou algúns premios coma o Lueiro Rey de Novela Corta en 1997 con *Play-Back*, o Cartafol ao mellor libro do ano 2004 por *Xeración Perdida*, o Blanco Amor en 2005 por *Spam*, e o Manuel García Barros en 2007 por *As Palabras da Néboa*. *O ceo dos afogados* (2007) é a súa primeira obra dentro do catálogo de Xerais.

Mantén na rede o seu blog «A canción do náufrago»

<http://www.blogoteca.com/franciscocastro/>

O QUE DIN OS LECTORES

«*Fermosa utopía ecoloxista.*» (Montse Pena Presas. *La Opinión / Faro de Vigo*).

«... *Cunha evidente filiación coa mellor literatura de aventuras, asume un coidadoso deseño argumental baixo o que se recrean asuntos tan actuais como o denominado desenvolvemento sostible do planeta ou a incomunicación entre o mundo adolescente e adulto.*» (Ramón Nicolás. *La Voz de Galicia*).



109. MEMORIA CONTRA ALZHEIMER

RAFAEL LASO LORENZO

Código COMERCIAL: 1365109

120 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Despois do seu paseo polo monte, o protagonista desta novela curta de Rafael Laso non soubo voltar a súa casa. Alí empezou todo. Días despois perdeuse tamén entre as liñas do escrito, e máis tarde non lembraba tampouco os anos que ten, nin sabía en que día vive, nin recordaba sequera o seu nome. Comezou a fallarlle a memoria. Porén, o protagonista cre ter unha certeza: é campión do mundo de xadrez, o seu deporte favorito, e ten un novo contrincante cun nome raro: Alzheimer. Xoga ao xadrez contra a máquina, contra a memoria. Soña partidas. Lembra xogadas. Mestura movementos dunhas e doutras sobre os escaques do taboleiro. *Memoria contra Alzheimer*. Unha novela sobre o xadrez e o Alzheimer.

O AUTOR

Rafael Laso (Xinzo de Limia, 1965) é escritor e enxeñeiro técnico industrial, na especialidade de electricidade. Como narrador ten publicadas as seguintes obras: *Por que Baldomero Quintáns?* (2006), Premio de Narrativa Pura e Dora Vázquez e *Memoria contra Alzheimer* (Xerais 2008).



110. VESTIO

XOSÉ MIRANDA

Código COMERCIAL: 1365110

104 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

2º ciclo ESO

A OBRA

A doutora Eva García, destinada no remoto lugar de Viana das Veigas, atópase cun cadáver sen rostro e coas mans esmagadas. Xunto ao cadáver aparecen unha carta e un diario. Lendo o diario a doutora vai descubrir as claves de estraños comportamentos e estraños acontecementos que non só se refiren as habitantes da vila, senón a ela mesma, ao seu marido e á súa filla desaparecida hai anos. Eva descubre con abraio que o cadáver resulta ser un antropólogo inglés chegado co pretexto de estudar unha antiga seita priscilianista. *Vestio* condúcenos de sorpresa en abraio polos labirintos máis inextricables da alma humana e das crenzas máis insospeitadas e terribles. Nin das sombras nin dos homes (como con dor e espanto descubre a doutora) pode fiarse o lector. Unha novela de intriga, suspense, pánico e misterio. Unha narración claustrofóbica, labiríntica, aterradora.

O AUTOR

Ver páxina 110



111. VELENO TINTO

RAMÓN CARREDANO

Código COMERCIAL: 1365111

192 PÁXINAS

1ª EDICIÓN

1º ciclo ESO

A OBRA

Naquela mañá de inverno de 1319, Frei Samuel, o humilde monxe sandador do mosteiro de Toxosoutos, camiñaba cara a Noia cunha dor de frieiras que case o facía chorar. No castelo de don Rui de Soga e Lobeira, agardábo o bispo Berenguel de Landoire coa intención de agradecerlle un impagable servizo que o freire lle ofrecera na súa loita contra os que pretendían apartalo do bispado de Compostela. Mais, a morte dun dos criados de don Rui, envelenado por beber dunha xerra de viño quente, obrigará ao pícaro e intelixente freire a realizar unha concienciada investigación coa intención de coñecer o motivo e o autor de semellante crime. *Veleno tinto* é unha apaixonante novela de intriga, tecida sobre unha coidadosa reconstrución histórica da vida e das intrigas políticas da Galicia do século XIV, que supón, ademais, a consolidación do personaxe literario de frei Samuel, un dos máis singulares e divertidos da nosa narrativa actual.

O AUTOR

Ramón Carredano Cobas (Noia, 1950) é traballador da banca e escritor. Nos anos setenta foi cofundador con Xosé Agrelo do grupo de teatro Candeia, co que percorreron todas as cidades e vilas de Galicia, levando o teatro aos máis remotos lugares. Actualmente segue vencellado ao teatro na Escola de Teatro

Liceo de Noia e colabora nas revistas Casa da Gramática do I.E.S. Virxe do Mar de Noia, e Alameda do Liceo de Noia. Publicou as novelas *Frei Samuel* (2002), *A unlla da aguia* (2004), ambas as dúas obras gañadoras do certame de relatos de aventuras Avilés de Taramancos; *Unha branca de cobre para Martiño* (Xerais-Merlín, 2005), Premio Merlín de Literatura Infantil e *Véleno tinto*. Unha aventura de frei Samuel (Xerais-Fóra de Xogo, 2008).



112. CAZARÍA SALVAXE

AGUSTÍN AGRA

Código COMERCIAL: 1365112

112 páxinas

1ª edición

2º ciclo ESO

A OBRA

Wotan, o Demo Negro ou Señor do Inframundo, tiña ollos de lume, o corpo invisíbel ás miradas e unha negrume inescrutábel ocupaba o baleiro que ía deixando. Nas noites de inverno saía de caza, dacabalo, coa compañía dos seus cadelos diabólicos, zugadores de sangue, que perseguían e degoaban canto atopaban. Mais, foi Ricardo Ferreiro, o rapazolo da aldea de Marselle que salvou o pelexo por dúas veces, quen foi designado para ser o elixido. Cando regresou ao País do Vento, despois do seu longo exilio na Illa de Dona Escura do Mar Tenebroso, conseguiu cos poderes e artes alí adquiridos acabar con Wotan e por fin a súa tiranía, que asolaba vilas e aldeas, aínda a custa de pagar un prezo altísimo por semellante afouteza. Novela de terror, misterio, bruxaría e fantasía, enfiada coa prosa primorosa das narracións populares dos vellos violinistas, *Cazaría salvaxe* non deixa alento ao lector até a súa derradeira páxina.

O AUTOR

Agustín Agra Barreiro (Noia, 1966) é licenciado en Bioloxía, profesor desta materia no Instituto de Ensino Secundario Cotarello Valledor de Vilaxoán. Comezou a escribir en 2003, publicando os seus primeiros textos nas revistas Alameda do Liceo de Noia e Casa da Gramática do IES Virxe do Mar de Noia, colaborando coa Asociación Cultural Barbantia. No ano 2004,

gañou o primeiro premio do concurso de narracións curtas Modesto Figueiredo do Pedrón de Ouro con «Os límites do inimaxinable», obtendo, así mesmo, o primeiro accésit da edición de 2005 con «Na Caeira». Tén publicado os libros *O tesouro da Lagoa de Reid 'Is* (Xerais 2006), premio Merlín de Literatura Infantil 2006, e *Cazaría salvaxe* (Fóra de Xogo, Xerais 2008).



113. CANDO WENDY
APRENDEU A VOAR

ANDREU MARTÍN

Código COMERCIAL: 1365113
1ª EDICIÓN
PREMIO BANCAIXA DE LITERATURA
XUENIL 2006

1º ciclo ESO

A OBRA

Roger Dueso e Wendy Aguilar inician a garda cun sesenta, o código que na comisaría alerta dun asasinato, mais este caso non será de xente corrente. O homicidio levaráos a descubrir unha cámara secreta onde desapareceu unha valiosa alfaia envolta nun misterio, cuxo roubo non foi denunciado por ninguén. Esta é unha novela trepidante na que a xove policía deberá enfrontarse por si mesma con asasinos perigosos; terá que correr, loitar e facer uso da pistola; coñecerá o fondo do mar, saltará abismos pavorosos e verá a morte de moi preto. Esta será a noite na que Wendy aprendeu a voar.

O AUTOR

Andreu Martín (1949), psicólogo, guionista de cómics, é especialmente coñecido como autor de literatura policiaca e xuvenil. Gañou, xunto con Jaume Ribera o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (1989) por *No pidas sardina fuera de temporada*, novela coa que comezaron a serie dedicada ao detective Flanagan. Dentro da colección Fóra de Xogo publicáronse os seguintes títulos: *Flanagan de luxe* (Xerais 1994), *Alfagan é Flanagan* (Xerais 1996), *Flanagan Blues Band* (Xerais 1996), *Flanagan 007* (Xerais 1998), *Flanagan, só Flanagan* (Xerais 2000) e *Eu tampouco me chamo Flanagan* (Xerais 2006). Ademais, Andreu Martín publicou en galego *A noite que Wendy aprendeu a voar* (Xerais 2008), novela merecedora do XI Premio Bancaixa de Literatura Xuvenil

OBRAS PREMIADAS

**Premio Fundación Caixa Galicia
de Literatura Xuvenil**

A Cova das Vacas Mortas (2006)

Illa Soidade (2007)

Premio Merlín de Literatura Infantil

A expedición do Pacífico (1994)

As cousas claras (2000)

Pel de lobo (2002)

Irmán do vento (2003)

O Brindo de ouro (2004)

Premio Nacional de Literatura Infantil

Cando petan na porta pola noite (1995)

Premio Rañolas ao libro infantil e xuvenil do ano

Cando petan na porta pola noite (1994)

Cartas de inverno (1995)

**Premio Xosé Neira Vilas ao mellor libro infantil
e xuvenil do ano**

A sombra descalza (2006)

Lista de Honra do IBBY

Arnoia, Arnoia (1988)
Cando petan na porta pola noite (1996)
Anxos en tempos de chuvia (2000)
Aire negro (2002)
De fel e mel (2003)
Pel de lobo (2003)
O señor dos aneis (2004)
A sombra descalza (2007)

Premio Lazarillo

A banda sen futuro (1999)
A sombra descalza (2005)

Premio da Crítica galega

A expedición do Pacífico (1995)

Premio Losada Diéguez

Chamábase Luís (1989)

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil

“LECTURAS GALIX”

A banda sen futuro (2001)
As cousas claras (2002)
Servicio de urxencias (2004)
Morgún (2005)

Premio Frei Martín Sarmiento

Irmán do vento (2005)

Corredores de sombra (2006)

Premio Novela por entregas “La Voz de Galicia”

Blues da Ría (2001)

Caderno de Riparia (2003)

Acio sanguento (2005)

Premio The White Ravens

Cando petan na porta pola noite (1997)

Aire negro (2001)

O Brindo de ouro (2005)

A sombra descalza (2007)

Premio Protagonista Jove

Aire negro (2002)

Do outro lado do espello (2005)

Premio Ramón Montaner

Do outro lado do espello (2003)

Premio Bancaixa de Literatura Xuvenil

A noite que Wendy aprendeu a voar (2006)

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
1. A SOMBRA CAZADORA		☐	☐	
2. TRISTES ARMAS	☐			
3. ¡ASÚSTATE MERCHE!	☐			
4. FLANAGAN DE LUXE	☐			
5. ¿QUE TE ANGUSTIA NURIA?	☐			
6. CARTAS DE INVERNO				
7. EU E OS MEUS COLEGAS	☐			
8. CARA Á FIN DA LUZ			☐	
9. O VIOLÍN DE AUSCHWITZ				
10. BIG-BANG		☐	☐	
11. LEONEL	☐			
12. DÍAS DE DESTERRO				
13. A FRACTURA DE MIOCARDIO				
14. ALFAGANN É FLANAGAN	☐			

T E M Á T I C O

[illegible]

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
15. RAQUEL	☐	☐	☐	
16. ¿SOBREVIVES?	☐	☐	☐	
17. FLANAGAN BLUES BAND	☐	☐	☐	
18. O CENTRO DO LABIRINTO	☐	☐	☐	
19. XOEL	☐	☐	☐	
20. ARNOIA, ARNOIA	☐	☐	☐	
21. OS NENOS NUMERADOS	☐	☐	☐	
22. ANXOS EN TEMPOS DE CHUVIA	☐	☐	☐	
23. ¡MALDITO D.N.I.!	☐	☐	☐	
24. EN VOZ BAIXA	☐	☐	☐	
25. DIARIO SECRETO DE ADRIAN MOLE	☐	☐	☐	
26. A RUTINA CORSARIA	☐	☐	☐	
27. O REI LAGARTO	☐	☐	☐	
28. MUTACIÓNS XENÉTICAS	☐	☐	☐	

T E M Á T I C O

[illegible]

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
29. FLANAGAN 007				
30. A RECORTADA				
31. O SACO DE SIMÓN				
32. O VIXÍA NO CENTEO				
33. IONQUI				
34. LUME DE BIQUEIRA				
35. CHAMÁBASE LUÍS				
36. NOITEBRA				
37. CADERNO DE AGOSTO				
38. SALITRE				
39. UNHA ESTRELA NO VENTO				
40. A BANDA SEN FUTURO				
41. O HOBBIT				
42. AIRE NEGRO				

T E M Á T I C O

[illegible]

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
43. PROXECTO POMBA DOURADA				
44. FLANAGAN SÓ FLANAGAN				
45. TÓDOLOS PORTOS SE CHAMAN HELENA				
46. CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE				
47. A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO				
48. NOVO DIARIO DUN XOVE MANIÁTICO				
49. O DIARIO DA OUTRA MANIÁTICA				
50. RAPAZAS				
51. AMOR DOS QUINCE ANOS, MARILYN				
52. AS COUSAS CLARAS				
53. IRMÁN, REI ARTUR				
54. O QUE É A VIDA				
55. DE FEL E MEL				
56, 57, 58. O SEÑOR DOS ANEIS I, II, III				

T E M Á T I C O

[illegible]

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
59. O FARO DE AREALONGA				
60. BLUES DA RÍA				
61. ARIADNA				
62. CARMÍN				
63. SERVICIO DE URXENCIAS				
64. NOITE DE VORACES SOMBRAS				
65. ¡BALEA MORTA OU LANCHAS A PIQUE!				
66. PEL DE LOBO				
67. CRAZY				
68. LÚAS DE NÁCARA				
69. O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA				
70. MORGÚN				
71. ONDE O SOL NON ADORMECE				
72. IRMÁN DO VENTO				

T E M Á T I C O

[illegible]

C A D R O					T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	Conflitos sociais	
73. THE CORUNNA BOATS					
74. TRES PASOS POLO MISTERIO					
75. O INFERNO DE MARTA					
76. EU, QUE MATEI DE MELANCOLÍA A FRANCIS DRAKE					
77. CADERNO DE RIPARIA					
78. GUÍA DOS XOVES MANIÁTICOS					
79. CRÓNICAS MARCIANAS					
80. O BRINDO DE OURO I					
81. TODO VAI IR BEN					
82. A CIDADE EN CHAMAS					
83. UN HOME NA PRAIA					
84. FARENHEIT 451					
85. O PORTAL DOS ELFOS					
86. RÚA CARBÓN					
87. SAGARMATHA					

T E M Á T I C O

Conflitos sociais	Humor	Novela fantástica	Novela policial	Diario	Misterio e terror	Relacións humanas
1						
2		2			3	
3	4					5
4						
5	6				7	8
6	9					10
7						
8						
9	11			12		13
10	14					15
11		16			17	
12						
13		18				
14	19					20
15					21	22

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
88. O LAGO DAS GARZAS AZUIS				
89. POETÍZATE				
90. O PAXARO DE MEL				
91. CORREDORES DE SOMBRA				
92. A SOMBRA DESCALZA				
93. O EMPERADOR PÚRPURA				
94. EU TAMPOUCO ME CHAMO FLANAGAN				
95. A COVA DAS VACAS MORTAS				
96. A MORRIÑA DAS BALAS				
97. CARTAS DE AMOR				
98. ACIO SANGUENTO				
99. DO OUTRO LADO DO ESPELLO				
100. A POMBA E O DEGOLADO				
101. INVESTIGACIÓN 091				
102. AS MANS DO MEDO				

T E M Á T I C O

[illegible]

C A D R O				T
	Amor e amizade	Aventuras	Ciencia ficción	
103. BARROTES DOURADOS	☐	☐	☐	
104. O REINO EN PERIGO	☐	☐	☐	
105. A CASA DOS LUCARIOS	☐	☐	☐	
106. ILLA SOIDADE	☐	☐	☐	
108. O CEO DOS AFOGADOS	☐	☐	☐	
109. MEMORIA CONTRA ALZHEIMER	☐	☐	☐	
110. VESTIO	☐	☐	☐	
111. VELENO TINTO	☐	☐	☐	
112. CAZARÍA SALVAXE	☐	☐	☐	
113. CANDO WENDY APRENDEU A VOAR	☐	☐	☐	
	☐	☐	☐	
	☐	☐	☐	
	☐	☐	☐	
	☐	☐	☐	
	☐	☐	☐	

T E M Á T I C O

Ciencia ficción	Conflictos sociais	Humor	Novela fantástica	Novela policial	Diario	Misterio e terror	Relacións humanas

ÍNDICE DE AUTORES E AUTORAS

Agra, Agustín: 198.
Alapont, Pasqual: 136, 185
Aleixandre, Marilar: 77, 88, 157.
Alfaya, An: 59, 169, 190.
Alonso, Fran: 163, 178.
Anglada, M^a Angels: 21.
Barril, Joan: 85.
Bernárdez Vilar, Xoán: 23.
Burguess, Melvin: 65.
Bradbury, Ray: 143, 151.
Brennan, Hernie: 155, 170, 186.
Caamaño, Adolfo: 165.
Carballude, Pepe: 47, 182.
Carredano Cobas, Ramón: 196.
Casal, Uxía: 106.
Casalderrey Fraga, Fina: 9, 34, 57, 124, 181.
Castro, Francisco: 192.
Cortizas Amado, Antón: 25, 129.
Costas, Leticia: 75.
De Toro, Suso: 5, 114, 127.
De Toro, Xelis: 132.
Delgado, Josep-Francesc: 159.
Díaz Díaz, Xosé: 176.
Docampo, Xabier P.: 86.
Dorfman, Ariel: 149.
Dorfman, Joaquín: 149.
Fansten, Jacques: 29.
Farias, Juan: 43.
Fernández Paz, Agustín: 15, 37, 81, 91, 93, 116, 134, 167.
Ferriol, Pedro: 153.
Fine, Anne: 61.
Freire Cordeiro, Carlos: 179.
García Teijeiro, Antonio: 49.
Gómez Xurxo, Silvestre: 147.
Jaureguizar: 53, 74, 118, 174.

Laso Lorenzo, Rafael: 194.
 Lebert, Benjamin: 122.
 Llobet, Glòria: 13.
 López Rodríguez, Xavier: 27, 71.
 Lourenzo González, Manuel: 98, 130.
 Macfarlane, Aidan; Mcpherson, Ann: 17, 89, 90, 142.
 Magalhães, Álvaro: 55.
 Marcos, Xesús Manuel: 145.
 Martín, Andreu: 11, 31, 35, 58, 84, 172, 200.
 Mayoral, Marina: 7, 69.
 Méndez Ferrín, X. L.: 41.
 Miranda, Xosé: 110, 120, 183, 195.
 Moure, Gonzalo: 138.
 Moure, Teresa: 188.
 Neira Cruz, Xosé Antón: 94.
 Perozo, Xosé A.: 140.
 Pexegueiro, Alfonso: 161.
 Queizán, M^a Xose: 125.
 Ribera, Jaume: 11, 31, 35, 58, 84, 172.
 Reigosa, Carlos G.: 96.
 Salinger, J. D.: 63.
 Sierra i Fabra, Jordi: 180.
 Simó, Isabel-Clara: 32, 39.
 Tabuyo, Domingo: 112.
 Tolkien, John Ronald Reuel: 79, 102, 104, 105.
 Townsend, Sue: 51.
 Vázquez Freire, Miguel: 45, 83.
 Vázquez Pintor, Xosé: 67.
 Vieira, Alice: 72.
 Vila Sexto, Carlos: 19.
 Xesteira, J. A.: 108.
 Zubizarreta, Patxi: 100.

CARTA AOS AUTORES/AS

Todos os lectores e lectoras que queiran poñerse en contacto cos autores e autoras desta colección poden facelo escribindo ao seguinte enderezo:

Colección FÓRA DE XOGO
Edicións Xerais de Galicia
Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo

ou por correo electrónico:
xerais@xerais.es

Para saber de Xerais
poden vistar a nosa páxina en Internet:
[http: //www.xerais.es](http://www.xerais.es)

ÍNDICE

	Pág.
1. A SOMBRA CAZADORA	5
2. TRISTES ARMAS.....	7
3. ¡ASÚSTATE, MERCHE!	9
4. FLANAGAN DE LUXE	11
5. ¿QUE TE ANGUSTIA NÚRIA?.....	13
6. CARTAS DE INVERNO.....	15
7. EU E OS MEUS COLEGAS	17
8. CARA Á FIN DA LUZ	19
9. O VIOLÍN DE AUSCHWITZ.....	21
10. BIG-BANG	23
11. LEONEL.....	25
12. DÍAS DE DESTERRO	27
13. A FRACTURA DE MIOCARDIO	29
14. ALFAGANN É FLANAGAN	31
15. RAQUEL	32
16. ¿SOBREVIVES?.....	34
17. FLANAGAN BLUES BAND	35
18. O CENTRO DO LABIRINTO	37
19. XOEL	39
20. ARNOIA, ARNOIA.....	41
21. OS NENOS NUMERADOS.....	43
22. ANXOS EN TEMPOS DE CHUVIA	45
23. ¡MALDITO D.N.I.!.....	47
24. EN VOZ BAIXA	49
25. DIARIO SECRETO DE ADRIAN MOLE	51
26. A RUTINA CORSARIA	53

27. O REI LAGARTO	55
28. MUTACIÓNS XENÉTICAS	57
29. FLANAGAN 007	58
30. A RECORTADA	59
31. O SACO DE SIMÓN	61
32. O VIXÍA NO CENTEO	63
33. IONQUI	65
34. LUME DE BIQUEIRA	67
35. CHAMÁBASE LUIS	69
36. NOITEBRA	71
37. CADERNO DE AGOSTO	72
38. SALITRE	74
39. UNHA ESTRELA NO VENTO	75
40. A BANDA SEN FUTURO	77
41. O HOBBIT	79
42. AIRE NEGRO	81
43. PROXECTO POMBA DOURADA	83
44. FLANAGAN, SÓ FLANAGAN	84
45. TÓDOLOS PORTOS SE CHAMAN HELENA	85
46. CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE	86
47. A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO	88
48. NOVO DIARIO DUN XOVE MANIÁTICO	89
49. O DIARIO DA OUTRA MANIÁTICA	90
50. RAPAAS	91
51. AMOR DOS QUINCE ANOS, MARILYN	93
52. AS COUSAS CLARAS	94
53. IRMÁN, REI ARTUR	96
54. O QUE É A VIDA	98

55. DE FEL E MEL	100
56. O SEÑOR DOS ANEIS I	102
57. O SEÑOR DOS ANEIS II.....	104
58. O SEÑOR DOS ANEIS III	105
59. O FARO DE AREALONGA	106
60. BLUES DA RÍA	108
61. ARIADNA	110
62. CARMÍN	112
63. SERVICIO DE URXENCIAS	114
64. NOITE DE VORACES SOMBRAS	116
65. ¡BALEA MORTA OU LANCHA A PIQUE!	118
66. PEL DE LOBO	120
67. CRAZY	122
68. LÚAS DE NÁCARA	124
69. O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA	125
70. MORGÚN	127
71. ONDE O SOL NON ADORMECE	129
72. IRMÁN DO VENTO	130
73. THE CORUNNA BOATS	132
74. TRES PASOS POLO MISTERIO	134
75. O INFERNO DE MARTA	136
76. EU, QUE MATEI DE MELANCOLÍA A FRANCIS DRAKE	138
77. CADERNO DE RIPARIA	140
78. GUÍA DOS XOVES MANIÁTICOS	142
79. CRÓNICAS MARCIANAS	143
80. O BRINDO DE OURO I	145
81. TODO VAI IR BEN.....	147

82. A CIDADE EN CHAMAS	149
83. FAHRENHEIT 451	151
84. UN HOME NA PRAIA.....	153
85. O PORTAL DOS ELFOS	155
86. RÚA CARBÓN	157
87. SAGARMATHA	159
88. O LAGO DAS GARZAS AZUIS	161
89. POETÍZATE	163
90. O PAXARO DE MEL.....	165
91. CORREDORES DE SOMBRA	167
92. A SOMBRA DESCALZA.....	169
93. O EMPERADOR PÚRPURA	170
94. EU TAMPOUCO ME CHAMO FLANAGAN	172
95. A COVA DAS VACAS MORTAS	174
96. A MORRIÑA DAS BALAS	176
97. CARTAS DE AMOR	178
98. ACIO SANGUENTO	179
99. DO OUTRO LADO DO ESPELLO.....	180
100. A POMBA E O DEGOLADO.....	181
101. INVESTIGACIÓN 091	182
102. AS MANS DO MEDO	183
103. BARROTES DOURADOS	185
104. O REINO EN PERIGO	186
105. A CASA DOS LUCARIOS.....	188
107. ILLA SOIDADE	190
108. OS CEO DOS AFOGADOS	192
109. MEMORIA CONTRA ALZHEIMER	194
110. VESTIO	195

111. VELENO TINTO.....	196
112. CAZARÍA SALVAXE	198
113. CANDO WENDY APRENDEU A VOAR	200

OBRAS PREMIADAS	201
CADRO TEMÁTICO	204
ÍNDICE DE AUTORES E AUTORAS	221
CARTA AOS AUTORES/AS	223
ÍNDICE DE OBRAS	225

Foto da portada de Antonio Seijas
para o libro *A casa dos Lucarios* de Teresa Moure

Depósito legal: VG 332-2008
Impreso en Artes Gráficas Diumaró
Camiño da Feira, 8 (Bembrive)
36313 Vigo

